

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19**

### **SESION ORDINARIA DO 27 DE SETEMBRO DE 2010**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Abelairas Rodríguez, Isaura  
Caballero Alvarez, Abel Ramón  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Díaz Vázquez, Raquel  
Lago Rey, María Jesús  
López Atrio, Laura  
López Font, Carlos  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
López Carreira, Xesús  
Méndez Piñeiro, María  
Velo Ríos, Iolanda

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Beiro Diz, Pablo José  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Conde Gil, Jorge  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Larriba Leira, Elvira  
López-Chaves Castro, Ignacio  
Martiño Gómez, Antonio  
Muñoz Posse, Carlota  
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinte e sete de setembro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velo Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D<sup>a</sup> María Concepción Campos

Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello convocado por orde do día do 27 de setembro. Constátase quórum. Ábrese sesión pública. Este Pleno desenvolverase xa de acordo co novo Regulamento aprobado por este Pleno. Pola Secretaría Xeral do Concello enviouse circular cun resume desas normas para os efectos do coñecemento rápido das señoras e señores concelleiros. A orde do día xa aparece estruturada

1.- (189).- ACTAS ANTERIORES (SESIÓNS EXT. URX. DO 9/22.06.10 E EXT. 28.06.10)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes ás sesións extraordinarias e urxentes do 9 e do 22 de xuño e extraordinaria do 28 de xuño de 2010.

## **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non se formularon.

## **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

3.1.- (190).- PROXECTO MODIFICADO DO TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA

MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE APARCADOIRO NA VÍA PÚBLICA, MEDIANTE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE TICKETS. EXPTE. 78739/210.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de setembro, a xefa do Servizo de Seguridade, coa conformidade do xefe da Área, informa do que segue:

“O Pleno do Concello de Vigo, na sesión realizada o 28 de marzo de 1996, aprobaba o Texto refundido da ordenanza municipal reguladora do servizo de aparcamento na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo. Transcorridos máis de 14 anos trala aprobación do mesmo, logo dunha modificación realizada na sesión plenaria do 3 de xullo de 1997, cómpre modificar a ordenanza no sentido de adaptala á lexislación vixente e posibilitala creación de dúas novas tarifas postpagadas, segundo a instrución do concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade do 18.08.2010.

Cómpre destacar entre os aspectos modificados do articulado os seguintes:

- No que respecta ao artigo 2 do TROXER, por mor das obras de humanización e peatonalizacións realizadas, consecuencia da perda de prazas de estacionamento XER, modifícase o ámbito territorial de aplicación da Zona XER no sentido de suprimir rúas suxeitas a dito ámbito. En consecuencia, reestrutúranse os sectores delimitados e suprímese o sector número 3.
- No que respecta ao artigo 5 do TROXER, considerando que o tempo máximo en que un vehículo pode permanecer estacionado en Zona XER nunha mesma vía durante o horario de funcionamento do servizo é de dúas horas, establécese en que intre poderá volver a estacionar nesa mesma rúa.
- No que respecta ao artigo 6 do TROXER, permítese que poidan obter para os seus vehículos acreditación de vehículo residente zona XER, as persoas físicas que a soliciten e teñan o seu domicilio, segundo o padrón municipal de habitantes, dentro do ámbito territorial de aplicación da XER, con vehículo en réxime de arrendamento financeiro (leasing ou renting) ou resultando usuario de vehículo de empresa, coa que mantén relación laboral contractual.
- No que respecta ao artigo 8 do TROXER, tipifícanse como infraccións leves, sancionables con multa de ata 100 €, as seguintes condutas: Non utilizar debidamente os distintivos de aparcamento para residentes contemplados na presente ordenanza, utilizar o distintivo de aparcamento de residente unha vez transferida a propiedade do vehículo para o que se outorgou, utilizar unha autorización de aparcamento manipulada, non válida ou falsificada ou calquera outro uso fraudulento dos distintivos de aparcamento así como colocar na parte interna do parabrisas dianteiro do vehículo unha morea de tickets coa finalidade de inducir a confusión ao persoal denunciante. Asemade, regúlense os supostos de retirada do vehículo da vía pública co guindastre municipal considerando as modificacións introducidas pola Lei 18/2009, do 23 de novembro.

- No que respecta ao artigo 9 do TROXER, introdúcense dous novos supostos de anulación de denuncias:

- a) Estacionar nunha Zona XER, durante o horario de funcionamento do servizo, carecendo de ticket: Esta denuncia poderá ser anulada durante un período máximo de unha hora á súa formulación co pagamento dunha tarifa de 7 € ou aquela tarifa que se indique na ordenanza fiscal municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais .
- b) Permanecer estacionado nunha mesma vía en Zona XER, durante o horario de funcionamento do servizo, por tempo superior a dúas horas: Esta denuncia poderá ser anulada durante un período máximo dunha hora á súa formulación co pagamento dunha tarifa de 5 € ou aquela tarifa que se indique na ordenanza fiscal municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.

- No que respecta ao artigo 10 do TROXER, establécese que as tarifas das taxas a aboar polos usuarios son as previstas na ordenanza fiscal municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.

De conformidade co disposto nos arts. 4.1.a) e 25.2.b) da LRBRL 7/1985, do 2 de abril, arts. 6.1.a) e 80.2.b) da LALGA 5/1997, así como en virtude das facultades que confire aos Concellos o art. 38.4 da LSV 339/1990, modifícase a texto refundido da ordenanza municipal reguladora do servizo de aparcamento na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo, aprobado por acordo plenario do 28 de marzo de 1996.

Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d).

De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL, seguirase o seguinte procedemento para a modificación da ordenanza: Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Asemade, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”

Visto o anterior, a xefa do Servizo de Seguridade emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 13 de setembro de 2010, prestou a súa

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

aprobación ao proxecto de modificación proposto.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Lémbrolles que os tempos son de cinco minutos nas intervencións iniciais e tres minutos na réplica do Goberno.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Preséntase neste punto da orde do día unha modificación da ordenanza reguladora das prazas coñecidas popularmente como XER ou ORA.

Para a presentación quero comezar facendo referencia a que este goberno municipal, este concelleiro, decatouse no ano 2008 dunha cousa que era unha tremenda inxustiza para os cidadáns cumpridores das normas: que non se cobraba nin sequera o 1% das multas por infraccións cometidas na zona XER. Evidentemente isto motivounos para facer algo crucial, tratar de asegurar que para o que están pensadas funcionara, que en efecto as zonas XER serviran para repartir o escaso espazo público de aparcadoiro que existe no centro da cidade, como tal ben público escaso, dun xeito eficiente e facilitando a rotación para que o comercio, as pequenas actividades e os cidadáns tiveran prazas de aparcadoiro. A realidade era que non sucedía así porque como non se cobraban as multas, había unha tremenda inxustiza porque o cidadán pagador pagaba e a quen non pagaba non lle importaba en absoluto e por iso era imposible atopar unha soa praza baleira.

A modificación partiu de que a denuncia voluntaria dos controladores tivese validez e iso permitiu que o cambio da XER sexa enormemente positivo. Hoxe funciona, hoxe conséguese que haxa prazas baleiras na zona XER que é o obxectivo fundamental, tense asegurada a rotación e así é un servizo que cumpre para o que está pensado.

A partir de aí empezou haber multas por infraccións cometidas por mal estacionamento na XER e isto levounos á crítica, absolutamente errónea na miña opinión, da nosa preocupación recadadora. É absolutamente falso porque o obxectivo é conseguir un bo servizo. Xa houbo medidas como foi no seu momento facilitar, cunha interpretación moito máis favorable ó cidadán pero sen

incorrer en prevaricación, que puidésemos devolver as multas, as achegas de 301 euros por non identificación do condutor naqueles casos nos que evidentemente se podía facer. Iso fíxose para dar facilidades ós cidadáns polo seu bo comportamento. Pero neste caso nos preocupaba enormemente que non se vira este servizo como algo que servira para recadar e de aí ven a principal proposta que se trae hoxe para modificación.

Ata agora era posible anular unha infracción dentro da hora seguinte á que se puxera esa infracción cun pagamento de 2,30 euros para aqueles cidadáns que estiveran máis tempo do marcado no ticket, pero o que non se podía facer era anular a multa a aqueles cidadáns que estiveran máis e dúas horas ou que non tiveran ticket.

A modificación fundamental que presentamos nesta ordenanza é precisamente esa, que sempre que sexa dentro dunha hora despois da colocación por parte do controlador do correspondente aviso de multa, se poida anular no momento pagando 5 euros no caso de estar máis das dúas horas permitidas pola ordenanza ou 7 euros no caso de estacionamento sen ticket. Deste xeito facilitámoslles ós cidadáns o pagamento dunha taxa, porque así se contén na propia ordenanza de taxas, e evitamos que se pense que hai unha motivación de interese recadador. O que queremos é xusto o contrario, facilitar as cousas para que siga funcionando este servizo e unha vez conseguido, a nosa preocupación porque haxa máis ou menos ingresos deste tipo é absolutamente secundaria porque o importante é o servizo público que é o que tentamos asegurar con esta modificación.

Dicimos isto malia que as multas XER en Vigo son as máis baratas de toda Galicia como poderei posiblemente explicar no tempo que me quede logo.

SR. COELLO BUFILL: Esta ordenanza é absurda é innecesaria por canto ven modificar algo que funciona de xeito razoable e sobre o que non hai un clamor ou sensibilidade para introducir modificacións no funcionamento da ordenanza actualmente vixente. Hai outro tipo de preocupacións coma o desemprego, a subida próxima da luz, a conxelación das pensións..., iso é o que lle importa á xente.

Destrúe emprego e elimina prazas de aparcadoiros para residentes porque suprime rúas e zonas enteiras de estacionamento regulado sen reposición do servizo noutras zonas, o que representa a desaparición de 1.300 prazas a vixiar e consecuentemente a perda de emprego dos respectivos controladores. Rompe o equilibrio económico do servizo por canto conculca de forma firme as condicións de control coa empresa xestora do servizo cun excedente de persoal e de máquinas expendedoras polo que a Alcaldía se verá obrigada a compensar quizais con diñeiro dos vigueses e viguesas. Empeora as condicións do tráfico por canto obriga a peregrinar ós condutores de rúa en rúa cos seus vehículos cada dúas horas ó prohibiren sen ningunha lóxica e sen ningunha xustificación aparente o aparcadoiro na mesma rúa, prexudicando seriamente o tráfico no contorno dalgunhas rúas e reducindo sensiblemente a oferta de prazas de estacionamento nas rúas reguladas condicionando a relación das mesmas.

Sr. Calviño, pregúntelle vostede por exemplo a varios xornalistas que están aquí da Cadena Ser, de Localia ou de Televisión Española que non poden aparcar na rúa Venezuela, deixan o ticket durante dúas horas e a seguir, logo de facer unha xestión, queren aparcar na zona do Corte Inglés. Pois iso está expresamente prohibido na norma. En segundo lugar, nin este traballador de Localia ou da Cadena Ser podería aparcar na rúa Areal porque alí está expresamente prohibido aparcar.

Rompe o funcionamento do servizo ó permitiren que quen non cumpra coa norma de colocar un ticket se salve con sete euros anulando a denuncia, caso de seren denunciado, e permitiren que permaneza aínda unha hora máis. Fronte a isto ó condutor cumpridor obrígaselle a desprazarse cara outra rúa unha vez rematado o seu tempo co conseguinte trato discriminatorio porque este como máximo poderá permanecer dúas horas no mesmo lugar.

É inxusta e ten un afán recadador inmediato polas mesmas argumentacións que expuxen. Desaparece o efecto corrector cívico e de respecto ás normas que se deriva dunha posible sanción e induce ó incumprimento e á indisciplina xeneralizados cun baixo custe.

É así como se compensa a perda masiva de prazas de aparcadoiro? Eu non o sei, pero hai máis lea de contabilidade para a empresa e unha posibilidade de se

escorregar da posible sanción. Pregúntolle ó Sr. Alcalde de Vigo que canto se espera recadar, segundo dixo o Sr. Calviño, en anulacións de denuncias de 7 e 5 euros, respectivamente?

É unha medida ilegal e inxusta por canto contempla o suposto de inmovilización do vehículo que foi expresamente derogado e non existe na nova Lei de tráfico en vigor dende o mes de maio deste ano. Ademais prevé a actuación do guindastre sobre o vehículo cumpridor que exceda o seu tempo de ticket.

Representa un paso atrás. Eu diríalle o concelleiro de Mobilidade que volvan pensar esta modificación, que a estuden, que non cambien o que está funcionando razoablemente ben e que en todo caso fagan algo lóxico, xusto, que non destrúa o que se fixo anteriormente que é útil para os vigueses e viguesas, en igualdade de condicións para todos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Asómbrome logo da súa intervención. Resulta que o que realmente modifica esta ordenanza é algo claramente beneficioso para os cidadáns: que en troques de pagar 30 ou 45 euros por unha sanción, poidan anular a posible infracción con 5 e 7 euros, respectivamente. Este é o obxectivo fundamental desta ordenanza, sinxelamente facilitarlles as cousas ós cidadáns poñendo obviamente un pequeno recargo porque sería o colmo que se cometera unha infracción e non houbera ese pequeno recargo.

Asegúrolle que estou absolutamente asombrado porque todo o demais que dixo estaba na antiga ordenanza que vostede aplicou durante moitos anos e non poñía as multas, non existían, non facía cumprir absolutamente nada desa ordenanza malia que segundo vostede o obxectivo fundamental do goberno anterior no tema de Mobilidade era o cumprimento das normas. Obxectivo fundamental que xa se veu porque hoxe vostede e máis a daquela alcaldesa, Sra. Porro, estarían encausados polo Fiscal de Seguridade Vial por non aplicar a lei por puntos como defenderon dun xeito fachendoso nesta mesma sala de Plenos, por non cumprir a lei e como non a cumprían vostedes absolutamente felices.

Asómbrame porque di que quitamos prazas de aparcadoiro. Que prazas de aparcadoiro? Non sei se vostede se fixou no cambio porque o único sector que desaparece con esta ordenanza é o Sector de rúas Tres e iso porque foron as



únicas rúas que vostedes humanizaron nesta cidade, desas rúas desapareceron absolutamente as prazas de aparcadoiro e por iso desapareceu a XER. Por iso á hora de actualizar esta ordenanza desaparece este sector porque nas rúas Uruguai, Gravina, Cervantes e Alfonso XIII si desapareceron as prazas de aparcadoiro porque era o que facían vostedes cando facían humanizacións. Nós facemos absolutamente o contrario.

Esta modificación facémola malia que as multas de Vigo son as máis baratas de toda Galicia, porque en Pontevedra pagan 100 euros polas multas da ORA e en Santiago e na Coruña pagan 60 e 90 euros, respectivamente. Este é o noso enorme afán recadador do que falan cando nós o que queremos é seren positivos.

En canto ó tema do guindastre despíxame porque na ordenanza anterior estaba xa, pero estaba peor do que está agora.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

**ACÓRDASE:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do texto refundido da ordenanza municipal reguladora do servizo de aparcamento na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo (exp. 78739/210/2010), co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente

aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza modificada no BOP, entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación.

A ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE APARCAMENTO NA VÍA PÚBLICA, MEDIANTE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE TICKETS NA CIDADE DE VIGO

**ARTIGO 1.**

Establécese a ordenanza reguladora do servizo de aparcamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas vías públicas da cidade.

**ARTIGO 2.**

O ámbito de aplicación da ordenanza corresponde ás seguintes rúas:

Alfonso X el Sabio, Álvaro Cunqueiro, Areal, Arzobispo Xelmírez, Barcelona, Bolivia, Brasil, Camélias, Canceleiro, Cánovas del Castillo, Caracas, Carral, Cuba, Ecuador, Fisterra, García Olloqui, Girona, Gran Vía, Hispanidade, Honduras, Illas Baleares, Illas Canarias, Xoaquín Lóriga, Lepanto, López de Neira, Luis Taboada, María Auxiliadora, Marqués de Valladares, México, Nicaragua, O Pilar, Oporto, Otero Pedrayo, Padre Feixoo, Padre Don Rúa, Panamá, Paraguai, Pintor Laxeiro, Pintor Lugo, Pintor Colmeiro, Pracer, Pontevedra, Praza de Santa Rita, Praza de Compostela, Progreso, Porto Rico, Ramón y Cajal, Reconquista, Regueiro, República Arxentina, Ronda de Don Bosco, Rosalía de Castro, Salamanca, Serafín Avendaño, Sevilla, Simón Bolívar, Taboada Leal, Tarragona, Valencia, Valle Inclán, Vázquez Varela, Velázquez Moreno, Venezuela, Zamora e Zaragoza.

A totalidade das rúas agrúpanse nos seguintes sectores:

**SECTOR 1**

Formado polas rúas: Cánovas del Castillo, Carral, García Olloqui, Luis Taboada, Marqués de Valladares, Praza de Compostela, Reconquista, Velázquez Moreno (do nº 1 ao 13 e do 2 ao 18).

**SECTOR 2**

Formado polas rúas: Rosalía de Castro, Areal, Pontevedra, Canceleiro, Oporto, República Arxentina (do nº 1 ao 21 e do 2 ao 14), Serafín Avendaño (do nº 1 ao 15 e do nº 2 ao 14).

**SECTOR 4**

Formado polas rúas: Vázquez Varela, México, Cuba, Brasil, Paraguai, Ecuador (do nº 65 e 74 ao final da rúa), Venezuela (do nº 51 e 50 ao final da rúa), Bolivia (do nº 19 e 20 ao final da rúa), Nicaragua (do nº 37 e 44 ao final da rúa), Praza de Santa Rita, Puerto Rico, Gran Vía (do nº 1 ao 61 soamente impares), Padre Feixoo e Honduras (do nº 5 e 6 ao final da rúa).

**SECTOR 5**

Formado polas rúas: Progreso, Paseo de Granada, Placer, Ronda de Don Bosco, María Auxiliadora, Joaquín Loriga (do nº 1 ao 21 e do nº 2 ao 14), Ecuador (do nº 1 ao 25 e do nº 2 ao 26), Venezuela (do 1 ao 21 e do nº 2 ao 18), Finisterre, El Pilar, López de Neira, Taboada Leal.

#### SECTOR 6

Formado polas rúas: Venezuela (do nº 23 ao 49 e do nº 20 ao 48), Simón Bolívar, Arzobispo Xelmírez, Ecuador (do nº 27 ao 63 e do 28 ao 72), Panamá, Joaquín Loriga (do nº 23 e 16 ao final da rúa), Gran Vía (do nº 2 ao 58 soamente números pares), Padre Don rúa, Bolivia (do nº 1 ao 17 e do nº 2 ao 18), Caracas, Nicaragua (do nº 9 ao 35 e do nº 4 ao 42), Honduras (do nº 1 ao 3 e do nº 2 ao 4).

#### SECTOR 7

Formado polas rúas: Zamora, Barcelona, Zaragoza, Pintor Colmeiro, Camelias (do nº 1 ao 123 soamente números impares), Álvaro Cunqueiro (do nº 1 ao 19 e do 2 ao 26), Salamanca, Regueiro (do nº 1 ao final da rúa soamente números impares) e Tarragona.

#### SECTOR 8

Formado polas rúas: Gerona, Pintor Laxeiro, Álvaro Cunqueiro (do nº 21 e 28 ao final da rúa), Alfonso X el Sabio, Otero Pedrayo, Pintor Lugo, López Mora, Camelias (do nº 118 ao final da rúa soamente números pares) e Regueiro (do nº 2 ao final da rúa soamente números pares).

Habilitaranse en todos os sectores as correspondentes prazas reservadas para minusválidos que posúan tarxeta de discapacitado. Esta tarxeta permite á persoa discapacitada ou, se non conduce, ao condutor que a acompañe, estacionar nas prazas reservadas para tal fin. É obrigatorio colocar a tarxeta nun lugar ben visible do parabrisas dianteiro do vehículo.

Exclúense os espazos reservados para entradas de vehículos autorizadas, carga e descarga durante as horas establecidas, estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público urbano, servizos de urxencias, pasos peonís, así como aquelas prazas habilitadas especificamente para o estacionamento de motocicletas e ciclomotores e as denominadas illas de reciclaxe e espazos delimitados para contedores.

Por razóns de seguridade, obras ou interese público, a Alcaldía poderá modificar a zona de estacionamento, as rúas de instalación, así como o horario de funcionamento do servizo.

### **ARTIGO 3.**

A zona de estacionamento limitado estará sinalizada verticalmente en todas as rúas de acceso co sinal R-309 e no seu final co sinal R-504. Sinalizaranse horizontalmente, con liña descontinua de cor azul, todos os espazos destinados ao estacionamento na devandita zona.

### **ARTIGO 4.**

O servizo XER funcionará de luns a venres, agás festivos, co seguinte horario: Pola mañá de 9.00 horas a 14:00 horas e pola tarde de 16:00 horas a 20:00 horas. Por

acordo plenario poderá modificarse ou ampliarse o devandito horario.

#### **ARTIGO 5.**

O tempo máximo en que un vehículo pode permanecer estacionado en Zona XER nunha mesma vía durante o horario de funcionamento do servizo é de dúas horas. Non poderá volver a estacionar na mesma vía durante o horario de funcionamento do servizo: se as dúas horas de estacionamento tiveron lugar entre as 9:00 horas e as 14:00 horas ata as 16:00 horas do mesmo día; e se as dúas horas de estacionamento tiveron lugar entre as 16:00 horas e as 20:00 horas ata as 09:00 horas do día seguinte.

Exceptúanse os residentes que poden estacionar o seu vehículo sen límite de tempo no sector correspondente á rúa do seu domicilio.

Por acordo plenario poderá modificarse o tempo máximo de estacionamento para a totalidade da Zona XER ou parte dela.

#### **ARTIGO 6.**

Poderán obter para os seus vehículos acreditación de vehículo residente, as persoas físicas que a soliciten e teñan o seu domicilio, segundo o padrón municipal de habitantes, dentro do ámbito territorial de aplicación da XER. Establécense tres tipos de residentes en función do xeito de tenencia do vehículo:

- a) Residente con vehículo en propiedade.
- b) Residente con vehículo en réxime de arrendamento financeiro (leasing ou renting).
- c) Residente usuario de vehículo de empresa, coa que mantén relación laboral contractual.

- a) Residente con vehículo en propiedade:

O residente con vehículo en propiedade, para obter autorización municipal, deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

- a.1. Certificado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen a Zona XER.
- a.2. Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.
- a.3. Copia compulsada do permiso de condución do interesado e máis do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita autorización. O nome e domicilio do titular do vehículo, que conste no permiso de circulación do vehículo, deberá coincidir co que figure no certificado de empadramento.
- a.4. Copia compulsada da tarxeta de inspección técnica do vehículo e máis do recibo do pagamento do seguro de subscripción obrigatoria (SOA) que acredite a súa vixencia.
- a.5.- Documento que acredite que o vehículo está dado de alta no padrón do imposto municipal de vehículos de tracción mecánica do Concello de Vigo e ao corrente do seu pagamento.

- b) Residente en réxime de arrendamento financeiro (leasing ou renting):

O residente con vehículo en réxime de arrendamento financeiro, para obter autorización municipal, non pode dispoñer de vehículo en propiedade e deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

- b.1. Certificado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen a Zona XER.
- b.2. Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.
- b.3. Copia compulsada do permiso ou licenza de condución do interesado.
- b.4. Copia compulsada do contrato de leasing ou renting.
- b.5. Copia compulsada da póliza do seguro do vehículo debendo constar o interesado como condutor habitual e máis xustificante do pagamento da prima do período do seguro en curso.

c) Residente usuario de vehículo de empresa, coa que mantén relación laboral contractual:

O residente que dispoña dun vehículo cedido pola súa empresa, para obter autorización municipal para ese vehículo, non pode dispoñer de vehículo en propiedade e deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

- c.1. Certificado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen a Zona XER.
- c.2. Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.
- c.3. Copia compulsada do permiso ou licenza de condución do interesado.
- c.4. Documento estendido pola empresa no que se acredite que o solicitante é o único e exclusivo usuario do vehículo, que está autorizado para dispoñer do mesmo fora da súa xornada laboral e que o uso do vehículo tributa como retribución en especie a efectos da declaración da renda das persoas físicas.
- c.5. Copia compulsada da póliza do seguro do vehículo debendo constar o interesado como condutor habitual e mais xustificante do pagamento da prima do período do seguro en curso.

## **ARTIGO 6 BIS.**

Habilítase o mes de xaneiro para presentación de solicitudes, tanto para novos pedimentos como para renovacións. Con carácter excepcional, poderanse presentar durante os cinco primeiros días hábiles de cada mes novos pedimentos, pedimentos de cambios de sector ou renovacións.

Unha vez estimada a solicitude presentada entregárase o correspondente distintivo. A autorización correspondente ao ano en curso deberá colocarse na parte superior do parabrisas dianteiro do vehículo quedando totalmente visible o seu fronte desde o exterior para a súa comprobación.

Non terá a condición de residente se estaciona o seu vehículo fóra da zona asignada ao mesmo no distintivo, debendo neste caso aboar a tarifa xeral coa limitación de tempo

establecido.

## **ARTIGO 7.**

O control do tempo de estacionamento efectuarase sobre comprobante horario e o seu pagamento acreditarase por medio do correspondente ticket que se obtén nas máquinas expendedoras coa introdución de moedas ou tarxeta magnética.

O ticket indicará o número de expendedor onde se obtén o mesmo, o importe aboado, a hora á que se obtén o mesmo e maila data e a hora de fin do estacionamento.

O condutor estará obrigado a colocar o ticket na parte interna do parabrisas dianteiro do vehículo quedando totalmente visible o seu fronte desde o exterior para a súa comprobación. No suposto de non colocar o ticket do xeito indicado, resultando imposible a súa lectura e comprobación desde o exterior do vehículo, terase por non colocado sendo denunciado de acordo co previsto no artigo 8.a) desta ordenanza.

## **ARTIGO 8.**

Constitúen infraccións a esta ordenanza e serán consideradas como estacionamento de vehículo en lugar prohibido de conformidade co disposto nos artigos 39.2 e 65.3 do texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial 339/1990:

- a) Estacionar nunha zona XER, durante o horario de funcionamento do servizo, carecendo de ticket.
- b) Estacionar superando o horario autorizado no ticket de aparcamento.
- c) Permanecer estacionado nunha mesma vía en zona XER, durante o horario de funcionamento do servizo, por tempo superior a dúas horas.

A infracción definida no apartado a) sancionarase con multa de 45 € e as definidas nos apartados b) e c) con multa de 30 €.

Asemade, constitúen infraccións a esta ordenanza, de carácter leve, sancionables con multa de ata 100 € podendo implicar, no seu caso, ademais do expediente sancionador correspondente, a retirada do distintivo de aparcamento de residente:

- Non utilizar debidamente os distintivos de aparcamento para residentes contemplados na presente ordenanza.
- Utilizar o distintivo de aparcamento de residente unha vez transferida a propiedade do vehículo para o que se outorgou.
- Utilizar unha autorización de aparcamento manipulada, non válida ou falsificada ou calquera outro uso fraudulento dos distintivos e tickets de aparcamento.
- Colocar na parte interna do parabrisas dianteiro do vehículo unha morea de tickets coa finalidade de inducir a confusión ao persoal denunciante.

Poderá procederse á retirada do vehículo da vía pública co guindastre municipal cando o vehículo careza de ticket ou cando rebase o triplo do tempo aboado. Asemade, ao abeiro do previsto no artigo 7.c) da LSV, nestes dous supostos tamén poderá procederse á inmovilización do vehículo ata que se logre a identificación do seu condutor.

## **ARTIGO 9.**

Poderán ser anuladas as seguintes denuncias do xeito indicado neste artigo:

a) Estacionar nunha Zona XER, durante o horario de funcionamento do servizo, carecendo de ticket: Esta denuncia poderá ser anulada durante un período máximo dunha hora á súa formulación co pagamento dunha tarifa de 7 € ou aquela tarifa que se indique na ordenanza fiscal municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.

b) Estacionar superando o horario autorizado no ticket de aparcamento: Esta denuncia poderá ser anulada se a duración do aparcamento excedese da sinalada no ticket nun máximo dunha hora co pagamento dunha tarifa postpagada de 2,30 € ou aquela tarifa que se indique na ordenanza fiscal municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais .

c) Permanecer estacionado nunha mesma vía en Zona XER, durante o horario de funcionamento do servizo, por tempo superior a dúas horas: Esta denuncia poderá ser anulada durante un período máximo dunha hora á súa formulación co pagamento dunha tarifa de 5 € ou aquela tarifa que se indique na ordenanza fiscal municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.

Para proceder á anulación das denuncias formuladas nos supostos indicados, o usuario obterá o ticket correspondente, que xunto co primeiro nos casos b) e c), serán introducidos na caixa situada ao pé de cada expendedor ou entregados ao persoal vixilante controlador do servizo da XER para que anule a denuncia formulada.

## **ARTIGO 10.**

O estacionamento de vehículos de tracción mecánica, en horario de 9h. a 14h., e de 16h. a 20h., de luns a venres agás festivos, nas vías do municipio incluídas no ámbito de aplicación da "Ordenanza municipal reguladora do servizo de aparcamento de vehículos na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo" devengará a obriga do pagamento da taxa nas tarifas establecidas na ordenanza fiscal municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.

## **DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.**

Queda expresamente derogada a disposición adicional do texto refundido da ordenanza municipal reguladora do servizo de aparcamento na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo publicado no BOP nº 79, do 23.04.1996, e aprobado na sesión plenaria realizada o 28.03.1996.

## **DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.**

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ao desta

ordenanza que afecten ás materias regulamentadas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da ordenanza.

## **DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.**

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a modificación da ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

3.2.- (191).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 92/2010 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO) POR APLICACIÓN DO RD. LEI 8/2010 DO 20 DE MAIO. EXPTE. 101670/140.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de setembro de 2010, o alcalde-presidente ditou a seguinte resolución:

“En execución dos acordos adoptados polo Pleno da Corporación en sesión do 9 e 22 de xuño de 2010 en relación coa aplicación do RD-Lei 8/2010 do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, no que afecta a redución das retribucións do persoal, solicitouse que pola unidade de persoal se calculase a minoración en cada unha das aplicacións presupostarias nas contías e porcentaxes que establece o RD-lei e aprobadas polo Pleno da Corporación na sesión realizada o 9 de xuño de 2010.

En canto á aplicación dos aforros, o Pleno da Corporación en sesión do 9 de xuño, xa aprobou a finalidade dos recursos que se aforran por aplicación do RD-lei 8/2010 pero, tendo en conta a solicitude feita pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, reproduciuse en canto á afectación no PEF o acordo do Pleno do 9 de xuño na sesión realizada o 22 de xuño .

A Entidade mantén un saldo vivo de endebedamento a longo prazo a 31 de decembro de 2009 de 43.814.299,51 euros, que representa o 19,09 por 100 dos ingresos correntes liquidados dos estados consolidados, polo tanto, os recursos afectados son de aplicación a diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.

O aumento na variación de pasivos financeiros aplicando os aforros do capítulo I do estado de gastos e por unha contía de 1.294.365,54 euros, lixeiramente superior cos 1.262.651,58 euros previstos inicialmente, sendo a contía total correspondente á amortización de pasivos para o ano 2010 de 10.792.837,65 euros en substitución dos 9.286.682,59 euros previstos nos presupostos aprobados para o ano 2010, dos que 1.294.365,54 euros fináncianse con baixas no capítulo I da Entidade Local e 211.789,52 euros coas baixas dos organismos autónomos administrativos.



En canto á aplicación na redución da débeda, esta farase sobre aquela operación que estea a resultar cun custe maior para a Entidade, que a esta data, a que ten un diferencial maior e a concertada con Caixanova no ano 2009.

Tendo en conta que existe crédito na aplicación, en cumprimento do regulamentado no artigo 177 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a modificación que se tramita é un suplemento de crédito, incoando polo tanto o expediente de modificación dos presupostos por suplemento de crédito de acordo as aplicacións e orixes seguintes:

Aplicación de Fondos, está conformada por unha única aplicación.

Aplicación	Préstamo	Importe a suplem.
0110.9130000	Operación con Caixanova investimentos 2009	1.294.365,54
Total		1.294.365,54

Orixe de fondos, aforros do capítulo I da Entidade Local. Os aforros correspondentes aos organismos autónomos administrativos, son obxecto de tramitación por cada un deles da preceptiva modificación presupostaria, que con posterioridade serán aplicadas á aplicación 0110.9130000 pola tramitación dunha xeración de créditos, conformando xunto co suplemento de crédito que se esta a tramitar a amortización extraordinaria de débeda en execución dos acordos adoptados e do RD-Lei 8/2010 de 20 de maio por unha contía de 1.506.155,06 euros.

A cuantificación e as aplicacións que son obxecto de redución relaciónanse no ANEXO I, que forma parte inseparable deste expediente, cuxo resume e o seguinte:

Concepto retributivo	Importe
Órganos de Goberno	109.807,69
Persoal eventual	37.866,36
Retribucións básicas	302.997,79
Complemento de destino	209.338,96
Complemento específico	411.015,52
Laboral fixo	124.242,21
Laboral temporal	54.511,23
Antigüidade	44.585,78
Total	1.294.365,54

En aplicación da cláusula sétima do contrato asinado, deberase comunicar a amortización anticipada cunha antelación mínima dun mes á data que se pretende facer a devolución extraordinaria do préstamo, debendo coincidir coa finalización dun período de xuros. Polo que aos efectos de liquidación de períodos enteiros, a amortización farase a data 31 de decembro.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

Tendo en conta o anterior, o novo plan de amortización da operación para os seguintes anos, será a débeda consolidada menos a amortización ordinaria do ano 2010 menos a amortización extraordinaria entre as nove anualidades que restan. (7.704.760,35-770.476,04 -1.506.155,06)/9.”

Con data 10 de setembro a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Na mesma data do 10 de setembro o interventor xeral accidental informa favorablemente a presente modificación.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditamina favorablemente.

A PRESIDENCIA: Para os puntos de Xestión Municipal agruparemos a efectos de debate e votaremos en bloque pero separadamente os puntos 3.2, 3.3, 3.4, 3.5 e 3.35 porque os cinco están relacionados coa aplicación do Decreto lei 8/2010, do 20 de maio. Polo tanto ó seren un tema conxunto procederemos á súa consideración conxunta.

SR. LÓPEZ FONT: Estes cinco puntos tratan da modificación orzamentaria automática que corresponde á aplicación do Real decreto 8/2010, do 20 de maio polo que se adoptaron unha serie de medidas extraordinarias en relación coa redución do déficit público. Nestas modificacións orzamentarias o que se fai, en base ós acordos adoptados neste Pleno, é o cálculo dunha minoración dos salarios en base a este Real decreto e ó establecido na Lei reguladora das bases do réxime local.

Corresponde a este Pleno adoptar o acordo de aprobar a modificación orzamentaria. Establécese a orixe dos fondos, a súa concreción en canto de onde se detraeron os salarios e, de acordo coa aplicación deste Real decreto, o que se establece é tramitar a amortización extraordinaria da débeda en execución polo devandito importe. Establécese a aplicación na redución de débeda na operación que ten un maior custe para o Concello e polo tanto se tramitan conxuntamente estas cinco modificacións e insisto en que en aplicación estrita do establecido no Real decreto lei 8/2010.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 92/2010 por un importe de 1.294.365,54 euros, coas aplicacións e orixes que figuran na resolución da Alcaldía-Presidencia do 6 de setembro que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, as aplicacións que son obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

Aplicación:	0110.9130000
Préstamo:	Operación con Caixanova investimentos 2009
Importe a suplementar:	1.294.365,54
Total:	1.294.365,54

Terceiro.- Orixe de fondos, os aforros do capítulo I da Entidade Local. Os aforros correspondentes aos organismos autónomos administrativos, son obxecto de tramitación por cada un deles da preceptiva modificación presupostaria, que con posterioridade serán aplicadas á aplicación 0110.9130000 pola tramitación dunha xeración de créditos, conformando xunto co suplemento de crédito que se está a tramitar a amortización extraordinaria de débeda en execución dos acordos adoptados e do RD-Lei 8/2010 do 20 de maio por unha contía de 1.506.155,06 euros, dos que 1.294.365,54 euros fináncianse con baixas no capítulo I da Entidade Local e 211.789,52 euros cas baixas dos organismos autónomos administrativos

Cuarto.- A cuantificación e as aplicacións que son obxecto de redución relaciónanse no anexo I, que forma parte inseparable deste expediente, debidamente dilixenciado por esta Secretaría Xeral do Pleno, cuxo resume é o seguinte:

CONCEPTO RETRIBUTIVO	IMPORTE:
Órganos de Goberno	109.807,69
Persoal eventual	37.866,36
Retribucións básicas	302.997,79

Complemento de destino	209.338,96
Complemento específico	411.015,52
Laboral fixo	124.242,21
Laboral temporal	54.511,23
Antigüidade	44.585,78
Total:	1.294.365,54

Quinto.- En canto á aplicación na redución da débeda, esta farase sobre aquela operación que estea a resultar cun custe maior para a entidade, que a esta data a que ten un diferencial maior é a concertada con Caixanova no ano 2009.

Sexto.- En aplicación da cláusula SÉTIMA do contrato asinado en relación coa operación de préstamo, deberase comunicar a amortización anticipada cunha antelación mínima dun mes á data que se pretende facer a devolución extraordinaria do préstamo, debendo coincidir coa finalización dun período de xuros. Polo que aos efectos de liquidación de períodos enteiros, a amortización farase á data 31 de decembro.

Sétimo.- Tendo en conta o anterior, o novo plan de amortización da operación para os seguintes anos será a débeda consolidada menos a amortización ordinaria do ano 2010, menos a amortización extraordinaria entre as nove anualidades que restan.  $(7.704.760,35 - 770.476,04 - 1.506.155,06)/9$ , todo isto sen prexuízo dos axustes que se realicen pola amortización extraordinaria que se faga no ano 2011 en aplicación do RD-Lei 8/2010.

Oitavo.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Noveno.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Décimo.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

3.3.- (192).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 3/2010, CRÉDITO EXTRAORDINARIO (ESCOLA DE ARTES). EXPTE. 282/13

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 2 de setembro a presidenta-delegada da Escola Municipal de Artes e Oficios resolveu a incoación dun expediente de modificación de crédito, crédito extraordinario, a fin de dar cumprimento ó acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión do 22 de xuño de 2010, en relación coa aplicación do RD. Lei 8/2010, do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

En cumprimento do anterior, con data 3 de setembro o xefe do Servizo de Educación emite a proposta que se contén nos apartados primeiro e segundo da parte dispositiva deste acordo.

O administrador da Escola Municipal de Artes e Oficios e máis o interventor xeral do Concello e máis do organismo autónomo, con datas 3 e 7 de setembro, respectivamente, informan favorablemente.

A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, en sesión do 14 de setembro, presta a súa aprobación á devandita proposta de modificación.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditamina favorablemente.

*Para os puntos 3.2, 3.3, 3.4, 3.5 e 3.35, o Sr. López Font realiza unha única intervención que se atopa transcrita no punto 3.2 desta acta.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 03/2010 por un importe de

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

21.022,26 euros co desglose e aplicacións que figuran na resolución da presidenta da Escola Municipal de Artes e Oficios do 2 de setembro de 2010 e que se reproduce:

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE REDUCCIÓN</u>
3241.1100000	Retribucións básicas director eventual	903,43
3241.1100100	Retribucións CD director eventual	350,48
3241.1100200	Retribucións CE director eventual	555,04
3241.1300000	Retribucións básicas	7.707,03
3241.1300100	Outras remuneracións	9.833,52
3241.1430003	Retribucións CD interino sen praza	199,28
3241.1430103	Retribucións CE interino sen praza	263,04
3241.1430300	Retribucións básicas interino sen praza	229,20
3241.1600000	Seguridade Social	981,24

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLR, a partida que é obxecto da aplicación dos recursos é a seguinte:

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>CRÉDITO A HABILITAR</u>
3241.7000000	Transferencia ao Concello RDL 8/10	21.022,26
Total aplicacións de fondos crédito extraordinario		21.022,26

Terceiro.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Quinto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

### 3.4.- (193).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 02/2010, CRÉDITO EXTRAORDINARIO (IMD)

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 1 de setembro a presidenta do Instituto Municipal dos Deportes resolveu a incoación dun expediente de modificación de crédito, crédito extraordinario, a fin de dar cumprimento ó acordo adoptado polo

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

Pleno da Corporación en sesión do 22 de xuño de 2010, en relación coa aplicación do RD. Lei 8/2010, do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

En cumprimento do anterior, na mesma data do 1 de setembro, o director deportivo do IMD emite a proposta que se contén nos apartados primeiro e segundo da parte dispositiva deste acordo.

Con data 14 de setembro, o interventor xeral municipal emite informe favorable á modificación presentada.

A Xunta Reitora do Instituto Municipal dos Deportes, en sesión do 16 de setembro, prestou a súa aprobación á devandita proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

*Para os puntos 3.2, 3.3, 3.4, 3.5 e 3.35, o Sr. López Font realiza unha única intervención que se atopa transcrita no punto 3.2 desta acta.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 02/2010 por un importe de 36.000,00 euros có desglose e aplicacións que figuran na resolución da Presidencia do IMD do 1 de setembro de 2010 e que se reproduce:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito a minorar</u>
3420,130,00,00	Laboral fixo. Retribucións	27,000,00
3420,160,00,00	Seguridade Social	9,000,00
Total orixes financiamento crédito extraordinario		36,000,00

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 177.4 do TRLR, a partida que é

obxecto das aplicación dos recursos é a seguinte:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito a habilitar</u>
3420,700,00,00	Transferencia ó Concello RDL 8/10	36,000,00
Total aplicacións de fondos crédito extraordinario		36,000,00

Terceiro.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Quinto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

### 3.5.- (194).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 02/2010, CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO. Expte.2529/12.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 9 de setembro o alcalde-presidente resolveu a incoación dun expediente de modificación de crédito, crédito extraordinario, a fin de dar cumprimento ó acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión do 22 de xuño de 2010, en relación coa aplicación do RD. Lei 8/2010, do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

Con data 9 de setembro o director de Réxime Interior de VigoZoo emite a proposta que se contén nos apartados primeiro e segundo da parte dispositiva deste acordo.

Con data 14 de setembro, o interventor delegado informa favorablemente a citada proposta

O Consello de Administración do Parque Municipal das Ciencias VigoZoo, en sesión do día 17 de setembro, presta a súa aprobación á modificación solicitada.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditamina favorablemente.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10



*Para os puntos 3.2, 3.3, 3.4, 3.5 e 3.35, o Sr. López Font realiza unha única intervención que se atopa transcrita no punto 3.2 desta acta.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria número 02/2010 por un importe de 17.245,14 euros có desglose e aplicacións que figuran na resolución da Presidencia de VigoZoo do 09 de setembro de 2010 e que é a seguinte:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito a minorar</u>
339.0.130.00.00	Retribucións básicas ó persoal	13.265,49
339.0.160.00.00	Seguridade Social	3.979,65
Total orixes financiamento crédito extraordinario		17.245,14

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLR, a partida que é obxecto das aplicación dos recursos é a seguinte:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito a habilitar</u>
339.0.700.00.00	Transf. ó Concello RDL 8/10	17.245,14
Total Aplicacións de Fondos Crédito Extraordinario		17.245,14

Terceiro.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva,

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Quinto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

### 3.6.- (195).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA INVESTIMENTOS NA ÁREA DE SERVICIOS XERAIS, POR IMPORTE DE 391.000€. EXPTE. 463/440

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 9 de setembro o alcalde-presidente resolveu a incoación dun expediente de modificación de crédito, crédito extraordinario, a fin de dar cumprimento ó acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión do 22 de xuño de 2010, en relación coa aplicación do RD. Lei 8/2010, do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

Á vista dos informes emitidos polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e máis polo xefe da oficina de supervisión de proxectos, o xefa da Área de Servizos Xerais, coa conformidade do concelleiro delegado de Xestión Municipal, con data 17 de setembro propón a aprobación da modificación de crédito extraordinaria para investimentos na devandita Área por importe total de 391.000 euros.

A concelleira delegada de Economía e Facenda, con data 21 de setembro, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de setembro, o interventor xeral informa favorablemente a modificación de crédito solicitada.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de setembro, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras.

Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 99/2010 por un importe de 391.000 euros, có desglose e aplicación que figura na resolución da Alcaldía-Presidencia do 9 de setembro e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, a partida que é obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a minorar/€
2410.6090000	Proxecto Av. Europa obradoiro Vigo Orn.	391.000,00
Total recursos que financian a modificación 99/2010		391.000,00

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria 99/2010 por un importe de 391.000 euros, ten a súa orixe na baixa doutra partida, na que a propia memoria xustifica a súa minoración.

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a habilitar
1550.6190050/101550	Humanización R. Pino	
50		300.000,00
1710.6190011	Mellora Parque de Matías	91.000,00
Total aplicacións de fondos para crédito extraordinario		391.000,00

Segundo.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Terceiro.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente (MC 99/10) entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Cuarto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

3.7.- (196).- CRÉDITO EXTRAORDINARIO POR IMPORTE DE 60.000€ PARA O PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO. EXPTE. 5176/551

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido polo interventor xeral en data 21 de setembro de 2010.

“Remítese a esta Intervención Xeral, por parte do Departamento de Comercio o expediente nº 5176/551 que regula unha modificación de presuposto (crédito extraordinario) para facer fronte a necesidades inaprazables.

O expediente confórmao unha memoria xustificativa das necesidades e a súa avaliación e a resolución da Alcaldía Presidencia de data 17 de setembro incoando o expediente, relacionando as aplicacións que son obxecto de minoración e as aplicacións que son obxecto de dotacións novas.

Fundamentos de Dereito.

O art. 177 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no seu apartado primeiro, prevé a posibilidade de que cando sexa necesario realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista no orzamento da Corporación crédito ou este sexa insuficiente ou non ampliable ao consignado, o presidente da Corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo.

O expediente que se está a tramitar, prevé as aplicacións para gastos nos que non existe crédito algún no orzamento, polo que estamos ante un crédito extraordinario.

A xustificación ou motivación da modificación de orzamento á que fai referencia o art. 177.1 do TRLRHL, atópase na propia memoria e na resolución da Presidencia, "...ás necesidades de manter o programa de Coidadores de Barrio, de conformidade co acordado na sesión do Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo do 7 de maio pasado..."

En cumprimento do previsto no art. 177.4 do TRLRHL, a aplicación que reflexa os recursos que financia a presente modificación é a seguinte:

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a minorar/€
4310.4890000	Subv. consumo pequeno comercio	60.000,00
Total recursos que financian a modificación 98/2010		60.000,00

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria 98/2010 por un importe de 60.000 euros, ten o seu orixe en baixas doutra partida, na que a propia memoria

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

xustifica a súa minoración, por non ser executable, de conformidade co acordo da XGL do 20/09/2010.

A aplicación á que se destinará o crédito minorado, de conformidade co anterior, é a seguinte:

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a habilitar
4310.4670000	Achega convenio programa coidadores barrio	60.000,00
Total aplicacións de fondos para crédito extraordinario		60.000,00

O aumento de crédito financiarase con baixa noutra partida do presuposto vixente, sendo estes créditos reducibles sen que iso perturbe o funcionamento dos servizos, implicando o desestímulo de execución do gasto que figura no presuposto aprobado por non ser executable, todo isto de conformidade co acordo adoptado pola XGL en data 20/09/2010.

O crédito que se propón como fonte de financiamento, non está retidos nin comprometido, polo que son reducibles. A orixe e a aplicación están equilibrado, dando así cumprimento á efectiva nivelación da modificación presupostaria orzamentaria.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no art. 165 do TRLRL e ao contido do art. 4 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais e ao capítulo III do Real Decreto Legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, as entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus presupostos axustándose ao principio de estabilidade presupostaria. Entenderase que se deberá axustar ao principio de estabilidade presupostaria calquera alteración dos presupostos definitivamente aprobados.

Aínda tendo en conta que o art. 16.3 do Real Decreto 1463/2007, establece que o informe sobre a estabilidade presupostaria se emite de forma independente, dada a claridade e transparencia que se dá neste expediente sobre a estabilidade presupostaria, xa que as aplicacións que son obxecto de incrementos correspóndense co capítulo IV do estado de gastos e son financiadas con baixas do mesmo capítulo, non procede realizar axuste ningún, relacionándose a partida de orixe e de aplicación nos cadros resumos anteriores.

Entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os presupostos iniciais ou, no seu caso, modificados, alcancen, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais o obxectivo de equilibrio ou superávit. A modificación de presupostos que se está a tramitar cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria, atopándose en equilibrio por ser o gasto non financeiro das aplicacións igual o das orixes.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación presupostaria polo Pleno, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRHL, o expediente someterase a exposición pública, logo de anuncio en Boletín Oficial de Provincia, por un período de

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpor reclamacións.

De non se presentar reclamación ningunha no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a súa proposta de resolución así como a aprobación definitiva da modificación presupostaria ao citado órgano.

En consecuencia co anterior, esta Intervención Xeral informa favorablemente o expediente de modificación de presupostos nº 98/2010, por un importe de 60.000 euros, por axustar o seu contido ao previsto no TRLRHL, ao Real Decreto 1463/2007 e Real Decreto Lexislativo 2/2007, sendo os órganos, tanto o propoñente como o que debe adoptar a resolución os competentes de acordo ao previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, como as delegacións de competencias vixentes.”

Na mesma data do 21 de setembro, a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 23 de setembro, ditamina favorablemente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 98/2010 por un importe de 60.000 euros, có desglose e aplicación que figura na Resolución da Alcaldía-Presidencia do 17 de setembro e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, a partida que é obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a minorar/€
------------------	----------	---------------------

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

4310.4890000	Subvención consumo pequeno comercio	60.000,00
	Total recursos que financian a modificación 98/2010	60.000,00

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria 98/2010 por un importe de 60.000 euros, ten a súa orixe na baixa doutra partida, na que a propia memoria xustifica a súa minoración por non seren executable, todo isto de conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 20.09.10.

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a habilitar
4310.4670000	Achega convenio prog. Coidadores Barrio	60.000,00
	Total aplicacións de fondos para crédito extraordinario	60.000,00

Segundo.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Terceiro.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente (MC 98/10) entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Cuarto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

3.8.- (197).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, CRÉDITO EXTRAORDINARIO, POR IMPORTE DE 170.000€ PARA ACTUACIÓNS NO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN E NO CASCO VELLO. EXPTE. 5859/307.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 16 de setembro, o alcalde-presidente ditou a seguinte resolución:

“Sendo necesario facer fronte aos gastos que non poden demorarse ao exercicio seguinte, e non existindo crédito no orzamento vixente ou este resultar insuficiente para iso, ó amparo do previsto no art. 177.1 do texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, en adiante TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, incoase o expediente de modificación orzamentaria para a tramitación dun crédito extraordinario.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

A finalidade da modificación orzamentaria que se está a incoar, ten por obxecto facer fronte aos gastos nos que vai incorrer a Entidade Local en actuación no museo da cidade “Quiñones de León” e no Casco Vello da cidade. Estas son fundamentais e prioritarias para dar cumprimento aos obxectivos que ten encomendados á área de Patrimonio Histórico e ven avalado polas seguintes circunstancias producidas no presente exercicio orzamentario:

- No mes de xullo deste ano tivo lugar unha deflagración nun dos rociadores da antiga instalación contra incendios do Museo “Quiñones de León”, que produciu varios danos nos teitos, como sinala o informe dos arquitectos da oficina de obras municipais, de 15 de setembro de 2010, e que motiva a realización dunha serie de obras de rehabilitación urxentes.

- Nos últimos meses e como consecuencia da entrada en vigor da ordenanza que regula a circulación de vehículos no Casco Vello da cidade, xurdiron numerosos problemas nos acceso a esta zona da cidade que alteran notablemente a convivencia, polo que se pretende instalar un sistema de recoñecemento de matrículas.

En consecuencia co anterior, o citado gasto resulta inaprazable para o próximo exercicio, xa que se trata de actuacións urxentes e inaprazables, xustificando por isto a tramitación do expediente de modificación orzamentaria, para o que non existe crédito ningún no orzamento vixente.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 do TRLRFL, a partida que é obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

Partida	Concepto	Crédito a minorar
3360.6190005	Remodelación Miradoiro Pº Alfonso	170.000,00 euros
Total orixes par financiamento do crédito extraordinario		170.000,00 euros

Partida	Concepto	Crédito a habilitar
3360.6320004	Rehabilitación Museo “Quiñones de León”	120.000,00 euros
3360.6190001	Mellora do acceso ao Casco Vello coa instalación sistema de recoñecemento matrículas	50.000,00 euros
Total aplicacións de fondos para crédito extraordinario		170.000,00 euros

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria por un importe de 170.000 euros, teñen a súa orixe en baixas doutra partida, que a propia memoria xustifica a imposibilidade de execución no presente exercicio.

En cumprimento do previsto no art. 177.2 del TRLRFL, remítase o expediente á Intervención Xeral Municipal para o seu preceptivo informe previa formulación de proposta que deberá realizar a Concelleira-Delegada de Economía e Facenda ao órgano que teña atribuída as competencias para a súa aprobación, quedando sometido o expediente aos trámites e procedementos previstos nos arts. 169 e 170



del TRLRFL.”

Visto o anterior, con data 20 de setembro a concelleira delegada de Economía e facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de setembro o interventor xeral informa favorablemente a devandita proposta.

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 23 de setembro, ditamina favorablemente

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Oliveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 97/2010 por un importe de 170.000 euros, có desglose e aplicación que figura na Resolución da Alcaldía-Presidencia do 17 de setembro e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, a partida que é obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

Partida/proxecto	Concepto	Crédito minorar/€
3360.6190005/10336005	Subv. consumo pequeno comercio	170.000,00
Total recursos que financian a modificación 97/2010		170.000,00

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria 97/2010 por un importe de 170.000 euros, ten a súa orixe na baixa noutras partida, nas que a propia memoria xustifica a súa minoración por non seren executable ó depender a mesma dunha modificación do plan especial de reforma interior, PEPRI, do Casco Vello de Vigo.

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a habilitar
3360.6320004	Rehabilitación Mº Quiñones de León	120.000,00

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

336.619.0001	Mellora acceso casco vello colocación pilotes	50.000
	Total aplicacións de fondos para crédito extraordinario	170.000,00

Segundo.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Terceiro.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente (MC 97/10) entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Cuarto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: A efectos de debate, se lles parece agruparemos dende o punto 3.9 ata o 3.34, con independencia de que a votación se realice separadamente por cada un deles.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, en canto ó tema dos tempos parécenos que este é un tema excepcional, hai vinte puntos que se van agrupar nun. Coidamos que isto necesita unha reconsideración dos tempos.

Nós xa dixemos que non estabamos de acordo no fondo do tema da modificación pero o imos aceptar. Pero queríamos facer unha salvidade: parécenos que neste tema que ten vinte puntos que imos agrupar nun, o tempo non pode ser de cinco minutos.

A PRESIDENCIA: Parécelle dez minutos? Estou disposto a conceder dez minutos. É unha circunstancia excepcional, é un tema de envergadura que efectivamente agrupa vinte e tantos puntos.

SR. FIGUEROA VILA: Senón serían cinco minutos por cada tema.

A PRESIDENCIA: Quero dicir que a oposición podería pedir debate de cada un deles e polo tanto paréceme axeitado o que está a dicir. Parécelles un tempo de dez minutos ós grupos?

*O Sr. López Font, fóra de micro polo que non quedou recollido na gravación da sesión, manifesta que este tipo de cuestións habería que acordalas na Xunta de voceiros*

SR. FIGUEROA VILA: Parécenos ben que se diga en Xunta de Voceiros. Non se fixo pero se está a facer agora.

A PRESIDENCIA: Correcto, dez minutos de tempo.

### **DEBATE CONXUNTO DAS ORDENANZAS**

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Os socialistas cremos e defendemos que a política social, a loita pola consecución da igualdade, da redistribución da renda, da axuda ós territorios e ós colectivos máis desfavorecidos, da minoración dos efectos negativos da crise non se conseguen só a través dunha política de gasto público. As bolsas, as axudas, as subvencións, as infraestruturas, o investimento, contribúen sen dúbida a igualar as xentes e os territorios e a xerar emprego, pero a política fiscal tamén asume aquí un papel importante. As exencións en taxas ós colectivos máis desfavorecidos, as bonificacións nos impostos, as reducións nos prezos públicos, a diminución na carga fiscal do cidadán son medidas que por suposto contribúen a fomentar a igualdade e a mellorar o benestar de todos.

Eses son os obxectivos que sempre nos moveron, os que estiveron detrás de todas as ordenanzas que aprobamos e que hoxe, unha vez máis, volven estar detrás das ordenanzas para o ano 2011 porque o que queremos como goberno e diminuír a carga fiscal de todos os vigueses e viguesas, en especial a dos colectivos máis desfavorecidos. Por iso nun momento como no actual decidimos

unha vez máis reducir as tarifas do Servizo de asistencia domiciliaria nun 1,31% e xa van tres veces as que se reducen estas tarifas no que levamos de mandato, reducións que chegaron seren do 100% para os tramos de renda máis baixos, con exencións que afectan a máis de seiscentas persoas.

Pero ademais desta medida social a través de reducións e exencións fiscais, decidimos non actualizar o IPC e polo tanto practicar unha redución en termos reais de taxas, como a taxa por escolas infantís municipais ou o centro de día para maiores. Así serán os nosos cativos e os nosos maiores os que se verán bonificados por unha redución real do 1,5% pola prestación destes servizos básicos municipais de atención a nenos e a maiores. Como resultado unicamente propuxemos actualizar o IPC e polo tanto manter o nivel real en impostos como o da taxa do lixo, vehículos, IBI, auga, Instituto Municipal dos Deportes ou ZOO. O resultado destas propostas nas que só se actualiza o IPC e polo tanto se practica unha actualización real dos impostos, é que se vai reducir a carga fiscal para os cidadáns porque as tarifas, as taxas e todos os impostos desta cidade reducen o seu nivel real ou, como moito, o manteñen.

Pero ademais destas medidas adoptamos outras. Como ben dicía o concelleiro, Sr. Calviño, decidimos anular multas no servizo da ORA de xeito que unha multa que antes custaba 45 euros agora se pode anular e pasa a converterse nunha taxa de 7 euros, o que antes era unha multa de 30 euros agora se pode anular e converter nunha taxa de 5 euros. É certo que para o Partido Popular isto é absurdo, para nós non é un afán recadador coma o que si tiña o Partido Popular.

Ademais de todas estas medidas tamén decidimos incrementar os mínimos exentos nun 1,5% para que máis familias se poidan acoller a exencións do pagamento de taxas e impostos municipais.

Por outra banda, no caso das taxas de ocupación da vía pública por mesas e cadeiras, establécese unha nova tarifa que permitirá que os hostaleiros poidan pagar por mes e non polo trimestre completo co conseguinte aforro tamén en taxas para eles.

Estas medidas de carácter social que estamos adoptando neste ano hai que as engadir ás bonificacións que xa levamos facendo dende o ano 2007: redución do 3% no IBI que afecta a 2.500 familias, bonificación do 75% no imposto de

vehículos ecológicos que afecta a 750 familias, exencións e diminucións nas axudas no fogar que afectan a máis de 600 familias, taxas de exención no imposto do lixo para maiores de 65 anos de renda baixa que viven só, para vítimas de violencia de xénero, para familias monoparentais. Todas estas rebaixas fiscais que levamos aplicando dende o ano 2007 están a beneficiar a unhas 10.000 familias viguesas ó quedaren exentas do pagamento de impostos municipais ou veren reducidas as tarifas que pagan pola prestación destes servizos municipais e é que en tempos de crise o goberno de Vigo non só non sobe os impostos ós cidadáns, senón que amplía o número de bonificacións fiscais.

Esta actuación en materia de política fiscal é a que nos levou a que Vigo sexa nestes momentos a cidade con menor carga fiscal de Galicia. Somos a cidade con menor carga fiscal de Galicia, un 22% inferior á de Ourense ou un 13% inferior á de Pontevedra. Pero Vigo é tamén unha das cidades con menor carga fiscal a nivel nacional. A carga fiscal dun cidadán vigués é a metade da que soporta un cidadán de Madrid.

A xestión deste goberno xerou ademais que se o cidadán vigués contribúe cos seus impostos nesta cidade con 479 euros por habitante, este Concello devólvelle en prestación de servizos e investimentos 960 euros por habitante. É dicir, gracias á xestión deste goberno devolvéuselle ó cidadán en servizos e investimentos o dobre do que o cidadán achegou ás arcas viguesas.

Iso é xestión, saber administrar e saber conseguir financiamento doutras institucións, porque somos o concello con menor endebedamento, con máis investimento, máis servizos prestados e tamén agora con menor carga fiscal. Porque somos o único concello que o pasado ano 2010 reduciu os seus impostos ós cidadáns mentres que outros como Madrid os subían ata un 20%. Ampliamos as bonificacións fiscais cando outros as reducían.

Este goberno e o seu alcalde están ó carón da xente cando máis o necesita: bolsas, inglés, humanizacións, comedores escolares, parques infantís, garderías..., pero tamén bonificacións fiscais, exencións de taxas, reducións de impostos... Esa é a nosa política, traballar para ser a cidade menos endebedada, con menor carga fiscal, con máis investimento e con mais servizos para os

cidadáns. A iso comprometémonos cando formamos goberno e hoxe xa o cumprimos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Querería empezar, Sr. Alcalde, facendo miñas tamén as palabras do compañeiro, Sr. López Font. Estamos absolutamente de acordo en que hai temas que son de importancia e en que non pasa nada porque teñamos un regulamento e sexamos flexibles nos tempos, pero cando hai algunha iniciativa deste tipo, gustaríame sabelo antes de chegaren a este Pleno porque evidentemente todos adaptamos e preparamos os Plenos segundo o que o regulamento di. Hai unha Xunta de Voceiros que coido que é o órgano axeitado para que cando cheguemos a este Pleno todos saibamos xa con antelación como van ser os tempos naqueles temas que poidamos considerar de importancia.

En todo caso nunca nos negaremos e polo tanto o BNG está de acordo en que cando haxa un tema deste tipo de características o tempo se poida ampliar, pero a través de comunicación anterior á Xunta de Voceiros que coido que é o máis axeitado.

En canto ás ordenanzas o primeiro que eu teño que dicir é que efectivamente este goberno segue a aplicar o mesmo criterio que aplicou dende o primeiro día e polo tanto este goberno está a demostrar a coherencia política na actuación que ten que ver cun elemento fundamental como é a captación de ingresos, porque non hai que esquecer que sen os ingresos non hai servizos e este é o primeiro punto para chegar ó documento máis importante que ten que ter un concello que non é outro que o dos seus orzamentos. Polo tanto este é un elemento moi importante.

Non me vou meter en temas ou datos técnicos porque xa o acaba de facer moi ben a concelleira de Facenda, pero si querería falar da filosofía que coido que hai detrás destas ordenanzas fiscais e que sempre foi a filosofía que polo menos Tenencia de Alcaldía e BNG defenderon e que se aplicou así mesmo tamén neste goberno.

O máis importante en tempo de crise, polo menos para nós os nacionalistas, é seguir precisamente a liña que marca unha estratexia e unha política económica de esquerdas. Nós cremos loxicamente nesa liña política e estratéxica de

esquerdas que non é outra que redistribuír con xustiza social os nosos recursos para que os servizos cheguen a toda a poboación e que se beneficien deles fundamentalmente as clases menos favorecidas, os sectores máis desprotexidos. Sen ningunha dúbida esa é e foi sempre a liña ideolóxica económica dos que cremos na esquerda e así se está a aplicar por este goberno nestes tres últimos anos, así o vimos facendo e así o faremos.

Estas ordenanzas que logo van traer como consecuencia un nivel de ingresos que nos vai permitir acometer tamén un orzamento de gastos, van poñer por riba de calquera outro elemento, ou así o queremos facer, o gasto social como vimos facendo nos tres últimos anos e como se viu poñendo de manifesto nos tres últimos orzamentos que este goberno presentou dando prioridade por riba de calquera outro gasto social, aumentando como nunca a Concellería de Benestar Social as axudas para emerxencias sociais, aumentando e triplicando as axudas para libros, para comedores escolares, poñendo en práctica as medidas para axudaren ós menos favorecidos a poder ter servizos públicos como os demais e fago referencia por exemplo ó bono-taxi; dobrando e triplicando as axudas para as familias, poñendo por primeira vez no mercado unhas axudas claras para os comercios, para os pequenos e medianos comerciantes, para as familias con necesidades de incentivar o consumo; achegando tamén e rebaixando aqueles servizos que tiñan que ver coa cultura, co deporte, investindo de xeito produtivo na nosa cidade para xerar riqueza.

Sempre dixeran que gobernar é sobre todo dar prioridades e saber en cada momento ó que hai que dar resposta, o que os vigueses e viguesas piden para lles dar esa resposta. Para iso temos que dar prioridades e escoitar as demandas da cidadanía e iso é o que vimos facendo nos últimos anos: escoitar ás persoas. Polo menos dende as áreas que eu teño a ben coordinar podemos dicir que a nosa prioridade fundamental foi esta, o traballo para a xente, a resposta para que os vigueses e viguesas diante desta situación económica que nos afecta a todos e a todas puideran ter maior resposta. Creemos que estes orzamentos e estas ordenanzas destes tres últimos anos así o fan.

Queremos evidentemente apostar por unha política de austeridade, pero de austeridade real que non hipócrita, que significa precisamente dar prioridades

nos orzamentos en base ás demandas e ás necesidades da xente. Austeridade que non é, por exemplo, gastar 300.000 euros, como acaba de facer a Xunta de Galicia para que unha empresa nos diga a quen lle hai que adxudicar un hospital privatizado. Austeridade que significa, como ben dicía a concelleira de Facenda, rebaixar algunha das taxas que afectan a sectores máis desprotexidos, ou austeridade que significa que todo aquel gasto ou investimento na nosa cidade sexa produtivo e que xere un retorno e unha riqueza económica para a cidade.

Con estes vimbios, con esta liña clara de apostar pola xente, por unha liña económica de esquerdas como sempre defendemos, é polo que nós imos apoiar sen ningunha dúbida estas ordenanzas porque cremos que cumpren eses tres requisitos para nós importantes.

Estamos diante dunha política fiscal neste Concello que é progresista, de esquerdas e para a xente.

SR. CONDE GIL: Comezarei polo final, Sr. Domínguez Olveira. Por que na Xunta de Voceiros non se dixo que os temas se ían agrupar? Porque foi agora unha decisión do alcalde, senón teríamos dereito a falar durante dúas horas e oito minutos. Bastante xenerosos somos admitindo os dez minutos e non vou gastar máis tempo con este tema porque coído que non paga a pena, pero é bo que a cidadanía o coñeza.

Logo, ó goberno en xeral, á Sra. Díaz en particular e ó Sr. Alcalde aínda máis en particular: son vostedes uns covardes políticos. Téño que dicir con todas as palabras: son uns covardes políticos. Por que non recoñecen que este ano soben os impostos municipais? Por que non recoñecen que soben un 1,5% os impostos municipais? Por que o queren disfrazar, disimular, deixalo no xardín da política social? Xa falaremos logo da política social socialista. Ademais o ano pasado mentiron.

Eu reteina o ano pasado a unha cousa que vostede non fixo, pero eu si. Díxenlles ós cidadáns que o seguinte ano mirasen o recibo do IBI e decatáranse de como é rotundamente falso, de como mentiron cando pregoaron e anunciaron vostedes nos medios de comunicación que o IBI baixaría.

Teño aquí o IBI dun cidadán e vese que lle subiu 2,52 euros. Subiu que non



baixou como vostedes dicían e iso non é conxelar os impostos, é subilo e este ano os soben. Pero vostedes non teñen a valentía do recoñecer, aínda que iso si, o ano pasando aplicando o IPC como nós dicíamos vostedes vendían, porque era unha mera venda, o feito de que baixaban os impostos. Non é certo que baixasen os impostos.

Collamos un imposto que pagan todos os cidadáns, xa por non entraren noutros a maiores: a taxa pola recollida do lixo en vivendas dende que gobernan vostedes subiu un 8,12%. Onde esta a baixada de impostos? Onde está a conxelación, Sra. Díaz? Empezouse pagando 74,45 euros e para o ano 2011 xa superamos a barreira dos 80 euros con 80,50 euros no lixo de vivendas.

Pero de iren ó IBI sucede o mesmo e aínda estamos pendentes do que digan os Orzamentos xerais do Estado sobre o valor catastral, pero o recibo dun cidadán é de 26,76 euros dende que gobernan vostedes, máis dun 9% coa subida prevista do 1,5%.

Non enganen, polo menos sexan valentes e recoñezan que os impostos en Vigo soben. É máis, logo temos outra maneira de subir os impostos que son as multas. Onte un titular dun medio de comunicación dicía: “Os concellos tratan de paliar con multas a caída nos seus ingresos”. En Vigo isto é certo. O Sr. Calviño di que recadar non é o máis importante para que haxa máis ou menos ingresos, pero sempre fan medidas tendentes a recadar, a castigar ó cidadán. Vímolos antes co meu compañeiro, Sr. Coello. Vostedes entre o 2008 e o 2009 impuxeron multas por un 247% máis, Sra. Díaz, e isto vai ó peto dos cidadáns.

Sra. Díaz, sempre fai o mesmo, sempre ten o mesmo discurso de presunción, gústalle ser presumida. Paréceme ben, paréceme estupendo que vostede presuma, pero sempre nos ten que comparar con alguén, sempre nos ten que comparar con Madrid. Este ano non falou de Málaga, por que non o fixo? Porque Málaga conxela os impostos, Sra. Díaz, e vostede sábeo perfectamente.

Vostedes seguen no de seu, menten. Agora resulta que reducen os impostos para unha serie de temas, os mínimos... Sempre fala do mesmo. Por que non di que sobe o IBI, o lixo, o servizo do guindastre ou que soben moitas cousas? Porque son vinte e cinco puntos e vostedes só falan dun. Por certo, por que non fala de que o Concello de Vigo se nutre dos impostos estatais que tamén subiron e

seguen a subir? Porque vostedes son moi bos facendo o “paripé”.

Agora saen co titular de que lles soben os impostos ós máis ricos. Iso é unha gran mentira porque foron vostedes os que baixaron o tipo impositivo dun 18% a un 1% ás SICAPs que son as sociedades que ten a maioría desa xente que gaña cantidade de diñeiro e en troques subíronlle o IVE a toda a cidadanía. Pero, que di? O caso é que queda moi bonito iso de que queremos o diñeiro para garderías que non se fixeron, para centros de día que non se fixeron, para política social... Que bonito queda.

Nós estamos tamén de acordo coa política social e a primeira política social é a que vostedes non deixan de debater no Parlamento español, que imos ter que acudir ó Tribunal Constitucional, tomar esa medida para que non se conxelen as pensións porque vostedes, Partido Socialista e Sr. Rodríguez Zapatero, non deixan que se debata ese tema. É esa a política social que teñen? A de reducirilles os salarios ós funcionarios? Pero, para que queren eses cartos? Dígollo eu: quéreno para letreiros. Para iso queren o diñeiro, para encher os valados da cidade co logotipo dos 20.000 euros, que xa chega, xa chega que gastaran 20.000 euros en crear ese logo que a miña filla de 8 anos llo faría gratis. Gastaron 20.000 euros en facer o logotipo.

Por certo, agora xa a indignidade máis absoluta chega ós colexios. Agora se lles entrega unha axenda que en teoría debería ser do Concello de Vigo porque coido que a pagamos todos, cunha carta de Alcaldía dirixida ós pais. Isto é indigno de calquera político que se prece e indigno dun alcalde, mandar unha carta ós pais facendo propaganda electoral.

Hoxe asistimos aquí novamente ó que ven sendo habitual: como teñen vostedes un goberno roto o Sr. Domínguez Olveira dedícase a defender as súas áreas. Non falou dos intereses xerais do goberno, non, falou das súas áreas de Deporte, de Benestar Social, Igualdade, Cultura, Patrimonio Histórico, pero non do goberno de Vigo. Non confundamos á cidadanía, vostedes son un goberno roto, dividido e agora están en campaña e a campaña e isto, é poñer letreiros. Para iso queren o diñeiro? Para publicidade? Para o malgastar? Por que non fan unha verdadeira política comprometida coa cidadanía e aplican o tipo do 0% á subida de impostos? Por que van vostedes ó IPC?

Saben canto vai pagar anualmente unha familia media de catro membros en taxas e impostos ó Concello? 2.000 euros. Agora ben, non sei se cos 2.000 euros lle regalarán o cartel de Alcaldía para o colgar na árbore de Nadal; igual poderían facer, sería un detalle. Iso si, subímoslles os impostos ós cidadáns e regalamos caixas cun *pen drive* que non sei canto custarán. A verdade é que é moi bonito, pero nós preferiríamos que non gastasen niso e que ese diñeiro revertese nos cidadáns.

Volvo insistir no que di o refrán: “Cóllese antes a un coxo por mentireiro que por coxo”. É certo, vostedes o ano pasado prometeron unha cousa, dixeron que ían baixar os impostos. Eu díxenlles que o IBI ía subir e acabo de demostrarllo e se queren lles dou o recibo que xa lles digo que é o meu e subiume. Vostede dicía que non, negábao aquí no Pleno, mentíalle a este Pleno, Sra. Díaz, coa conivencia do Alcalde.

Este ano son tan covardes politicamente falando, covardes, que non son capaces vostedes de recoñecer que lles soben os impostos ós cidadáns de Vigo. O ano pasado presumían cun -0,2% de que baixaban e este ano, covardes, non recoñecen que soben. Polo menos teña valentía e dígao.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Comezarei polas súas últimas palabras que tamén foron as primeiras que utilizou.

Acaba de chamar vostede covarde política á súa candidata, Sra. Porro, porque lle chama covarde político a aquel que actualiza os impostos segundo o IPC e que di que se conxelan. Vou ler a carta que lles enviou a Sra. Porro a todos os cidadáns, entre eles ó meu afillado que ten 8 anos, dicindo: “Isto tampouco o fixemos a costa de subidas de impostos municipais conxelados no transcurso dos anos”. Esta foi unha carta pública que enviou a Sra. Porro a todos os cidadáns cando o que fixo ela foi actualizar o IPC por máis dun 12%. Un 12% foi o que actualizou a Sra. Porro, iso si, con beneficios fiscais ás familias numerosas que en Vigo son vinte. Vinte familias numerosas foron as que se beneficiaron dos beneficios fiscais da Sra. Porro. As familias que neste momento resultan beneficiadas polos beneficios fiscais deste goberno son máis de dez mil. Esas son as diferencias entre as propostas do Partido Popular e as deste goberno. Polo tanto, Sr. Conde,

acaba de chamar covarde política á súa candidata.

Falou de recibos. Si, traia vostede o recibo do imposto de vehículos, o do lixo, o da auga, o da Escola de Música, o da Escola de Teatro, do IMD, das garderías municipais; traia vostede un deses recibos. Non os trae porque si se reduciron os impostos o ano pasado e todos os veciños o viron en absolutamente todos os recibos. Traia un deses recibos, pero tamén traia calquera outro recibo doutro concello porque lle preguntei en que concello nestes momentos estase aplicando unha baixada. En ningún. O único concello que o ano pasado baixou realmente os impostos foi o Concello de Vigo en absolutamente todos os recibos. E por suposto, lémbrolle, Sr. Conde, que volva sumar porque non é 8,12, equivocouse novamente, pídlle por favor que sume de novo.

En canto ás multas tamén lle lembro que foi este goberno quen cambiou o proceso notificador sancionador eliminando multas de 300 euros que vostede puideron facer no seu goberno porque a lei o permitía. Vostedes non quixeron e foi este goberno hoxe mesmo, coa proposta do concelleiro, Sr. Calviño, quen propuxo a anulación de multas de 30 e 50 euros para as converter en taxa; foi este goberno. Pero tamén hai outra cousa, Sr. Conde: a xente pídenos que poñamos multas, pide que se multe a aquel coche que estea aparcado nunha beirarrúa, pídenos que se multe ó coche que atravesese un paso de peóns cun exceso de velocidade. Esas son as multas que estamos poñendo ós infractores, ós que non están a cumprir coas normas.

Falou de Málaga. Claro que si, este ano Málaga conxelou, pero o ano pasado aumentou un 4,6%, tres veces por riba do IPC que era un 1,5% e saíu en todos os sitios. Equivocouse vostede, Sr. Conde, colleu só Málaga que é a única que non aumentou porque xa o fixera o ano pasado sabendo que este ano non o ía facer e ademais tres veces por riba cando o IPC baixara.

Tamén falou do xeral dos impostos nacionais. Direille que nestes momentos para unha familia resulta máis caro que vostedes eliminaran a gratuidade dos libros de texto que o efecto do IVE. Nestes momentos para unha familia o efecto por ter que pagar os libros dos fillos é duns 500 euros e o efecto do IVE non chega a eses 500 euros.

As garderías veraas.

Falou de letreiros? De cales me fala? Destes que teño eu aquí da Deputación á entrada do IFEVI anunciando a orquestra Panorama? Fálame vostede destes letreiros? Ou fálame tamén deste letreiro que teño eu aquí a foto, que está no Porto e non sei quen o pagou? Ou fálame destes letreiros da Xunta de Galicia que valen dez veces máis que calquera deses letreiros pequenos? O que ocorre é que a Xunta só ten tres obras e entón só hai tres letreiros e nós como estamos a facer cen rúas temos cen letreiros. Esa é a diferenza, a diferenza é que a Xunta en Vigo ten tres pero infinitamente máis custosos que os que temos nós.

Tamén falou de publicidade, dos dous millóns de euros que gastou a Sra. Porro en seis meses, diñeiro de todos os cidadáns, para unha campaña que a Xunta Electoral dixo que era ilegal? Fálame diso?

### 3.9.- (198).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Oliveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en

contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles co texto que figura ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

## MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

### ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

3.- Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos -pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumplan a seguinte condición:

- Contar con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio da solicitude, inferiores a 5.530 euros.

### ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

2.- O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,759%.

3.- O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.

4.- O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,759%.

### DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª.- A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2011 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

### 3.10. (199).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

**MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

**ARTIGO 6.- COTA**

1.		
A.	<b>TURISMOS</b>	<b>COTA ANUAL</b>
A.1.	de menos de 8 cabalos fiscais	21,15 €
A.2.	de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	58,80 €
A.3.	de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	126,30 €
A.4.	de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5.	de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €
B.	<b>AUTOBUSES</b>	<b>COTA ANUAL</b>
B.1.	de menos de 21 prazas	142,75 €
B.2.	de 21 a 50 prazas	207,30 €
B.3.	de máis de 50 prazas	259,20 €
C.	<b>CAMIÓNS</b>	<b>COTA ANUAL</b>
C.1.	de menos de 1000 kg. de carga útil	72,80 €
C.2.	de 1000 a 2999 kg. de carga útil	142,75 €
C.3.	de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	207,30 €
C.4.	de máis de 9999 kg. de carga útil	259,20 €
D.	<b>TRACTORES</b>	<b>COTA ANUAL</b>
D.1.	de menos de 16 cabalos fiscais	27,60 €
D.2.	de 16 a 25 cabalos fiscais	44,20 €
D.3.	de máis de 25 cabalos fiscais	132,40 €
E.	<b>REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA</b>	<b>COTA ANUAL</b>
E.1.	máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	30,25 €
E.2.	de 1000 a 2999 kg. de carga útil	47,60 €
E.3.	máis de 2999 kg. de carga útil	145,50 €
F.	<b>OUTROS VEHÍCULOS</b>	<b>COTA ANUAL</b>
F.1.	Ciclomotores 6,40 €	
F.2.	Motocicletas ata 125 cc.	6,40 €
F.3.	Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	12,70 €
F.4.	Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €
F.5.	Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €
F.6.	Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,16 €

**DISPOSICIÓN FINAIS**

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín



Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2011 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

### 3.11.- (200).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas co texto que figura ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

## MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

### ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

1.

Categoría Fiscal	Coefficiente Situación
1ª	2,94
2ª	2,75
3ª	2,58
4ª	2,38
5ª	2,22
6ª	2,02

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2011 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

3.12.- (201).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos a instancia de parte no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos a instancia de parte co texto que figura ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

#### MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, A INSTANCIA DE PARTE

#### ARTIGO 3.- EXENCIÓNS

2.- Estarán exentos de taxas pola expedición de certificados de empadramento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais *per capita* inferiores a 3.540€. A titularidade de bens inmoables de natureza urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un

valor catastral total de 49.305 €.

Para o goce desta exención dítase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

#### ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

- 1.- Certificados relativos ó Padrón Municipal de Habitantes:
  - a.- De ata 5 anos de antigüidade 2,10€
  - b. Superior a cinco anos ata dez 4,30€
  - c. De máis de dez anos 11,45€
  - d. Relativo ó nº de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrución, etc:
    - Por cada distrito ou sección e parámetro 2,10€
  - e. Relativo ó total de habitantes do concello, referente a tódalas seccións e distritos, e clasificados por parámetros:
    - Por cada parámetro 38,70€
2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:
  - a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina 9,45 €
  - b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de 1,35 €
3. Restantes certificados:
  - a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina 2,10 €
  - b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de 1,35 €
4. Copias de planos:
  - a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados
    - DIN A-4 1,75 €
    - DIN A-1 3,45 €
    - Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de 8,95 €
  - b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:

- De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).	
- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).	
Por cada Plano	1,35 €
c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:	
- De ata tres anos de antigüidade, por un plano.	9,45 €
- Por cada ano ou plano máis, un recargo de	1,35 €
5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.	
a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina	
- A4	0,35 €
- A3	0,40 €
b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina	
- A4	0,50 €
- A3	0,95 €
c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina	
- A4	0,70 €
- A3	1,10 €
d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina	
- A4	0,90 €
- A3	1,90 €

Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda

No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores puideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

6. Verificación de poderes:	
a. Validación de poder, por cada un	9,45€
b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha	4,05€
c. Simple recoñecemento de sinatura	2,45€

7.	Fotocopias:	
a.	Fotocopias de documentos achegados polos interesados,	
	- por cada páxina A4.	0,15€
	- por cada páxina A3	0,40€
b.	Compulsa de documentos	
	- Primeira páxina	1,35€
	- Por cada unha das restantes	0,45€
8.	Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:	
	- Por cada exemplar	4,10€
9.	Solicitud para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:	
a.	Por cada unha dos grupos A e B	32,90€
b.	Por cada unha dos grupos C, D e E	18,40€
10.	Informacións urbanísticas	13,75€
11.	Cédulas urbanísticas	45,55€
12.	Impresos de autoliquidación de tributos	s/custo
13.1	Expedición de informes sobre intervencións ou actuacións da Policía Local a petición do interesado.	9,45 €
13.2	Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.	95,55 €
13.3	Expedición de Informes de Residencia/Convivencia ou ámbolos dous.	3,30€
13.4	Expedición de Certificados de Residencia/Convivencia ou ámbolos dous.	9,45€
13.5	Informes realizados polo Departamento de Tráfico.	9,45€
14.	Comunicacións sobre transferencias ou transmisións de licenzas tanto de construcións, instalacións e obras como de actividades. (ordenanzas 50 e 51).	43,05€

- |     |   |         |
|-----|---|---------|
| 15. | Certificados relativos á recadación de tributos:  |         |
| a.  | Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade   | 9,80€   |
| b.  | Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de  | 1,35€   |
| 16. | Documento acreditativo de INSCRIPCIÓN PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES  | 0,60€   |
| 17. | Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros.  | 3,45€   |
| 18. | Á edición completa das ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentación relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicación do Concello aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custe da edición que se xustificará diante da Intervención de Fondos. Así mesmo, aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custe coa xustificación antedita, no suposto de expedición de documentación en soporte informático. |         |
| a.  | Documentos en soporte dixital ata 100MB   | 20,30 € |
| b.  | Documentos en soporte dixital de mais de 100MB  | 40,60 € |

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.011. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

3.13.-(202).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABOAMENTO).

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ó servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles lixeiros de aluguer con condutor (autotaxis e vehículos especiais ou de aboamento), no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á

devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ó servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles lixeiros de aluguer con condutor (autotaxis e vehículos especiais ou de aboamento), co texto que figura ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTO-TAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABOAMENTO).

ARTIGO 4.- COTAS

3. Revisión de vehículo 29,50 €

-----  
S. Ordinaria 27.09.10



4. Por dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conducir, por cada exame. 8,45 €
5. Por expedición e renovación de permiso municipal de conducir. 16,85 €
6. Por expedición de duplicados de permisos, licencias, tarifas, etc., por cada un 4,20 €

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2011, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

#### 3.14.- (203).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVICIOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill,

Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes co texto que figura ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

#### MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES

##### ARTIGO 5.- COTA

1.- Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:

	€/hora ou fracción
- Por cada persoa afecta ó servizo:	11,70 €
- Por cada vehículo afecto ó servizo:	22,75 €

2.- Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c) do apartado 1 do artigo 1:

- Por cada vehículo e ano ou fracción:	21,10 €
--	---------

##### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

3.15.- (204).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS DE CONSTRUCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos, co texto que figura ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS

ARTIGO 7.- TARIFAS

2.- Ós servizos realizados fóra do termo municipal, aplicarase unha tarifa de 0,60 €/km e vehículo máis a tarifa que corresponda das seguintes:

2.1. De duración inferior a media hora: 86,85 €

2.2. De duración superior a media hora e inferior a dúas: 217,40 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2011, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

3.16.- (205).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

#### MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS

##### ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS

c) Estarán exentos de taxas correspondentes a expedición de licenzas de inhumación ou enterramento, os membros de familias con ingresos brutos anuais *per capita* inferiores a 3.540 €. A titularidade de bens inmobles de natureza urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305€.

d) Estarán exentos do pagamento das taxas correspondentes á expedición de licencias de inhumacións ou enterramentos as familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio da solicitude inferiores a 5.530 €

##### ARTIGO 5.- COTAS

A. Concesións temporais			
A.1. Por período de 6 anos ou fracción			
A.1.1.	de cinceiros sinxelos		127,05 €
	de cinceiros dobres		229,85 €
A.1.2.	de criptas		127,05 €
A.1.3.	de nichos		371,95 €
A.1.4	párvulos		205,65 €
A.2. Por período de 50 anos			
A.2.1.	de nichos		2.076,10 €
A.2.2.	de cinceiros		362,15 €
A.2.3.	de parcelas exclusivamente (m2 ou fracción)		362,15 €
B. Renovación por catro anos das concesións recollidas no apartado A.1.			
B.1.	de cinceiros sinxelos		82,75 €
	de cinceiros dobres		156,60 €
B.2.	de criptas		82,75 €
B.3.	de nichos		249,35 €
B.4.	de párvulos		205,65 €
C. Expedición de títulos de sepulturas e parcelas			
C.1	de mausoleos, panteóns, parcelas, cinceiros, criptas e nichos, así como duplicados dos mesmos		19,55 €
D. EXPEDICIÓN DE LICENCIAS			
D.1. Inhumacións.			
Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos que impliquen a apertura ou peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, etc.			
	Terra	Nichos e Cinceiros	Criptas, panteón e mausoleos
-	Adultos e párvulos	35,25	60,45 133,80 €
-	Fetos e restos anatómicos		15,40 €
D.2.	Exhumación		45,70 €
As anteriores licencias comprenden ademais da autorización administrativa propia desta ordenanza, a correspondente autorización para realizar obra menor.			
E. Transmisións do dereito de concesión e uso ou aproveitamento, entre particulares			
E.1. De terreos por cada 3 m2.			
E.1.1.	hereditarios		29,10 €
E.1.2.	intervivos		518,65 €
E.2. Nichos e criptas por unidade			
E.2.1.	hereditarios		29,10 €
E.2.2.	intervivos		156,60 €

E.3. de cinceiros	
E.3.1. hereditarios	9,55 €
E.3.2. intervivos	38,95 €
E.4. De panteóns e mausoleos por unidade	
E.4.1. hereditarios	205,65 €
E.4.2. intervivos	778,45 €

No caso de que notificadas as autorizacións para transmisión a que se refire este apartado E), a transmisión non fose efectiva, os interesados terán dereito a devolución do 90% das cotas ingresadas en concepto das citadas autorizacións.

F. Taxa de mantemento e limpeza	
F.1. Donos e concesionarios de panteóns, capelas, mausoleos e criptas, por unidade e ano	33,00 €
F.2. Donos e concesionarios de nichos por un ano, unha ou dúas bocas de nichos	8,70 €
3 ou 4 bocas	16,30 €
F.3. Sepultura en terra por unidade e ano	2,60 €

O devengo desta taxa aludida no apartado F) prodúcese o 1 de xaneiro do ano en curso.

#### ARTIGO 7.- INGRESO

1ª liquidación	
No momento da notificación do acordo de adxudicación.	520,35 €
2ª liquidación	
Unha vez aprobadas certificacións de obras por importe equivalente ó 50% do total do proxecto.	772,00 €
3ª liquidación	
A recepción provisional da obra e outorgamento do título de concesión	783,70 €

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2011. Permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

3.17.- (206).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada e depósito de vehículos no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada e depósito de vehículos co texto que figura na parte dispositiva deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.



MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN,  
RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS

ARTIGO 5.- COTA

A) Pola inmovilización dun vehículo na vía pública ou en calquera outro lugar, realizado pola Policía Local ou ordenado pola autoridade competente segundo o disposto, e nos casos que se establezan na Lei de Seguridade Vial e regulamentos que a desenvolven e demais disposicións en vigor en materia de tráfico.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Inmovilización	Incremento diario por depósito e custodia
66,00 €	5,15 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)

Inmovilización	Incremento diario por depósito e custodia
126,00 €	9,60 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Inmovilización	Incremento diario por depósito e custodia
194,00 €	19,60 €

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	Incremento diario por depósito e custodia
66,00 €	5,15 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	Incremento diario por depósito e custodia
126,00 €	9,60 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	Incremento diario por depósito e custodia
194,00 €	19,60 €

- Contedores

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	Incremento diario por depósito e custodia
--	---

224,00 €

19,60 €

## DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2011, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

### 3.18.- (207).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Oliveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

#### ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo co texto que se transcribe ó final deste acordo.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

## MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO

### ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS.

1.- Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo vivendas, os membros de familias con ingresos brutos anuais *per capita* inferiores a 3.540€. A titularidade de bens inmobles de natureza urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305€.

4.- Estarán exentos de taxa de lixo-vivendas os suxeitos pasivos -pai, nai ou titor-titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumbran a seguinte condición:

- Contar con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio anterior ó da solicitude inferiores a 5.530 €

### ARTIGO 5.- COTA

2.- A estrutura tarifaria é a seguinte:

#### A) VIVENDAS.

CÓDIGO CONCEPTO	EUROS
139 Cota anual	80,50

#### B) ESTABLECEMENTOS

CÓDIGO CONCEPTO	EUROS
1 Accesorios e vehículos, venda.	414,35
2 Alfombras e papeis pintados, Venda,	207,50
43 Almacéns frigoríficos e outros.	2.141,65
5 Artigos de pel, peleterías.	245,35
6 Artigos de viaxe.	264,05
7 Axencias de viaxe.	207,50
8 Bancos.	1.194,80
9 Bares e cafés de categoría especial.	432,45
91 Outros cafés e bares.	246,35
124 Bibliotecas, museos. salas de arte.	158,80
11 Bingos e outros xogos de azar	1.082,15
12 Bixuterías.	167,95

14	Bombonerías.	207,50
15	Cadros e molduras, lámpadas.	247,25
16	Cafeterías.	724,00
17	Carnicerías	383,70
ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzaes especiais e outras actividades en establecementos municipais, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill,



Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, co texto que figura ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

#### MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ENSEÑANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS

##### ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,85 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividir o custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

c) Escola Municipal de Música:

Música e movemento:

- Matrícula 41,20 €
- 10 mensualidades de 16,35 €

Práctica instrumental. Nivel I:

- Matrícula 57,70 €
- 10 mensualidades de 22,70 €

Práctica instrumental. Nivel II:

- Matrícula 62,90 €
- 10 mensualidades de 25,05 €

Práctica instrumental. Nivel III:

- Matrícula 67,95 €
- 10 mensualidades de 27,15 €

Difusión musical (curso 20 horas)	
- Matrícula	30,50 €
Monográfico (curso 20 horas)	
- Matrícula	45,80 €
Especialización musical (curso 30 horas)	
- Matrícula	152,45 €

d) Escola Municipal de Teatro.  
Cursos de teatro para menores, (niveis de iniciación e perfeccionamento)

- Matrícula	24,70 €
- 9 mensualidades de	21,45 €

Cursos monográficos

20 horas ou fracción.	44,90 €
40 horas	89,80 €
60 horas	134,80 €
80 horas ou mais	179,70 €

Cursos de teatro para persoas adultas (niveis de iniciación e perfeccionamento)

- Matrícula	87,65 €
- 9 mensualidades de	78,65 €

e) Estarán exentos dos prezos públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais *per capita* inferiores a 3.540 €. A titularidade de bens inmoables de natureza urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49,305 €.

Para o goce desta exención ditarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

f) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música pertencesen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio da solicitude inferiores a 5.530 €, quedarán eximidos do pagamento destes prezos públicos.

#### DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2011, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

3.33.- (222).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO “VERBUM-CASA DAS PALABRAS” 2011

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización do Verbum-Casa das palabras, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización do Verbum-Casa das palabras, co texto que figura ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DE “VERBUM-CASA DAS PALABRAS”

ARTIGO 3.- CONTÍA.

As tarifas deste prezos públicos serán as seguintes:

1. Tarifa xeral de entrada.  
- Por cada persoa. 3 €.
2. Tarifa reducida.  
- Por cada persoa: 1 €.
  - a) Nenos/as de 8 a 14 anos (ambos incluídos)
  - b) Persoas con carné mozo ou carne de estudante.
  - c) Persoas xubiladas, pensionistas, desempregadas e discapacitadas.
  - d) Familias numerosas.
  - e) Grupos escolares de centros de ensino de fóra do Concello de Vigo, excepto os de primeiro e segundo de primaria.
  - f) Outros grupos (mínimo 10 persoas).
  - g) Tarxetas turísticas ou promocións promovidas ou aceptadas polo Concello de Vigo.
  - Suprímese antigo h)
  - h) Grupos que desenvolven actividades promovidas por entidades sen ánimo de lucro, en convenio coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.
  - Suprímese j)
3. Tarifa gratuíta.
  - a) Nenos/as ata 7 anos (incluídos).
  - b) Visitas de grupos escolares de calquera nivel educativo, sempre que o centro de ensino se sitúe no Concello de Vigo ou de primeiro e segundo de primaria independentemente da situación do centro escolar.
  - c) Profesorado de primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos ou equivalentes.
  - d) “Día do Verbum” que será o 25 de Abril (aniversario do Verbum) e o 18 de maio (Día Internacional dos Museos).
  - e) Guías turísticos e monitores de discapacitados, de actividades infantís ou xuvenís.
  - f) Usuarios de actividades programadas no auditorio, aula de seminarios ou vestíbulo.
  - g) Grupos que desenvolven actividades promovidas por entidades sen ánimo de lucro, en convenio coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.
  - h) Persoas asociadas a entidades coas que se subscriba un acordo ao efecto co Verbum ou coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.
  - i) Visitantes que co documento nacional de identidade, certificado de empadramento ou calquera outro documento acrediten a veciñanza no Concello de Vigo.

10. SUPRÍMESE

## DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.011. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

### 3.34.- (223).- MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES AO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xullo de 2010 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ao Instituto Municipal dos Deportes, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de agosto, o Vogal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data 20 de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2010, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Oliveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez

#### ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación ordenanza fiscal reguladora

dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ao Instituto Municipal dos Deportes, co texto que figura ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR  
UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES O  
“INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES”

CAPITULO V.- EXENCIONES

ARTIGO 6.-

b) Estarán exentos os alumnos de Escolas deportivas que sexan membros de familias con ingresos brutos anuais *per capita* inferiores a 3.540 €. A titularidade de bens inmoables de natureza urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

e) Os alumnos de Escolas Deportivas pertencentes a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio da solicitude inferiores a 5.530 €.

ARTIGO 18.- PREZOS PÚBLICOS.

A) ESPECTÁCULOS.

En todas as instalacións.

- |                     |                      |
|---------------------|----------------------|
| - 1 día             | 3.977,00 euros + ive |
| - ½ día             | 2.227,00 euros + ive |
| - Aluguer escenario | 19,89 euros m2 + ive |

B) ACTIVIDADES CULTURAIS.

- |         |                    |
|---------|--------------------|
| - 1 día | 556,00 euros + ive |
| - ½ día | 319,00 euros + ive |

C) ESPECIAL.

Para montar e desmontar

- |        |                   |
|--------|-------------------|
| - Hora | 36,00 euros + ive |
|--------|-------------------|

ARTIGO 19.-

## 1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIÓN, ADESTRAMENTOS.

a) ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

### a.1. EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	198,85 €
1ª Categoría (un só equipo)	79,55 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	119,30 €
2ª Categoría	59,65 €

a.2. EQUIPOS NON FEDERADOS 59,65 €

### 1.2. COMPETICIÓN-EXHIBICIÓN: (sen tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competición dunha longa ocupación coma patinaxe, rítmica, artes marciais.

Instalacións	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Pavillón Central	47,70	79,55
Outras Instalacións	27,80	47,70

### 1.3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)

#### a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Categoría especial	63,60	151,15

#### b) OUTRAS INSTALACIÓN

	€/hora
Categoría especial	59,65
1ª Categoría	27,80
2ª Categoría	13,45

### 1.4. ADESTRAMENTOS.

a) PAVILLÓN CENTRAL €/hora  
Categoría especial e 1ª categoría 11,90

#### b) OUTRAS INSTALACIÓN e campos de fútbol.

	Pista enteira €/hora	Pista compartida €/hora
- Categoría especial e 1ª categoría.	7,50	5,55
- 2ª Categoría	5,15	4,00

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS €/hora  
1ª Categoría (un equipo) 4,35  
2ª Categoría (un equipo) 2,40

## ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

### 1. ACCESO AS INSTALACIÓNS.

1.1	Adulto	2,95 €
1.2	Menores	2,05 €

### 2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1.	Adulto	27,05 €
2.2.	Menores	18,30 €

### 3. TENIS E FRONTÓN E PADEL

#### 3.1. Instalacións cubertas

		1 hora	Bono 10 usos
a)	2 Xogadores	4,35 €	39,20 €
b)	4 Xogadores	5,15 €	46,05 €

#### 3.2. Instalacións descubertas

		1 hora	Bono 10 usos
a)	2 Xogadores	2,95 €	26,70 €
b)	4 Xogadores	4,35 €	39,20 €

#### 3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e padel:

	€/hora
Instalacións cubertas	2,00
Instalacións descubertas	1,30

### 4.- XIMNASIOS.

4.1.	Mensualidade por actividade/clases dous sesións a semana	15,15 €
------	---	---------

4.2.	Mensualidade por actividade/clases tres sesións a semana	19,10 €
------	---	---------

#### 4.3. Cotas de abonados os Ximnasios.(uso libre).

4.3.1	Adultos (individual anual)	143,20 €
4.3.2	Menores (individual anual)	87,65 €
4.3.3	Familiar (anual)	206,95 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4	Adultos (individual anual)	119,35 €
4.3.5	Menores (individual anual)	63,60 €
4.3.6	Familiar (anual)	175,50 €

### 5.- SQUASH:

	1 reserva	Abono 10 usos/reservas
Reserva uso pista (45 minutos)	4,00 €	36,15 €

## ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSINANZA E PROMOCIÓN DEPORTIVA



1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes	31,10 €
1.2. Menores/mes	19,90 €

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

	€/alumno/mes
2.1. Grupo colexios	7,00 €
2.2. Outros programas	12,80 €

3. ESCOLAS DEPORTIVAS:

3.1. Escolas Deportivas Por alumno/a-curso	39,85 €
---	---------

ARTIGO 22.- OUTROS USOS:

1. COLEXIOS:

Instalacións deportivas	8,05 €/hora
-------------------------	-------------

2. ACADEMIAS PRIVADAS

Instalacións deportivas	15,90 €/hora
-------------------------	--------------

3. RENOVACIÓN DO CARNE

Renovación de carnet	0,85 €
----------------------	--------

4. SALA DE REUNIÓNS:

Sala de reunións:	2,40 €/hora
-------------------	-------------

DISPOSICIÓN FINAIS

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir o 1 de xaneiro de 2011, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

3.35.- (224).- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA TRANSFERENCIA Ó CONCELLO DO AFORRO DO CAPÍTULO I DE PERSOAL. EXPTE. 4677/407.

ANTECEDENTES.- Con data 13 de setembro de 2010, a xerente municipal de Urbanismo emite o seguinte informe-proposta:

“Visto o decreto do delegado de Urbanismo do 7 de setembro de 2010, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítense o seguinte informe:

1.- O gasto que se pretende incluír no orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da entidade, por ser urxente e de necesaria realización.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

2.- O importe de 116.658,71 euros destínase a seguinte partida:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Alta.....</u>
1510.7000000	Transferencia aforro capítulo I	0,00 €.....	116.658,71 €

3.- A presente modificación supón un crédito extraordinario de 116.658,71 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do orzamento.

4.- O financiamento desta modificación realizarase mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxa dotación estímase reducible sen perturbación do servizo, como consecuencia da aplicación do RD-Lei 8/2010 do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Baixa</u>
1510.1100000	Persoal eventual de confianza	16.258,11 €	836,07 €
1510.1100100	Persoal eventual complementarias	53.352,20 €	3.476,40 €
1510.1200000	Retribucións básicas	1.066.217,26 €	41.918,13 €
1510.1200600	Trienios	55.496,38 €	13.675,39 €
1510.1210000	Complemento destino	709.937,91 €	30.563,88 €
1510.1210100	Complemento específico	1.237.169,70 €	23.404,64 €
1510.1310000	Persoal laboral eventual	20.000,00 €	2.784,20 €"

Polo anteriormente exposto, a xerente municipal de Urbanismo emite a proposta que se contén no apartado primeiro deste acordo.

Na mesma data do 13 de setembro, o interventor xeral informa favorablemente a presente modificación.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión 23 de setembro, ditamina favorablemente.

*Para os puntos 3.2, 3.3, 3.4, 3.5 e 3.35, o Sr. López Font realiza unha única intervención que se atopa transcrita no punto 3.2 desta acta.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar o crédito extraordinario por importe de 116.658,71 euros (modificación nº 10/2010 do vixente orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, conforme ao expresado no informe-proposta da xerente municipal de Urbanismo de data 13 de setembro que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Terceiro.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Cuarto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

3.36.- (225).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓN (ITE) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2803/248.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xullo de 2010, a arquitecta xefe do servizo da ITE e máis a técnica de administración xeral, coa conformidade da xerente de Urbanismo, informan do que segue:

#### **“I.- FEITOS / ANTECEDENTES**

1.- En sesión ordinaria do 22.02.2010, o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar inicialmente a modificación da «Ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificacións (ITE) do Concello de Vigo», abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

2.- A tal efecto, publicouse anuncio oficial no BOP nº 70, do 15.04.2010 e no xornal «Faro de Vigo» do 05.03.2010.

3.- Segundo resulta da certificación expedida o 14.06.2010 polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), co visto e prace do delegado da área de Urbanismo e Vivenda, durante o prazo sinalado para estes efectos, presentáronse no Rexistro da XMU catro (4) alegacións que serán obxecto de análise e valoración neste informe-proposta.

## **II.- INFORME DAS ALEGACIONES/EMENDAS:**

1. ALEGACIÓN Nº 1  
ALEGANTE: D. Andrés Luna Calvo  
DATA DE REXISTRO: 14.05.2010  
Nº DE DOCUMENTO: 100068775

### **Contido:**

1.- Solicita que as modificacións propostas entren en vigor o 01.01.2011 para que non se cre un agravio comparativo con todas as edificacións que xa presentaron o informe da ITE no presente ano 2010.

2.- Propón modificar a disposición transitoria única da ordenanza para distribuír dun xeito máis proporcionado o número de edificacións que deberán someterse a inspección cada ano (número de informes a realizar) para non ocasionar desequilibrios nos recursos do Concello e técnicos.

3.- Solicita que se especifique a ordenanza que se tería que aplicar a todas as edificacións pendentes de presentar o informe da ITE dos anos 2006 a 2009. Suxírese propoñer o criterio do punto 1, e que se estableza a partir do 01.01.2011.

4.- No apartado III.1 de XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DA PROPOSTA, consta "Tres anos despois da entrada en vigor da ordenanza, a experiencia práctica acumulada na súa aplicación, concretada en máis de 8.500 ITEs presentadas no período 2006-2009...", debendo figurar "Catro anos despois da entrada en vigor da ordenanza, a experiencia práctica acumulada na súa aplicación, concretada en máis de 11.000 ITEs presentadas no período 2006-2009..."

### **Valoración:**

1.- Estímase acertada a suxestión formulada de que a entrada en vigor da modificación desta ordenanza teña lugar o 01.01.2011, non só para que os cambios afecten por igual ás edificacións que presenten o informe en prazo, senón para poder levar a cabo as oportunas modificacións do rexistro de edificacións e os correspondentes formularios.

2.- Modificación da disposición transitoria única: Aínda que, polas razóns apuntadas

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

polo alegante, puidese resultar interesante modificar a disposición transitoria única da ordenanza, non obstante estímase que por razóns de oportunidade non sería este o momento de levala a cabo. Considérase preferible asumir a maior carga de traballo que comporte a inspección dos anos vindeiros a cambio de non demorar o calendario do cumprimento da ordenanza.

3.- Non se pode admitir en cambio, a suxestión de que ás edificacións construídas con anterioridade aos anos 1970 non se lles aplique a ordenanza modificada xa que a aprobación desta modificación proposta implicaría a substitución da ordenanza actualmente en vigor, nos extremos obxecto da modificación.

4. Acéptase a corrección proposta do apartado “III.1 Xustificación da modificación proposta”. Deste xeito, onde pon “Tres anos despois da entrada en vigor da ordenanza, a experiencia práctica acumulada na súa aplicación, concretada en máis de 8.500 ITEs presentadas no período 2006-2009...”, debe poñer “Catro anos despois da entrada en vigor da ordenanza, a experiencia práctica acumulada na súa aplicación, concretada en máis de 11.000 ITEs presentadas no período 2006-2009 ...”

**5.**

**Proposta:**

Estimar parcialmente a alegación presentada por D. Andrés Luna Calvo no sentido de recoller a modificación da entrada en vigor da modificación da ordenanza na disposición final segunda e as correccións do apartado “III.1. Xustificación da modificación proposta” como un novo apartado na exposición de motivos do documento aprobado inicialmente.

2.- ALEGACIÓN Nº 2  
ALEGANTE: D<sup>a</sup>. Susana Fernández Cobián  
DATA DE REXISTRO: 15.05.2010  
Nº DE DOCUMENTO: 100068731

**Contido:**

1.-- Solicita que non sexan obrigatorias as fotografías do interior das vivendas cando a inspección sexa favorable, xa que pode atentar contra o dereito á intimidade das persoas.

2.- Pide que se suprima a inspección contra incendios ao non ser factible polos motivos que se indican na súa alegación.

**Valoración:**

1.- A reportaxe fotográfica utilízase exclusivamente, como documentación testemuñal do estado da edificación, constituíndo un excelente complemento do informe pericial.

Trátase, en definitiva, dun elemento probatorio achegado polos propios interesados, limitado a constatar graficamente o estado da edificación, proporcionado e congruente coa finalidade das inspeccións periódicas.

Por outra banda, está plenamente admitido na práctica pericial, considerándose pola xurisprudencia, un elemento probatorio complementario dos informes, que incrementan a súa forza de convicción.

Non se aprecia, pois, que resulten de ningún modo comprometidos os dereitos constitucionais á intimidade persoal e familiar e á inviolabilidade do domicilio.

Por outra banda, a ausencia de reportaxe fotográfica nos informes da ITE favorables

impediría o control administrativo nestes supostos.

2.- Tampouco é posible suprimir a inspección relativa ás condicións de protección contra incendios xa que esta ven imposta pola normativa urbanística aprobada con posterioridade á entrada en vigor da ordenanza e é un dos motivos que xustifican a modificación da ordenanza. O artigo 2.3.4. apartado 2, da normativa urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente por ordes de 16.05.2008 e 13.07.2009, establece que: «A *inspección técnica dos edificios comprenderá, en todo caso, o cumprimento das condicións de protección de incendios que correspondan en aplicación da normativa aplicable no momento da licenza obtida*».

**Proposta:** Desestimar as suxestións formuladas por D<sup>a</sup>. Susana Fernández Cobián.

3.- ALEGACIÓN Nº 3  
ALEGANTE: D<sup>a</sup> Beatriz López-Chaves Castro  
DATA DE REXISTRO: 14.05.2010  
Nº DE DOCUMENTO: 100069652

**Contido:**

1.- Solicítase que a propiedade presente só unha solicitude de achega de informe da ITE coma se ven realizando noutros Concellos, xa que a sinatura por parte da propiedade do anexo 1 implica que esta asuma unha serie de datos técnicos dos que non ten competencia profesional e non pode realizar.

2.- Insta a anulación do art. 9 apartado 4 en canto sinala “A sinatura deste compromiso implica que a propiedade asume plenamente as responsabilidades de toda orde que puidera derivarse da falta de mantemento en condicións de seguridade do edificio” xa que a situación física dun inmovible pode derivarse ademais da responsabilidade doutros propietarios ou do propio Concello, con responsabilidades públicas ou privadas derivadas de actuacións ilegais e incorrectas,...” e outras razóns que se sinalan na súa alegación.

3.- O artigo 5 apartado 2 inclúe como novidade que en caso de resultar desfavorable o informe da ITE, se inclúa a indicación dos prazos de inicio e de execución estimados e non é competencia do técnico sinalar unha data de inicio, xa que esta é unha decisión da propiedade.

**Valoración:**

1.- Dende o ano 2006, data de entrada en vigor da ordenanza, o anexo 1 que contén as fichas relativas á situación xurídica, urbanística, réxime de ocupación e situación arquitectónica da edificación debe asinarse obrigatoriamente polo técnico inspector e polo propietario ou titular da edificación. A modificación que agora se aproba non introduce variación ningunha sobre este particular.

2.- A anulación solicitada non se contén no artigo 9.4 senón no artigo 9.3 e o obxecto deste parágrafo ten un carácter simplemente informativo sobre as consecuencias civís, penais ou administrativas, que se poden derivar polo incumprimento por parte da propiedade, no caso de non adoptar as medidas inmediatas de seguridade recollidas no informe da ITE para eliminar situacións de risco inminente, como a retirada urxente de elementos soltos en fachada con perigo

de caída á vía pública. O que non prexulga, por suposto, a eventual existencia doutros responsables; cuestión que, en efecto, corresponderá dirimir en última instancia aos tribunais de xustiza.

3.- A indicación no informe da ITE dos prazos para o inicio e duración da execución das obras indicadas no informe non é unha novidade nesta modificación da ordenanza.

No artigo 9 se regulan as “Consecuencias do informe desfavorable” entre as que se atopan a de solicitar e obter licenza municipal e, de ser o caso, as oportunas autorizacións sectoriais para proceder á execución das obras indicadas no informe nos prazos que no mesmo se determinen e se as obras non teñen o carácter de urxentes o prazo para presentar a solicitude de licenza será de 2 meses.

A concesión dun prazo para a súa realización de forma voluntaria polo interesado é unha condición imprescindible para que transcorrido este, sen que o propietario realice as obras previstas no informe, a Administración poida iniciar o procedemento para ditar unha orde de execución ou incoar de oficio o expediente de declaración de ruína do inmovible, de resultar procedente a adopción desta medida.

O artigo 200 da LOUGA esixe claramente que o informe realizado por facultativo competente describa os estragos apreciados no inmovible, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

A teor deste precepto e tendo en conta tamén a necesidade de asegurar a efectiva execución desas medidas recomendadas, semella oportuno manter a esixencia de que o informe exprese as obras necesarias por realizar (con maior motivo se existise unha situación de perigo inminente) e os prazos de inicio e execución estimados.

**Proposta:** Desestimar a alegación presentada por D<sup>a</sup> Beatriz López-Chaves Castro.

4.- ALEGACIÓN Nº 4  
ALEGANTE: D<sup>a</sup> Mercedes Collazo Pazó - UVCD Candeán (Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán).  
DATA DE REXISTRO: 15.05.2010  
Nº DE DOCUMENTO: 100069003

**Contido:**

- En relación co disposto no artigo 5.5 a) solicita a eliminación da obriga de presentar fotos do interior das vivendas, agás cando exista un dano ou deficiencia estrutural que se reflicte no informe en base ao disposto no art. 18 da Constitución que dí: 1. Garántese o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. 2. O domicilio é inviolable.

- Artigo 1 apartado e) “Cumprimento das condicións de protección de incendios...” Manifesta que en ningún outro Concello se esixe o cumprimento destas condicións que ademais xerarían gastos excesivos aos propietarios, solicitándose a eliminación desta e, no seu caso, que sexa só para edificios e non se teña en conta para vivendas unifamiliares e resto de construcións na finca particular.

- **Valoración:** Igual alegación nº 2

**Proposta:** Desestimar as suxestións formuladas pola D<sup>a</sup> Mercedes Collazo Pazó - UVCD Candeán (Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán).

### **III. MODIFICACIÓNS DE OFICIO**

Entre as modificacións propostas do documento inicialmente aprobado, incluíuse a consistente en recoller no Anexo I («Ficha técnica da edificación»), páxina 2 («situación urbanística») a distinción que realiza o PXOM entre as situacións de fóra de ordenación total e parcial: “fóra de ordenación” e “fóra de ordenanzas”, respectivamente (arts. 2.7.20 e 2.7.22 NNUU). Tendo en conta que para o estudo rigoroso da situación de fóra de ordenanzas sería necesario dispoñer dunha maior información do inmovible (máis propia dun proxecto de obra que dun informe de ITE). Considérase innecesaria a concreción do grao das ditas situacións de fóra de ordenación polo que, en aras dunha maior simplificación da ficha, unicamente se recollerá a situación de fóra de ordenación total.

### **IV. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA**

1.- Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a disciplina urbanística, o patrimonio histórico-artístico, a protección do medio ambiente e da salubridade pública (art. 25.2.d], e], f] e h] LRBRL e art. 80.2.d], e] e arts. 81.d] e 86.1.i] LALGA ).

2.- As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (arts. 84.1.a LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

3.- Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

4.- As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero si tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local (BOE nº 301, do 17.12.2003).

5.- A teor do disposto na precitada L.57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF. Ademais, conforme co artigo 8.m] en relación co artigo 3 dos Estatutos da XMU, correspóndelle ó Consello de Xerencia propoñerlle ó Pleno da Corporación a



adopción de acordos en todos aqueles asuntos nos que a competencia se reserva a este.

6.- De acordo cos artigos 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do RDLex. 781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- d) De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

7.- Conforme co previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a ordenanza -unha vez aprobada de forma definitiva- deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación completa, sen prexuízo do réxime transitorio previsto.”

Visto o anteriormente exposto e de acordo coa normativa de pertinente aplicación, as funcionarias informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 23 de setembro, ditamina favorablemente da devandita proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. MARIÑO MENDOZA: Traemos a este Pleno a aprobación definitiva desta modificación da ordenanza da ITE logo duns anos de funcionamento da mesma.

En primeiro lugar modifícase para a súa adaptación ó Plan xeral de ordenación municipal que se aprobou nos últimos anos, sobre todo en materia de lumes que antes non se contemplaba.

Simplifícase tamén o contido do informe, sobre todo nas ITEs que son favorables, e tamén existe unha maior eficacia nas ITEs desfavorables na toma de medidas urxentes nas obras que así o requiran.

Presentáronse un total de catro alegacións. Unha delas foi estimada parcialmente e as outras tres desestimadas.

Gustaríame dicir tamén que este ano se está reforzando o departamento da ITE porque se dobrou o número de edificios que teñen que pasar esta inspección e

estase actuando a día de hoxe sobre os edificios construídos na época do 60 ó 69. O ano que ven, no 2011, corresponderalle ós edificios construídos na década 70-80 e a partir de aí serán anuais ata o 2017 onde entrará outra volta a nova revisión que unha vez pasada por primeira vez ten que se levar a cabo cada dez anos. Polo tanto no 2017 terán que pasar a ITE os edificios do ano 86 que serían os últimos e a primeira revisión dos edificios de 2006 que serían os primeiros que a pasaron.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Conde Gil e López-Chaves Castro, do grupo municipal do PP).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, estimar parcialmente, no sentido indicado no mesmo, a alegación presentada ó acordo plenario do 22.02.2010 por D. Andrés Luna Calvo, e desestimar as formuladas por: D<sup>a</sup> Susana Fernández Cobián, D<sup>a</sup>. Beatriz López Chaves, D<sup>a</sup> Mercedes Collazo Pazó (Unión veciñal, cultural e deportiva de Candeán), notificándolles a todos eles este acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a «Modificación da ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificacións (ITE) do Concello de Vigo», co texto que se transcribe ó final deste acordo, no que se incorporan as correccións derivadas da estimación parcial, da alegación nº 1 (D. Andrés Luna Calvo) e a modificación de oficio relativa ó Anexo I.

Terceiro.- De conformidade co disposto nos artigos 70.2 da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL) e 196.2 do ROF (RD. 2568/86), publicar este acordo e o texto íntegro da ordenanza modificada no Boletín Oficial da Provincial. A modificación desta ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2011.

Cuarto.- De acordo co disposto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA), 107.3, 109 e concordantes da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da ordenanza pon fin á

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRX-PAC, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito».

No expediente se atopan debidamente dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno os seguintes documentos:

- Anexo I: Ficha técnica da edificación.
- Anexo II: Acta inspección técnica edificios (AITE). Informe de inspección e ditame actuacións:
  - A: Estado xeral da estrutura e cimentación.
  - B: Estado xeral fachadas, medianeiras e outros paramentos.
  - C: Estado xeral de conservación de cubertas e azoteas.
  - D: Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio e das condicións de seguridade en caso de lume.Ditame desfavorable
- Anexo IV: Acta de inspección técnica de edificios. Ditame favorable.

## **«ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO».**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

#### **I. XUSTIFICACIÓN**

Congruente co concepto xeral de propiedade privada acollido pola Constitución Española de 1978 no seu artigo 33, «como un haz de facultades sobre las cosas, pero también, y al mismo tiempo, como un conjunto de derechos y obligaciones» (STC 37/1987, do 26.03.1987, FX 2º), o contido normal do dereito de propiedade urbana está integrado non só por un conxunto de facultades senón tamén de deberes, entre os que se atopa o deber básico dos propietarios de manter as edificacións en debidas condicións de seguridade e salubridade.

Este deber de conservación, positivizado na lexislación urbanística e da edificación, constitúe unha das manifestacións típicas da «función social da propiedade» (art. 33.2 CE), delimitadora do contido do dereito de propiedade privada en atención á finalidade ou utilidade social que, neste caso a propiedade inmobiliaria, debe cumprir.

Desde hai tempo, vense constatando unha crecente preocupación social polo estado de conservación das edificacións e, en especial, polas consecuencias negativas derivadas do incumprimento polos propietarios das condicións de seguridade esixibles; causa en ocasións de graves danos para os bens e tamén,

lamentablemente, de perda de vidas humanas.

Para facer fronte a esta situación é preciso que os poderes públicos e, en primeira instancia, as Corporacións locais, sexan capaces de instrumentar medios de control preventivo e de fomento que complementen eficazmente as técnicas ordinarias de intervención restauradora (p.ex. ordes de execución) e as tradicionais –e imprescindibles– tarefas de policía administrativa vinculadas á vixilancia do mantemento daquelas condicións básicas de conservación.

No marco dunha necesaria cultura da rehabilitación e o mantemento, a inspección periódica ou técnica das edificacións (ITE) configúrase hoxe no dereito urbanístico autonómico e nas ordenanzas locais como un instrumento de tutela preventiva idóneo para potenciar o papel que a conservación debe xogar no mantemento da cidade e para evitar a progresiva degradación do patrimonio edificado, o deterioro urbanístico e social de determinadas áreas e a perda de identidade urbana asociada.

A realización de inspeccións técnicas periódicas deberá permitir coñecer se as edificacións están a ser conservadas e mantidas correctamente e non presentan síntomas aparentes que indiquen unha falta de seguridade nas mesmas, posibilitando unha mellora substancial dos niveis de conservación xeral e que se acometa a tempo a execución de medidas inmediatas que eviten tanto riscos para a seguridade das persoas como a necesidade de afrontar reparacións máis complexas e custosas.

Ademais de permitir un maior coñecemento e control do estado de conservación das edificacións de Vigo, obxectivo principal que se reflectirá no Rexistro da ITE, a ordenanza debería contribuír tamén a dotar de maior seguridade xurídica e técnica ós usuarios do mercado inmobiliario de vivendas de certa antigüidade ou rehabilitadas.

## **II. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PROPOSTA**

Catro anos despois da entrada en vigor da ordenanza, a experiencia práctica acumulada na súa aplicación, concretada en máis de 11.000 ITEs presentadas no período 2006-2009, aconsellan introducir no seu texto determinadas correccións, orientadas todas elas a acadar, do mellor xeito posible, o seu obxectivo principal: velar polo mantemento das condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade das edificacións suxeitas a esta obriga.

Trátase tamén, ó mesmo tempo, de clarificar e simplificar a realización dos informes da ITE e de dotar dunha maior eficacia á resposta dos cidadáns naqueles casos en que sexa necesario adoptar medidas urxentes pola existencia dunha situación de risco ou perigo inminente.

Ó mesmo tempo, a entrada en vigor do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo de 2008 (PXOM) xustifica a adaptación da ordenanza da ITE ás novas determinacións do planeamento; acomodación normativa xa prevista, por certo, na súa disposición final 1ª.

Así, por exemplo, a esixencia de acreditar o cumprimento das condicións de protección contra incendios (art. 2.3.4 NNUU) traducirase na obrigatoria

incorporación dun novo informe que garanta o cumprimento daquelas condicións e afectará ó contido dos arts. 1 e 5 da ordenanza, ó Anexo II - Informe "D" (apdo. "D.2") e ó ditame.

Ademais, a distinción que realiza o PXOM entre as situacións de fóra de ordenación total e parcial ("fóra de ordenación" e "fóra de ordenanzas", respectivamente: arts. 2.7.20 e 2.7.22 NNUU), recóllese agora na ordenanza no seu Anexo I («Ficha técnica da edificación»), páxina 2 («situación urbanística»). Considérase innecesaria a concreción do grao das ditas situacións polo que, en aras dunha maior simplificación da ficha, unicamente se recollerá a situación de fóra de ordenación total.

As principais modificacións que se propoñen son, en síntese, as seguintes:

- Establécese o contido mínimo do informe de ITE e a obriga de levar a cabo os estudos previos necesarios para determinar a existencia ou non de danos na edificación. Para estes efectos, obrígase a realizar probas, calas ou catas no caso de que existan indicios que leven ó técnico a supoñer a existencia dun dano oculto.
- Clarifícase o contido mínimo dos informes desfavorables e elimínase o informe "E", relativo ó estado xeral dos elementos comúns (portais, escaleiras, etc.), xa que este soamente resultaba de aplicación para os edificios de vivenda colectiva ou de oficinas e o seu contido debíase incluír obrigatoriamente xa nos demais informes.
- Asegúrase unha maior eficacia na adopción por parte da propiedade, baixo a dirección dun técnico competente, das medidas inmediatas de seguridade esixidas diante dunha situación de perigo inminente. A adopción destas medidas urxentes quedarán debidamente xustificadas, técnica e documentalmentemente, no informe de ITE. Así, no art. 9 da ordenanza establécese a obriga de presentar, xunto co informe de ITE, un compromiso de execución inmediata das medidas urxentes necesarias e, á súa finalización, un documento que acredite a correcta execución destas.
- Simplifícase o contido dos informes en dous (2) modelos, dependendo de que o resultado da inspección sexa favorable ou desfavorable. Así, se o resultado fose favorable non será necesaria a presentación de todos os informes senón soamente do ditame favorable.
- Modifícase a ficha técnica da edificación (anexo I) para posibilitar a introdución dun maior número de referencias catastrais e doutros datos relativos ó réxime propiedade.

### **III. FUNDAMENTO LEGAL**

O artigo 200 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluíranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, os prazos e as condicións nas que deba realizarse a ITE a cargo de facultativo competente, que consignará os resultados da súa inspección expedindo un informe no que describirá os estragos

apreciados no inmovible, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súa dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo da anterior inspección periódica. A eficacia deste informe esixe remitirlles copia del ó Concello e ó colexio profesional correspondente.

A Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo poderá esixir dos propietarios a exhibición dos informes actualizados de inspección periódica de edificacións e, se descubriese que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio a custa dos obrigados.

No artigo 217.4 do mesmo texto legal tipifícase como infracción urbanística leve o incumprimento da obriga de realizar a inspección periódica das edificacións, sancionable con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a)].

#### **IV. COMPETENCIA MUNICIPAL**

De acordo coa lexislación de réxime local, o Concello de Vigo conta, no desenvolvemento das súas funcións de policía urbana, coa habilitación legal precisa para exercer competencias en materias tales como disciplina urbanística (arts. 25.2.d] LRBRL e 80.2.d] LALGA), patrimonio histórico-artístico (arts. 25.2.e] LRBRL e 80.2.e] LALGA), protección do medio ambiente (arts. 25.2.f] LRBRL), protección civil (arts. 25.2.c] LRBRL e 80.2.c] LALGA) e protección da salubridade pública (art. 25.2.h] LRBRL).

#### **V. CONTIDO E ALCANCE DA ORDENANZA**

A «Ordenanza municipal reguladora da Inspección técnica de edificacións (ITE) do Concello de Vigo» establece a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística e a propia ordenanza mediante a obtención dun informe de inspección técnica da edificación expedido por técnico competente, co contido, na forma e nos prazos sinalados nela.

Esta obriga alcanza a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino, agás as declaradas en situación de ruína ou sometidas a expediente contradictorio de ruína mentres non exista resolución firme.

Para todos os edificios existentes á entrada en vigor da ordenanza, os prazos para a presentación do primeiro informe empezarán a contar desde esa mesma data e quedan fixados na forma establecida na disposición transitoria única, sen que en ningún caso esta disposición poida xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

Para posibilitar o axeitado control do cumprimento das obrigas derivadas da Ordenanza, prevese a constitución na Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo dun rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección

técnica, o «Rexistro de inspección técnica da edificación », no que deberán constar a data de presentación e o contido de cada un dos informes de inspección técnica da edificación e das fichas técnicas da edificación que se han presentar xunto con el.

## **VI. IMPLEMENTACIÓN**

A virtualidade da ITE, na forma en que se regula nesta ordenanza, esixe que se dote á Xerencia de Urbanismo de maiores medios, materiais e humanos, a realización dunha serie de traballos técnicos previos (censo de edificacións, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc.), a creación do Rexistro da ITE, a subscripción de convenios de colaboración cos colexios profesionais directamente implicados, unha axeitada campaña divulgativa entre a cidadanía e os profesionais e, por último, a instrumentación dun réxime específico de axudas á propiedade para realizar as ITE e, de ser o caso, para levar a cabo as obras recomendadas.

### **ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E OBXECTO DA ORDENANZA**

1.1.- Dítase esta ordenanza ó abeiro do disposto, especificamente, no artigo 200 da LOUGA, que establece a obriga dos concellos de regular mediante ordenanza municipal o deber de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

1.2.- Regúlase nela a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación, concretado no mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estruturais e condicións de protección ou de seguridade en caso de incendios, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, de acordo co establecido na normativa urbanística aplicable e nesta ordenanza.

1.3.- Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estruturais e de seguridade en caso de incendios, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:

- a) Seguridade, estabilidade e consolidación estruturais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes do mesmo danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, ós soportes, ás vigas, ós forxados, ós muros de carga ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.
- b) Seguridade e estabilidade dos seus elementos construtivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, varandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden caer á vía pública.
- c) Estanquidade fronte á auga, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.
- d) Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa da falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.
- e) Cumprimento das condicións de protección de incendios que correspondan en

aplicación da normativa aplicable no momento da licenza obtida.

1.4.- O cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica.

## **ARTIGO 2.- OBRIGADOS**

2.1.- Todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.) estarán afectados pola obriga formal establecida nesta ordenanza. Exceptúanse as edificacións declaradas en situación de ruína por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruína.

2.2.- No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios o deber de realizar a ITE corresponderá á propia comunidade.

## **ARTIGO 3.- INFORME DE INSPECCIÓN TÉCNICA DA EDIFICACIÓN**

3.1.- A obriga formal de acreditar o cumprimento do deber de conservación da edificación verificarase mediante a obtención por conta e cargo do propietario de informe expedido polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función que el mesmo designe. O contido, forma e prazos de presentación do informe serán os establecidos nesta Ordenanza.

3.2.— De conformidade co disposto no artigo 200 da LOUGA, para a eficacia deste informe esixirase a presentación de copia do mesmo no colexio profesional correspondente e no rexistro de inspección técnica da edificación que se ha constituír na Xerencia.

Poderán presentalo, ademais dos propietarios das edificacións, os presidentes das comunidades de propietarios e os que exerzan o cargo de administrador. Neste último suposto achegarase o título e virtude do cal se ostenta a representación.

3.3.- Para o caso de edificacións pertencentes ás administracións públicas os informes poderán ser conformados polos seus servizos técnicos competentes.

## **ARTIGO 4.- FICHA TÉCNICA DA EDIFICACIÓN**

Establécese a obriga de realizar unha ficha técnica da edificación, relativa á situación xurídica, arquitectónica, urbanística e ó réxime de ocupación da mesma, segundo o modelo que se xunta a esta ordenanza como Anexo I.

## **ARTIGO 5.- CONTIDO DO INFORME**

5.1.- A resultas da inspección realizada o informe técnico deberá consignar o resultado da mesma, indicando inequivocamente que o edificio ou edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estrutural e de seguridade en caso de incendios, así como as de habitabilidade en que debe manterse en función do seu uso e fará referencia, necesariamente, ós seguintes aspectos:



- Estado da estrutura e cimentación (incluídas a das escaleiras, a estrutura ou armadura da cuberta, muros de carga, ...).
- Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, dos elementos que puidesen supoñer un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas, aplacados, varandas, marquesiñas, entre outros.
- Estado de conservación de cubertas e azoteas.
- Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio e das instalacións e/ou elementos de protección ou seguridade en caso de lume que correspondan en aplicación da normativa aplicable no momento da licenza obtida.

5.2.- Para o caso de que non se acadasen as condicións citadas anteriormente, o informe deberá expresar claramente o resultado desfavorable da inspección con indicación dos prazos de inicio e de execución estimados para a execución das obras ou medidas indicadas nos mesmos e reflectirá como mínimo o seguinte contido:

- a) Con carácter previo á redacción do informe e sempre que existan indicios dun posible dano, deberán realizarse e describirse no informe todos os estudos previos que a xuízo do técnico inspector sexan necesarios para obter un coñecemento suficiente da edificación: apertura de calas, catas, desmontaxe de falsos teitos, colocación de testemuñas, etc...
- b) Data da visita ou visitas de inspección realizadas.
- c) Identificación do inmovible/s afectado/s pola actuación.
- e) Descrición do sistema construtivo.
- d) Descrición, localización, extensión (afección puntual, parcial, xeneralizada,...) dos danos e/ou deficiencias que afecten á estrutura e cimentación, ás fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos e ós elementos que puidesen supoñer un perigo para a vía pública, ás cubertas e azoteas, ás redes xerais de fontanería e saneamento do edificio e ás instalacións ou elementos de protección en caso de lume.
- f) Descrición do proceso patolóxico e das súas posibles causas.
- g) Descrición das obras e traballos que, de forma priorizada, se consideran necesarias para subsanar as deficiencias descritas no apartado e )e para a eliminación das súas causas, a fin de evitar que a dita lesión se volva producir. Esas obras serán obxecto de licenza e, polo tanto, deberán ser permisibles de acordo coa normativa vixente.

5.3.- Así mesmo, deixarase constancia do grao de realización e efectividade das medidas, traballos e obras realizadas para cumprir as recomendacións expresadas con motivo de anteriores inspeccións periódicas.

5.4.- Comprenderá, así mesmo, a indicación das medidas provisionais inmediatas de seguridade adoptadas, con xustificación de que non admitían demora por motivo de inminente perigo para os ocupantes da edificación ou das lindeiras ou para as persoas que transiten polas súas inmediacións ou pola vía pública. Esas medidas observarán, en calquera caso, o principio de intervención mínima, correrán a cargo da propiedade, baixo dirección técnica competente, e serán as que o técnico considere imprescindibles para evitar un risco inminente. Poderán consistir en retirada de elementos das fachadas, apeos e apontoamentos puntuais, valados ou outras análogas.

A adopción destas medidas de seguridade urxentes deberá quedar debidamente xustificada técnica e documentalmente no informe de inspección técnica.

En ningún caso se poderán realizar, ó amparo deste procedemento, obras, medidas ou traballos que supoñan a demolición total ou parcial da edificación ou construción, a alteración de elementos protexidos, nin afectar ó réxime de ocupación do inmovible.

5.5.- O informe presentarase segundo os modelos que se xuntan a esta ordenanza como anexos II ou III, dependendo de que o resultado da inspección sexa desfavorable ou favorable, debidamente cubertos e acompañado de:

- a) Reportaxe fotográfica do exterior e o interior do edificio (en cor e tamaño mínimo 8 x 5 cm), con lendas explicativas expresivas do contido do informe que corresponda. A reportaxe fotográfica asinarase obrigatoriamente polo técnico inspector.
- b) Plano de situación a escala mínima 1:1000. Nel delimitaranse graficamente tanto os límites da parcela como o conxunto de edificacións que fosen inspeccionadas.
- c) Consulta/s descritiva/s gráfica de datos catastrais.

## **ARTIGO 6.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DO INFORME**

6.1.- O informe deberá presentarse no colexio profesional correspondente e no rexistro de inspección técnica da edificación da xerencia, acompañado da ficha técnica da edificación.

6.2.- O primeiro informe deberá presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 30 anos de antigüidade ou dentro do prazo específico de 3 meses se o propietario da edificación fose requirido ó efecto de forma expresa e motivada pola Xerencia.

6.3.- O informe deberá renovarse periodicamente, dentro do ano seguinte a aquel en que teñan transcorrido 10 anos desde o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior e entregarse no rexistro de inspección técnica da edificación da xerencia, xunto coa ficha técnica debidamente actualizada, conforme ós modelos establecidos nos anexos I e II ou III da ordenanza.

6.4.- Para os efectos desta ordenanza, entenderase como idade da edificación o tempo transcorrido desde a data de terminación total da súa construción. Non obstante, no caso de que se executasen, de acordo coa licenza e autorizacións sectoriais esixidas, obras de reestruturación xeral ou total que afecten á edificación completa, o prazo de presentación do informe así como o das sucesivas renovacións, comezará a contar a partir da data de emisión do preceptivo certificado de finalización de obra.

6.5.- A idade da edificación acreditarase mediante os seguintes documentos, relacionados por orde de preferencia: (1) Certificado final de obras expedido por facultativo/s competente/s; (2) Licenza de primeira ocupación; (3) Comunicación ó Concello do remate das obras; (4) Licenza de obras. En ausencia deles, tomarase como data de terminación a que resulte de calquera comprobación municipal desa situación e, no seu defecto, determinarase por calquera medio de proba admisible en

Dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características construtivas relacionando os documentos e datos polos que se lle atribúe a dita antigüidade.

6.6.- Sen prexuízo do anterior, a administración municipal colaborará cos interesados facilitándolles os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros.

## **ARTIGO 7.- REXISTRO DE ITE E LIBRO DO EDIFICIO**

7.1.- Para os efectos previstos nesta ordenanza, constituirase na Xerencia un rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, denominado «Rexistro de inspección técnica da edificación» no que quedará constancia da data de presentación e do contido de cada un dos informes e das fichas técnicas da edificación que se presenten.

7.2.- A función deste Rexistro será o control do cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza.

7.3.- Os datos que consten nel serán públicos ós únicos efectos informativos e estatísticos, verificándose o acceso ó mesmo de acordo co previsto no artigo 37 da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na LO.15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no que resulte de aplicación.

7.4.- As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos informes e as súas correspondentes fichas técnicas xuntaranse ó libro do edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios ou polas persoas legalmente responsables nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal e transmitidas ós seus novos titulares en caso de alleamento por calquera título, de conformidade co previsto na L.38/1999, do 5 de decembro, de Ordenación da Edificación (art. 16) e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma.

## **ARTIGO 8.— CONSECUCIAS DO INCUMPRIMENTO DA PRESENTACIÓN EN PRAZO DO INFORME**

8.1.- Se a Xerencia descubriuse que non se efectuaron e presentaron en prazo as inspeccións periódicas da edificación previstas nesta ordenanza, ordenará a realización das mesmas, outorgando ó efecto un prazo de 3 meses.

8.2.- Transcorrido este prazo sen que se cumprise o ordenado e sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto na LOUGA e no RDU, a Xerencia poderá realizar a ITE de oficio e a custa dos obrigados. Para estes efectos, notificaráselles a identidade do técnico colexiado designado e o custo estimativo da súa intervención. Os honorarios a percibir polos traballos da ITE serán exaccionados pola Xerencia ós propietarios, podendo recorrer, de ser o caso, á vía de constrinximento.

8.3.- Coa finalidade de levar a cabo a execución subsidiaria prevista no parágrafo anterior, a Xerencia poderá formalizar convenios de colaboración cos colexios profesionais a fin de que os colexiados que reúnan os requisitos de capacitación e

idoneidade técnica necesarios poidan realizar a inspección regulada na ordenanza. A designación dos colexiados a efectuará o respectivo colexio segundo a súa normativa interna.

8.4.- De non se formalizar estes convenios, a Xerencia poderá organizar unha quenda á que poderán acceder todos aqueles titulados colexiados que reúnan os anteriores requisitos de capacitación e idoneidade técnica. A súa designación farase de forma rotatoria por orde de antigüidade na lista.

8.5.- En todo caso, a formalización de tales convenios e a contratación dos técnicos para realizar as inspeccións adecuaranse ás previsións orzamentarias da Xerencia.

8.6.- Non poderán concederse axudas municipais á rehabilitación total ou parcial das edificacións sen cumprir en prazo coa obriga de presentar o informe de inspección técnica da edificación.

#### **ARTIGO 9.- CONSECUCIAS DO INFORME DESFAVORABLE**

9.1.- Se o resultado da inspección técnica fose desfavorable, a propiedade deberá solicitar e obter licenza municipal e, de ser o caso, as oportunas autorizacións sectoriais para proceder á execución das obras indicadas no informe nos prazos que no mesmo se determinen o que acreditará co correspondente certificado de finalización das obras emitido polo técnico director.

9.2.- Cando as obras a realizar non teñan o carácter de urxentes, o prazo para presentar a correspondente solicitude de licenza de obras na Xerencia será de 2 meses.

9.3.- Se, malia o disposto no artigo 5.4 desta ordenanza, o informe de ITE xustifica a existencia dun perigo inminente para as persoas ou os bens, non solventado conforme ó establecido nese precepto, o propietario deberá acompañar un compromiso de execución inmediata, baixo dirección técnica competente, de todas as medidas provisionais de seguridade recollidas no informe de ITE que de forma precautoria e preventiva eliminen a situación de risco inminente, tales como apeos, apontoamentos, retirada de elementos soltos, etc., presentando, a súa finalización, o documento xustificativo que acredite a correcta execución destas medidas.

A sinatura dese compromiso implica que a propiedade asume plenamente as responsabilidades de toda orde que se puidesen derivar da falla de mantemento en condicións de seguridade do edificio, sen prexuízo de que, en calquera momento, a Xerencia de Urbanismo poida ditar unha orde de execución conforme ó previsto no artigo 10 desta ordenanza.

9.4.- A subsanación das deficiencias observadas farase constar, en todo caso, no Rexistro de inspección técnica da edificación.

#### **ARTIGO 10.-ORDES DE EXECUCIÓN POR NON REALIZAR AS OBRAS PREVISTAS NO INFORME**

10.1.- De se incumprir o disposto nos apartados 9.1., 9.2. e 9.3. do artigo anterior e con base no informe da ITE, os servizos técnicos e xurídicos da Xerencia emitirán

informe propoñendo ao órgano competente da Xerencia o inicio de procedemento para ditar unha orde de execución ou incoar de oficio o expediente de declaración de ruína do inmovible, de resultar procedente a adopción desta medida.

10.2.- As ordes de execución que se diten a resultados do informe da ITE e dos informes técnicos e xurídicos municipais deberán conter a determinación concreta das obras que fosen precisas para restablecer as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, e fixar os prazos de comezo e execución para o cumprimento voluntario do ordenado polo propietario; prazos que estarán en función da importancia, volume e complexidade das obras por realizar.

10.3.- Igualmente, determinarase se a entidade das obras esixe a redacción de proxecto técnico e de estudo de seguridade e saúde e a existencia de dirección facultativa.

#### **ARTIGO 11.- RÉXIME SANCIONADOR**

11.1.- O incumprimento do propietario da súa obriga de presentación do primeiro e sucesivos informes no tempo e a forma establecidos nesta ordenanza, así como das ordes de execución das obras resultantes da inspección técnica, constitúe, de acordo co artigo 217.4 da LOUGA, infracción urbanística leve, que será sancionada con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a] LOUGA).

11.2.- Conforme co preceptuado no artigo 223 da LOUGA, a potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na lexislación do procedemento administrativo. O prazo para resolver o procedemento sancionador será de 1 ano contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No suposto de que a infracción non prescribise, deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.

11.3.- No tocante ós órganos competentes para a imposición das sancións e ós prazos de prescrición de infraccións e sancións estarase expresamente ó disposto sobre o particular na LOUGA.

#### **ARTIGO 12.- RÉXIME XERAL DO DEBER DE CONSERVACIÓN**

12.1.- O cumprimento da obriga formal establecida nesta ordenanza entenderase sen prexuízo do réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente e das facultades de inspección urbanísticas atribuídas á Xerencia.

12.2.- No exercicio desa potestade municipal de policía urbanística poderá ordenar en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte e de acordo co procedemento previsto nos artigos 26 e seguintes do RDU, a execución das obras requiridas para o cumprimento dos deberes de conservación, adoptando ou ordenando ós propietarios a adopción das medidas provisionais e urxentes que, de ser o caso, resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidese recaer e evitar causar danos ás persoas e ós bens.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Documentación dos proxectos técnicos.**

Os proxectos técnicos de edificación que se presenten a partir da entrada en vigor desta ordenanza para a obtención da correspondente licenzia municipal deberán incluír obrigatoriamente na súa documentación as especificacións técnicas e detalles construtivos relativos ós elementos exteriores da edificación (fachadas interiores e exteriores, paramentos e cuberta) e ós demais elementos arquitectónicos susceptibles de desprenderse e caer sobre a vía pública ou afectar a terceiros (cornixas, gárgolas, aleiros, canles, embornais, peitorís, galerías, balcóns, ménsulas, orlas, impostas, escudos, etc.); en especial cando se prevexa a execución dos revestimentos das fachadas mediante chapados ou aplacados.

Incluirase, igualmente, a xustificación técnica da seguridade deses elementos de acordo coas regulamentacións aplicables.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: Convenios de colaboración.**

Ademais dos convenios que se poidan formalizar ó abeiro do disposto no artigo 8.3 desta ordenanza e nos que se concretará a posible colaboración dos colexios profesionais nos procedementos de execución subsidiaria nos supostos de incumprimento polos propietarios da obriga de realizar a ITE, a Xerencia poderá realizar outros, con eses mesmos colexios ou coas organizacións e asociacións profesionais do sector interesadas, nos que se establezan mecanismos de coordinación e de intercambio de información útil e se prevexa a organización de xornadas técnicas e de difusión da ordenanza, cursos de formación e especialización para profesionais, campañas divulgativas entre a poboación e demais medidas tendentes a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da súa aplicación.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA: Réxime de subvencións.**

O Concello de Vigo poderá establecer, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que poderán beneficiarse os propietarios que acrediten de xeito fidedigno a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo da inspección técnica da edificación regulada nesta ordenanza. En todo caso, o outorgamento das axudas axustarase ós criterios vixentes para o acceso á vivenda protexida, de forma que a súa contía estea en función dos ingresos da unidade familiar.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA**

1.- As disposicións desta ordenanza serán aplicables ás edificacións en función da súa antigüidade, debendo someterse á primeira inspección nas seguintes datas:

- a) As edificacións construídas ata 1919, durante o ano 2006.
- b) As edificacións construídas entre 1920 e 1939, durante o ano 2007.
- c) As edificacións construídas entre 1940 e 1949, durante o ano 2008.
- d) As edificacións construídas entre 1950 e 1959, durante o ano 2009.
- e) As edificacións construídas entre 1960 e 1969, durante o ano 2010.
- g) As edificacións construídas entre 1970 e 1980, durante o ano 2011.
- i) As edificacións construídas en 1981, durante o ano 2012.

2.- Unha vez presentado o primeiro informe, a preceptiva renovación efectuarase conforme ó réxime xeral previsto no artigo 6.3 desta ordenanza.

3.- En ningún caso esta disposición transitoria poderá xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

No momento da entrada en vigor desta ordenanza (modificada), quedará derrogada expresamente a «Ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificacións do Concello de Vigo» aprobada definitivamente en sesión plenaria do 01.04.2005 e publicada no BOP nº 93, do 16.05.2005, que entrou en vigor o 01.01.2006.

### **DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da ordenanza.

### **DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

Conforme co establecido no artigo 70.2 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, esta ordenanza será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2011, rexendo en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se formulan.

### **5.- MOCIÓNS:**

5.1.- (226).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO O APOIO DA CORPORACIÓN Á FOLGA XERAL QUE TERÁ LUGAR O VINDEIRO 29 DE SETEMBRO. DOC. 100119514.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de setembro, número 100119514 (Rexistro Pleno nº 37, do 23.09.10), a voceira do

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“A crise económica ten a súa orixe na aplicación de doutrinas políticas que construíron unha economía dominada polo capital financeiro e cada vez máis desconectada da economía produtiva e das necesidades reais dos pobos e as persoas. Así, quedaron demostrados os efectos perniciosos duns mercados financeiros desregulados e a ineficacia dun modelo produtivo baseado no sector da construción e na actividade inmobiliaria.

A análise que propiciou as medidas que se recollen na reforma laboral parten dunha concepción errónea. Nela responsabilízase ao mercado de traballo do alto nivel e forte crecemento do desemprego. Non obstante, a dinámica de creación e destrución do emprego depende doutros factores, ligados principalmente ao dinamismo económico. Así, organizacións como a OCDE, que inicialmente defenderon a argumentación de que canta maior protección laboral, maior desemprego, no ano 2006 corrixiu as súas teses. Efectivamente, as causas do gran incremento do desemprego en Galicia radican no esgotamento dun modelo produtivo que tivo os seus principais eixos na baixa produtividade e na especialización en actividades de escaso valor engadido, cuxo exemplo máis claro é a creación dunha burbulla ao redor da actividade construtiva e inmobiliaria, cuxo estalido acentuou a intensidade do desemprego. A isto únense outros factores, como a falta de competencias e existencia de vetos a Galicia para poder desenvolver completamente os seus sectores produtivos, como ocorre no sector naval ou o leiteiro, ou as limitacións no acceso ao crédito por parte de PEMES e autónomos.

Estas son razóns polas que a reforma laboral do goberno do PSOE non resolverá os problemas estruturais da economía galega, posto que non contempla medidas eficaces que permitan loitar contra o alto desemprego existente. A reforma laboral non vai crear emprego porque a causa da crise non radica no mercado de traballo nin na súa suposta rixidez. Constátase que o gran aumento do desemprego en épocas de crises afecta especialmente ao Estado Español, con caídas do PIB equivalentes á media da Unión Europea, destrúese máis do dobre de emprego que na eurozona. E, no caso galego, entre 2007 e 2010 dobrouse o paro, xa que se pasou de 96.700 persoas a máis de 211.000. De feito, despois de aprobada a reforma laboral, comprobamos como en Galicia o paro rexistrado creceu durante o mes de agosto en 1743 persoas, o que significa un incremento do 0,8% con respecto ao mes anterior. Este dato amosa até que punto é falso que a reforma laboral sirva para crear emprego.

Pola contra, a actual reforma, que aumenta a flexibilidade no despedimento e na aplicación do salario pactado, atrasará a saída da crise e fará recaer sobre a clase traballadora as súas consecuencias máis dramáticas, supoñendo un recorte nos dereitos dos traballadores e traballadoras.

Un dos aspectos máis desacertados da reforma é o feito de abaratar e facilitar o despedimento. E con respecto ao pago polo FOGASA dunha parte da



indemnización polo despedimento, esta supón un abaratamento do custo do despedimento por parte do empresariado, xa que só asumiría parte da indemnización, polo que, a efectos prácticos, o empresario terá maiores incentivos para o despedimento de traballadores. Tamén é especialmente grave a maior apertura á iniciativa privada da intermediación laboral. É necesario mellorar a intermediación laboral e reforzar os servizos públicos de emprego.

Ante esta reforma laboral é necesaria unha forte contestación social e política, como a convocatoria de folga xeral o vindeiro 29 de setembro, que desde o Bloque Nacionalista Galego apoiamos para que se muden as políticas económicas contrarias aos intereses de traballadores e traballadoras e da sociedade en xeral, ao tempo de defender un modelo económico que garanta de xeito prioritario o benestar das persoas a través da súa estabilidade nos empregos e o acceso a servizos públicos de calidade.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Apoiar a convocatoria e a mobilización da Folga Xeral do vindeiro 29 de setembro.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O vindeiro día 29 penso que nin en Vigo, nin en Galicia nos xogamos calquera cousa, xogámonos algo moi importante que sen ningunha dúbida é a defensa dos nosos dereitos como traballadores e traballadoras, a defensa dunha vida digna para o mundo do traballo e a defensa daqueles valores que moitas persoas, moitos traballadores e traballadoras foron conquistando ó longo do tempo e que por mor dun sistema económico mundial van ir ós poucos desaparecendo se non lle poñemos freo.

A reforma laboral pon en perigo claramente o futuro da estabilidade salarial e o futuro laboral de moitos, de milleiros de traballadores e traballadoras. Traballadores e traballadoras, pensionistas, xubilados, empregados públicos que hoxe se están preguntando que fixeron para que poida existir a crise económica e financeira que nestes momentos asola a todo o país. Pregúntanse que culpa teñen para que esta crise exista.

Pregúntanse isto porque estamos chegando a unha triste conclusión: a crise económica e financeira foi claramente por culpa dos poderes financeiros, dos

mercados internacionais, dos especuladores, daqueles que non tiveron ningún tipo de reparo en conseguir beneficios rápidos a través de negocios inmobiliarios en moitos casos de dubidosa legalidade. Por culpa de todo isto chegamos á crise máis importante que estamos vivindo dende o ano 29. Os traballadores e traballadoras e os pensionistas pregúntanse que culpa tiveron eles porque cando vemos todas e cada unha das medidas que por parte deste goberno se están aplicando para solucionar esta crise económica, todas e cada unha destas medidas van incidir e prexudicar precisamente ós que non foron culpables: ós traballadores, ás traballadoras, ós pensionistas, a aqueles que seguen a sufrir a precariedade laboral, etc.

Polo tanto o que nos xogamos o día 29 non é ir só na contra dunha reforma laboral que grava ás clases menos favorecidas, que mantén ó forte empresariado desta cidade e deste país cos mesmos privilexios de sempre, que non grava ás rendas máis altas, que non incide realmente nos problemas serios que crearon esta crise.

Como se pode falar de que queremos crear emprego cando o que estamos facendo é abaratar os despedimentos? Non coñecemos ningún analista serio que poida avalar que unha política para fomentar o emprego sexa precisamente darlle a oportunidade ós empresarios de que poidan despedir ós traballadores e traballadoras de xeito moito máis barato. Ó longo da historia todas estas medidas propugnadas sempre polos grandes mercados internacionais e polas forzas da dereita, nunca tiveron o resultado de xeración de emprego. Por iso nós cremos que outra relación económica mundial en Vigo e en Galicia é posible.

É por isto polo que o BNG cre que os traballadores e traballadoras e todos os cidadáns temos que saír á rúa o 29 de setembro para dicir que non estamos nin estaremos nunca dispostos a que se nos recorten eses dereitos que foron conquistados hai moitos anos co sufrimento e co traballo de moitos traballadores e traballadoras. É por iso que o 29 de setembro vai ser unha boa oportunidade para ver quen está ó carón do mundo do traballo e quen ó carón da macroeconomía.

Por isto presentamos esta moción, para que a Corporación apoie a mobilización da folga xeral do vindeiro 29 de setembro.

SR. LÓPEZ FONT: É evidente que nos atopamos diante dunha crise económica mundial moi importante, unha crise que afecta a España como afecta ó resto dos países. Pero o Partido Socialista na súa política sempre quixo ir da man cos sindicatos. A concertación e o diálogo social, dentro da nosa acción política, foi un dos eixes básicos, demostrámolo ó longo da historia da democracia de España e poderíanse poñer moitos exemplos do que baixo o mandato do Partido Socialista é a concertación, a procura de diálogo social, todo orientado a que as políticas sociais dos gobernos presididos por socialistas no ámbito que cumpra sexa o noso primeiro obxectivo. O presidente, Sr. Rodríguez Zapatero, é o mellor exemplo de compromiso co gasto social e dunha acción de goberno na que se crearon moitas melloras sociais e investíuse moito diñeiro dende os Orzamentos xerais do Estado.

Como dicía ó principio, é certo que estamos diante dunha crise mundial e que un goberno como o da Nación debe atallar e procurar buscar solucións a esta crise que afecta a España tamén. De feito o goberno español foi un dos primeiros gobernos en propugnar, en lanzar medidas aprobadas no Parlamento de cara á solución desta crise económica. Fomos dos primeiros, non contamos coa colaboración do Partido Popular que sempre dixo que ía propoñer certas medidas, pero logo actuaban sempre dende a insolidariedade co país. Pero insisto en que todas as medidas do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero e dos gobernos socialistas foron orientadas ó incremento do gasto social e ó compromiso cos máis débiles. Polo tanto nese sentido é polo que digo que sempre fomos da man cos sindicatos.

Estamos a falar dunha reforma laboral que evidentemente era necesaria e que todo o espectro político, económico e sindical recoñecía. De feito a negociación sobre a reforma laboral ven de atrás. Foi longa, intensa cos sindicatos e polo tanto o goberno sempre buscou o acordo coas centrais sindicais. Non así a patronal que tamén, como o Partido Popular, non demostrou estar á altura das circunstancias.

Nesa reforma laboral o goberno en trámite parlamentario aceptou setenta emendas e pretendíanse tres obxectivos fundamentais: evitar máis

despedimentos, propugnar máis contratos indefinidos e sobre todo dar facilidades para desenvolver a actividade económica. En suma, a reforma laboral o que pretende é máis crecemento da economía e do emprego para dar unha resposta acorde coa situación de crise mundial.

É evidente que o modelo anterior non servía, o modelo económico en Europa en xeral xerou desemprego pero no caso de España chegamos a un 20% de desemprego e polo tanto deberíamos facer nesta reforma laboral da flexibilidade, un concepto no que todos estaban de acordo, un dos grandes trazos.

O que ocorre é que se din cousas sobre a reforma laboral que non son exactas. Non hai un abaratamento do despedimento, as indemnizacións por despedimento mantéñense só nunha parte que asume o FOGASA e coa intención de que mellore a canle de negociación entre os sindicatos e os empresarios.

Como conclusión dende o Partido Socialista non estamos a favor desta convocatoria de folga xeral, crémola innecesaria. Como dicía anteriormente cremos que a reforma era necesaria, mantemos o espírito negociador tanto dende o goberno da Nación como dende todos os ámbitos nos que goberna o Partido Socialista, é evidente que esta reforma laboral necesaria sería moito peor. Somos un partido claramente solidario co país e coa procura de solucións ó principal problema que ten este país que é o emprego e ese camiño, a partir do 30 de setembro, como anteriormente ó 29 de setembro, percorrerémolo cos sindicatos na busca de propostas conxuntas. Outras reformas coma a das pensións no seu momento xeraron dúbidas entre os cidadáns e ó final demostrouse a súa viabilidade e a consistencia destas medidas.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Efectivamente a situación en España é moi complicada e moi grave como consecuencia sobre todo da xestión do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero que levou a España a unha situación insostible.

Dende 2004 hai dous millóns máis de parados. A crise non tivo os mesmos efectos en todos os países. En España o paro é do 20,4%, o dobre da media da Unión Europea que non chega nin ó 10%, polo tanto a crise non afecta a todos os países por igual, senón que afecta de maneira esencial a algúns como consecuencia da xestión do seu goberno. O paro feminino aumentou nestes anos

en 700.000 paradas e o paro xuvenil o 40%, o dobre da media europea. Ese é o resultado da política, da xestión do Sr. Rodríguez Zapatero, cousa que non pasa noutros países que se puideron ver afectados polo paro. A xestión do Sr. Rodríguez Zapatero é de máis paro, máis desemprego e de máis crise. Ese é o resume da xestión económica do Sr. Rodríguez Zapatero.

Dende o ano 1996 ata o 2004 España crecía a unha media anual do 3%, 1,2 por riba da media europea, cousa que lle permitía crear emprego, creáronse máis de 4 millóns de empregos durante os anos do goberno do Partido Popular. En troques agora non, agora destrúese emprego e estamos en recesión.

O déficit e a débeda pública reducíronse, nun 18% a débeda pública e agora aumenta un 12%; en canto ó déficit somos o terceiro peor país de toda a Unión Europea, só nos superan Grecia e Portugal que precisamente non están nunha situación económica moi recomendable.

Cando xestiona o Partido Popular hai superávit, créase emprego. Cando xestiona o Partido Socialista hai paro e créase unha situación de recesión.

O desastre non ven por que si, non ven só pola crise que vemos que non afecta a todos países por igual. Ven como consecuencia da xestión do goberno central que primeiro negou a crise. Lembran aquilo de que quen dicía que había crise era anti-patriota? Diso que dicía o Sr. Rodríguez Zapatero que negaba a crise e negouna durante moito tempo? E agora mesmo escoitamos ó Sr. López Font loando a política do Sr. Rodríguez Zapatero. Viven noutro mundo. O Sr. Rodríguez Zapatero vive nun mundo, no ano 2008, negando a crise e agora o Partido Socialista aquí en Vigo vemos que vive noutro mundo loando a política do Sr. Rodríguez Zapatero que nos levou a esta situación.

En segundo lugar carecen de criterios, actúan de forma irreflexiva, anuncian as medidas un día, ó día seguinte négnas e ó terceiro día fan todo o contrario. Non hai política económica.

Por último porque as medidas que adoptan mal, tarde e de maneira irreflexiva non crean emprego, crean desemprego e déficit e o exemplo máis claro é o Plan E con 150.000 millóns de euros. Para que foi o Plan E? O único que orixinou foi máis paro e máis déficit. O que pasou foi que para pagar o Plan E hai que reducir as pensións conxelándoas, hai que reducir os salarios dos funcionarios, quitar as

axudas ás mulleres que teñen nenos; todo iso é consecuencia do Plan E. Foron 150.000 millóns para o Plan E gastando diñeiro que non tiñamos e agora lles hai que sacar diñeiro ás familias e facer recortes sociais para pagar o que se gastou sen fondos.

Que pasou en Vigo nestes anos? Dende que o Sr. Caballero é alcalde aumentou o paro en 10.000 persoas. Estamos en 27.000 parados. Nunca existiu tal cifra de parados na nosa cidade. É o alcalde do paro e iso malia dispoñer de ducias de millóns de euros para crear emprego. Houbo 15.000 millóns para crear emprego e o que fixo o Sr. Caballero foi crear paro. Nunca en Vigo houbo a taxa de paro que hai agora, nunca existiu ese paro nesta cidade. É o alcalde do paro malia ter diñeiro e capacidade económica para xerar emprego. Tivo diñeiro e non soubo xestionar.

O PP reconece o dereito dos traballadores a facer folga, pero tamén o dereito a traballar dos que queiran asistir ó traballo e sabemos que o goberno socialista impide ese dereito a 4 millóns de persoas agora en España. É necesario que se garanta o dereito de iren traballar para evitaren as perdas dunha folga obrigada que prexudicaría a traballadores, asalariados e autónomos e a empresas, tamén a empresas pequenas.

A folga é o máis claro exemplo do fracaso da política do Sr. Rodríguez Zapatero. No 2002 houbo unha folga xeral e o Sr. Rodríguez Zapatero de xeito desleal púxose detrás da pancarta para desgastar ó goberno do Partido Popular. No ano 2010 hai unha folga xeral e o Partido Popular defende o dereito dos que queren ir traballar.

Polo tanto España non necesita folgas xerais, necesita eleccións xerais. Non estamos en contra da folga como o está o Sr. López Font por defender ó goberno, senón por defender dereitos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Está moi ben iso. Imos dicirlles ós parados, ás familias que o están pasando mal que a solución pasa por unhas eleccións. Esta é a solución do Partido Popular á crise económica.

Dise aquí que o Partido Socialista sempre foi da man cos sindicatos; pois que siga indo agora porque os tres sindicatos maioritarios din non á reforma laboral e algo

entenderán de dereitos laborais; os tres sindicatos din non á conxelación de pensións, non á redución de salarios dos traballadores públicos; os tres sindicatos din que hai que incentivar outras medidas económicas e non abaratar o despedimento. Todo iso non o di o BNG, entón vaian da man cos sindicatos e forcen a que esta reforma laboral e estas medidas cambien de xiro e sexan medidas como nós cremos que teñen que ser: progresistas e de esquerdas e non as medidas que sempre estamos acostumados a escoitar por parte da dereita.

Claro que se abarata o despedimento, si. Con esta reforma laboral un empresario polo sinxelo feito de prever perdas pode despedir ós seus traballadores e traballadoras reducindo a vinte días a indemnización. Pero é que á parte deses vinte días de indemnización unha parte moi importante a vai pagar o FOGASA, non o empresario. Polo tanto estamos abaratando non unha vez senón que dúas veces o despedimento neste país. Como que non se abarata o despedimento?

Ten razón o Sr. López-Chaves porque claro que a crise non afecta a todos por igual, a Galicia estalle afectando moito máis porque esta é unha folga xeral tamén e nós queremos reivindicar esta folga xeral en contra da incapacidade dun goberno do Partido Popular por non xerar nin unha soa medida a favor da promoción do emprego en Galicia. Claro que a Galicia lle afecta máis porque estamos tamén diante dun goberno ó que nin se lle ve, nin se lle agarda á hora de incentivar medidas propulsoras para reactivar a nosa economía e para a creación de emprego.

Claro, o gasto social, si, ó Partido Popular nin se lle ve, nin se lle agarda pero, iso si, grava moito máis ás familias menos favorecidas recortando políticas de gasto social, privatizándoas e facendo entre outras cousas, como aquí xa se dixo, que se gastara ata nos libros que antes eran gratuítos.

En canto ó dereito a traballar, Sr. López-Chaves, iso é o que reivindicaremos os que vaíamos o 29 á folga xeral porque se esta folga xeral non é capaz de parar estas medidas, vai haber moitos traballadores e traballadoras que non poidan precisamente iso, exercer o seu dereito ó traballo.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con vintedous votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez,

Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez e cinco votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, instando o apoio da Corporación Municipal á folga xeral que terá lugar o día 29 de setembro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (227).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA O INVESTIMENTO NOS CENTROS ESCOLARES EN MATERIAIS E INSTALACIÓNS, NOS COMEDORES ESCOLARES E NA CONSTRUCCIÓN DE NOVOS CEIP. DOC. 100119149.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de setembro, número 100119149 (Rexistro do Pleno nº 38, do 23.09.10), a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, formula a seguinte moción:

“Lamentamos que ao inicio do curso escolar 2010-2011 aínda non teñamos coñecemento das obras imprescindibles e comprometidas a realizar nos colexios públicos de Vigo por parte da Xunta de Galicia.

A pesar de dispoñer dun estudo detallado, feito pola Concellería de Educación desta cidade e que está en poder da Delegación Provincial de Pontevedra e da Xunta de Galicia, así como dun documento que tamén lle foi entregado, no que se presentan as actuacións de carácter urxente que se deben levar adiante, aínda non temos ningunha comunicación oficial nin coñecemento real, (só a través de notas de prensa) do que se vai facer nesta cidade no ámbito educativo.

Este descoñecemento impide que, por parte desta Concellería se poidan realizar

-----  
S. Ordinaria 27.09.10



actuacións nos centros na medida en que puidésemos facelo, ante a reiterada negativa de dar conta das actuacións previstas pola Consellería de Educación, a través da súa Delegación.

Manifestamos tamén a obrigatoriedade que ten a Consellería de Educación de atender debidamente as necesidades de adecuación hixiénico-sanitaria e ampliación dos comedores escolares dos centros públicos desta cidade, dado que, en xeral, non reúnen as condicións mínimas para un aceptable funcionamento.

ACORDO:

O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a:

- Investir os orzamentos necesarios na substitucións de materiais (carpinterías, calefaccións, cubertas, canos, conduccións eléctricas, etc.) e na mellora e ampliación das instalacións dos centros escolares. (Entre outros o CIP "O Pombal" pendente de ampliación desde hai tres cursos, e o CEIP Daniel Castelao en Navia).
- Investir con urxencia nos comedores dos Colexios Públicos: Illas Cíes, Pintor Laxeiro, Monte da Guía, Frián-Teis, Balaídos, Celso Emilio Ferreiro, Canicouva... entre outros.
- Investir na construción de novos colexios que substitúan ó CEIP Altamar, CEIP Vicente Risco e CEIP Caixanova."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: Esta moción ten que ver co que xa lamentamos no inicio do curso 2010-2011, que aínda non teñamos coñecemento das obras imprescindibles e comprometidas por parte da Consellería de Educación en Vigo. Quero facer referencia a unha entrevista realizada pola cadea de televisión en Vigo, Tele-Vigo, ó conselleiro de Educación onde ó remate da entrevista di que se relaciona ben con todo o mundo pero que en canto á Alcaldía de Vigo decátase pola prensa do que a Alcaldía quere e nunca nunha reunión para tratar os temas. Sinto ter que empezar por aquí porque non me gusta pensar que a xente mente intencionadamente, é unha palabra que non me gusta utilizar pero nesta ocasión non me queda máis remedio que o facer porque neste caso a comunicación, polo menos dende esta Concellería de Educación coa Consellería, é continua e total. A

nosa é direccional, só nunha dirección, non é bi-direccional: resposta ningunha, pero na dirección correcta, é dicir, dende a concellería á consellería si hai comunicación constante e continua. Infórmase de todo o que aquí se pretende sen que sexa a través da prensa, aínda que semella que a través dela é moito máis eficaz. Querería pois que a prensa faga constar todas as necesidades de Vigo por veren se o conselleiro toma nota. Xa que non lle toda a documentación que lle enviamos e ó parecer nin o xefe territorial, nin o director xeral, nin o secretario xeral comunícanlle os pedimentos que lle fai esta concelleira, non só a través de escritos metidos por rexistro senón persoalmente.

Saben vostedes, e ademais son testemuñas case todos os que están aquí, que o 23 de novembro este goberno co alcalde ó fronte, acompañado desta concelleira presentouse en Santiago levándolle un informe absolutamente completo de todos e cada un dos centros. Isto foi o 23 de novembro de 2009. Estes documentos que aquí presento e que xa llos presenteí a vostedes, están entregados en man en dous sitios: na Consellería de Educación persoalmente ó conselleiro coa presenza do director xeral e tamén en man ó xefe territorial desta provincia. Teñen esta documentación alí metida seguramente nun caixón, pero o certo é que eu son testemuña de que o Sr. Alcalde entregoulla directamente ó conselleiro de Educación.

Como son moitas as cousas que hai e non sexa que o tempo mo impida, quero dicirlles que se enviaron solicitudes de resposta ós escritos sobre o CEIP de Altamar en Vigo, enviouse con data 14.09, o día 29 co mesmo tema: “Reposición do centro de educación infantil de primaria de Altamar”; o 25.05: “Inspección técnica dos edificios escolares dos CEIP Lavadores, O Pombal e Igrexa-Valladares”; o 25.05: “Solicitud de información sobre as obras programadas”; o 25.05: “Inspección técnica de edificios escolares”; o 19.05: “Inspección técnica do centro Vicente Risco”; o 01.03.10: “Remisión informe técnico municipal da escola Doutor Fleming”; o 02.01.10: “Estado da escola infantil Hernán Cortés”; 23.10.10: “Actuacións municipais de mantemento” e o 23.10.10 enviouse ó xefe territorial: “Informes urxentes dos centros de primaria para o ano 2010”.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

SR. LÓPEZ CARREIRA: O BNG vai apoiar esta moción na que se recollen algunhas das necesidades dos centros públicos da cidade de Vigo, demandas que xa se fixeron moitas veces e que de seguro non van ser atendidas, como non o foron ata agora pola parte do goberno da Xunta do Partido Popular.

Digo isto por tres razóns, unha primeira razón é que ó Partido Popular non lle interesa o ensino público. Só hai que botar unha ollada a todas as medidas que leva aplicado neste ano e medio para que quede medianamente claro.

Unha segunda razón é que este goberno da Xunta do Partido Popular é o goberno máis inoperante e máis desastroso que levamos sufrido dende que a democracia está instaurada no noso país. Ningunha medida construtiva de goberno e unicamente medidas destrutivas que van dirixidas a desmontar, destruír, tirar abaixo o que outros puxemos en marcha e construímos.

A estas dúas razóns, que coído son determinantes por si mesmas, eu engádolle outra razón non menos demoledora: en Vigo existe un goberno municipal composto polo PSOE e BNG, un goberno nacionalista de esquerdas e iso sen ningunha dúbida é "*casus belli*" para o Partido Popular, entender así a democracia é motivo de guerra e así o demostran os paupérrimos investimentos por parte da Xunta na nosa cidade e os investimentos cero por parte da Deputación en Vigo.

Pero a verdade é que o mal é xeral, só hai que botar unha ollada a este desastroso inicio de curso escolar 2010-2011. Hai unha redución de 1.000 profesoras e profesores, peche de dezanove centros do rural, desmantelamento do sistema público de comedores escolares para poñer este servizo en mans privadas, o desastre dos centro plurilingües, a chapuza do proxecto AVALAR, proxecto que beneficia con todo o descaro ós centros privados e urbanos e que ademais nin sequera foron capaces de poñer en marcha a tempo, xa hai semanas que comezou o curso e aínda non se sabe para cando van estas dotacións.

Nun momento en que vostedes botan man continuamente da palabra crise para xustificar todos os recortes, neste caso no ensino público, que dicir do disparate de tirar case catro millóns de euros en cambiar uns libros exclusivamente por cuestión de idioma, por estaren escritos en galego e falo dos libros de

matemáticas, libros absolutamente operativos que vostedes tiran ó lixo, ou o disparate de investir un millón de euros en dar publicidade ó decreto do anti-galego. Case cinco millóns de euros que vostedes tiran absolutamente ó lixo cando están aplicando recortes co motivo que vostedes din da crise no sistema público do ensino.

Nós imos apoiar esta moción agardando que o Partido Popular mude de postura e faga os investimentos precisos na nosa cidade para que cando se fale de ensino público se siga a falar de ensino de calidade.

SRA. LARRIBA LEIRA: Paso a responder con rapidez porque é unha moción moi ambiciosa. Non vou dar resposta á intervención do BNG porque os contidos dos que fala aquí son máis propios da seguinte moción que imos debater. Na próxima moción teremos oportunidade de falar diso.

En calquera caso hai unha argumentación fundamental que é a primeira que vou dar e penso que resume perfectamente as cuestións que se presentan en canto á xestión educativa da Xunta de Galicia. A argumentación fundamental é que a Consellería de Educación vai facer un investimento na cidade de Vigo de máis de 8,6 millóns de euros en construción de novos centros educativos, en obras de reposición, mellora e ampliación. Isto supón un incremento de case 5 millóns de euros, un 150% máis sobre o dedicado en 2009 pola anterior Consellería a esta cidade. Tendo en conta ademais que en 2009 na Consellería de Educación, daquela en mans do Partido Socialista, as contas elaboráronse por un goberno do mesmo signo político que o que está hoxe en Vigo e ademais estabamos nun ano electoral. Aínda así no investimento reflectido nos orzamentos da Xunta para 2010 hai en Primaria e Secundaria máis diñeiro que en todas as fichas de investimento dos catro anos do goberno bipartito anterior. Isto é fundamental.

En Vigo nin se fixo, nin se iniciou un só centro novo de Primaria ou de ESO co goberno bipartito anterior. O alcalde tivo dous anos para lle esixir ó bipartito o que agora quere que faga a Xunta co seu primeiro orzamento nun momento dun contexto xeral de crise económica. Malia isto e malia a obrigada austeridade, a Xunta do Sr. Feijóo garantiu en 2010 o gasto social en Educación e os orzamentos da Consellería de Educación benefician especialmente a Vigo, como dixeran un

150% máis. Penso que esta é a argumentación fundamental.

Pero pola contra imos ver cal foi o investimento do Concello de Vigo en Educación que nesta lexislatura foi nulo. Nos orzamentos dos anos 2009 e 2010 o orzamento para investimentos en materia educativa foron cero. O programa de auto-xestión e mantemento dos centros educativos de Vigo baixou no ano 2009 na cantidade de 65.000 euros e en 2010 case 80.000. É este o compromiso co ensino público do goberno da cidade de Vigo.

En canto ó Plan E, pensando que ó redor de 90 millóns de euros lle caeron do ceo a esta cidade, o investimento en materia educativa no ano 2009 foi do 0,7% e en 2010, se quitamos a partida que se propón no Plan E para limpeza dos centros educativos, o investimento queda no 2,2%. Malia que o investimento do Concello é nulo, permítense o luxo de rexeitar subvencións concedidas pola Xunta de Galicia por exemplo no ano 2009 e nin sequera pedilas no ano 2010.

Como digo en Vigo o investimento superou en máis dun millón de euros para as melloras nos centros educativos, fíxose un importante investimento no IES Manuel Antonio. En canto ós comedores, a Xunta tampouco deulle as costas ós comedores e ó transporte malia que partía dun déficit moi importante, aínda así ampliou comedores, aumentou a axuda ós comedores xestionadas polas ANPAS e o Concello comprometeuse a rematar tres comedores escolares dos que ó comezo do curso só hai un rematado e nin sequera foi quen de cumprir a súa promesa de deixar de cubrir todas as demandas de bolsas para comedores. É certo que nestes últimos días o BNG, o seu socio de goberno, estalle a reclamar ese compromiso que adquiriu o ano pasado.

En canto ós novos colexios no primeiro orzamento da Xunta de Galicia para o 2010, que é o primeiro que ten o presidente Sr. Núñez Feijóo, o incremento é do 150%.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Responder a tantas incoherencias en tan pouco tempo vaime resultar moi difícil.

Dígame vostede unha obra que fixera a Xunta de Galicia en Vigo, dígame unha, por favor.

En canto ó que di de que nós non investimos, teño aquí unha pequena relación

que vai supoñer algún tempo lela, pero procurarei facelo axiña: “Conservación, mantemento en obras de saneamento, canalización e auga potable de varios centros. Reparación de cubertas. Outras actuacións nos distintos centros. Derruba de antigas vivendas. Auditorio da Escola Municipal. Limpeza e pintado de fachadas. Renovación de baños. Reposición de mobiliario na Escola de Música. Adaptación alumeadado interior da Escola. Dotación de equipamento informático e xogos. Construción do novo comedor do “Escultor Acuña”. Construción de muros... etc.” Poderíalle ler aquí centos de cousas feitas por este Concello.

As rebaixas, Sra. Larriba, son da Xunta de Galicia que nin un céntimo gastou. Pero queda un tema importante do que lle vou falar, é o do Colexio Altamar. Teñen tres opcións para facer o Colexio Altamar e non as quero perder. A primeira é decidir que a residencia se dedique a centro educativo. A segunda, construír tal e como se lle propuxo, cos documentos que Urbanismo lles entregou e entreguei eu persoalmente na Consellería para o poder facer no mesmo espazo. A terceira é, tanto que queren espazo libre, hai espazo libre para lles dar e que fagan o colexio. Pero eu os reto a vostedes e dígolles que non o fan porque non queren, non por outra cousa.

Investimentos aquí non fixeron vostedes ningún, o único colexio que estaba xa planificado era o do Rocío e xa o estaba co goberno anterior. Outras cousas que fixeron tamén eran do goberno anterior. Non puxeron “un can” dende que vostedes están no goberno, nada de nada. Non farán nin o Altamar, nin o Illas Cíes, nin ren de ren nesta cidade no ano 2010. Veremos o que fan en 2011 se é que fan algo. É un verdadeiro desastre o comportamento en obras, en atencións, en infraestruturas, en todo o que lle corresponde a Vigo. Queremos que o fagan, son 16 millóns en obras que terían que facer vostedes e dámoslles o tempo de catro anos.

Fágan, fagan algo dunha vez e non conten a película de que non hai con quen falar, estamos dispostos a colaborar e acordar con vostedes o que faga falta polo ben dos edificios dos colexios públicos de Vigo. Pódense dedicar a outras cousas, ó público non lle dedican nada.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo

municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, instando á Xunta de Galicia o investimento nos centros escolares en materiais e instalacións, nos comedores escolares e na construción de novos CEIP. doc. 100119149, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.- (228).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE DOTE DE MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS ÓS CENTROS EDUCATIVOS. DOC. 100119150.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de setembro, número 100119150 (Rexistro Pleno nº 39, do 23.09.10), a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, formula a seguinte moción:

“O presente curso escolar, igual que o curso anterior, iníciase acompañado dun conflictivo decreto do galego, bilingüismo-plurilingüismo e de recortes na educación pública en Galicia.

O decreto sobre o galego úsase para agochar a condena da educación pública que supón a redución de recursos. En realidade todo forma parte do mesmo dilema e conduce sempre a unha cuestión de economía: hai que aforrar mesmo en educación.

En Galicia avanza a idea de que é imposible aprender á vez galego e inglés no sistema educativo público. No nome da pretendida liberdade de uns, o enleado decreto obriga a outros, leva a tirar libros -de negativas connotacións amáis do malgasto en plena crise- e non garante que os fillos se eduquen na lingua de seus pais, seus avós e bisavós. No que ten que ver co galego, de liberdade ren.

Reducir en educación é mala receita para a crise que aquí se aplica a fondo, dando a entender que non se cre no futuro do país. Empezouse coa retirada da gratuidade dos libros de texto que nos igualaba coa maioría dos países avanzados da UE, seguiu co peche e coa redución de fondos para comedores escolares, coa redución dos programas de formación e reciclaxe do profesorado e un longo etcétera.

O novo curso iníciase coa suspensión do programa de renovación de ordenadores nas aulas, coa redución de profesorado en primaria e secundaria e de profesorado de apoio dos centros (educación especial, orientadores, audición e linguaxe) e coa redución dos ciclos formativos de grao medio e superior de Formación Profesional.

Acompáñase todo o anterior co incremento do número de alumnos por aula (os ratios profesor/alumno), suprímese a educación de adultos en varios centros da cidade e duns 50 centros en Galicia, péchanse centros rurais sen ter en conta a poboación e a súa contorna, etc.

Aferrar na educación en tempos de crise non pode ser unha opción, agás se o obxectivo é a liquidación. Daquela a crise é unha boa desculpa e a austeridade o principio motor. A quen beneficia e a quen prexudica é a pregunta importante en todo isto.

Lamentamos que o inicio do curso escolar 2010-2011 se faga con tantos e tan graves problemas no ensino público, polo que propoñemos o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a:

1. Dotar dos recursos humanos e materiais necesarios ós centros educativos para o adecuado desenvolvemento do ensino público.
2. Atender as demandas dos cidadáns para a súa formación, proporcionando cantos ciclos formativos e bacharelatos sexan necesarios para respectar a igualdade de oportunidades de todas as persoas.
3. Dotar aos centros educativos de infantil, primaria e secundaria do profesorado necesario e de profesorado de apoio, para a atención a diversidade do alumnado.
4. Proporcionar a información e a formación axeitada ó profesorado para a utilización adecuada dos recursos tecnolóxicos, así como o apoio de especialistas ós centros para o correcto funcionamento dos materiais informáticos."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditamina favorablemente.



DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: Como o tempo vai ser moi escaso, terei que apurar un pouco para lle falar de todo o desastre educativo que este goberno da Xunta de Galicia está a facer en educación pública.

Teño que empezar polo famoso Decreto do galego que é unha tapadeira para distraer á xente de todo o demais, todo o que está debaixo. Fíxose dun xeito ladino para que mesmo os libros de texto nin sequera se poidan aproveitar. É un desastre porque, que farán cos libros? 190.000 libros de matemáticas, tecnoloxía, etc., que hai que tirar ó lixo porque nin sequera permiten a súa reutilización. Está prevista ademais unha gran propaganda de semellante decreto onde gastarán vostedes os cartos. Se iso llo dedicaran ó profesorado, a atención dos rapaces iríanos moito mellor.

Hai unha redución alarmante de docentes. Dicía o compañeiro do BNG que eran case 1.000, imos poñer para abaratar 600: 100 de Primaria, 500 de Secundaria, ademais dos que corresponden a Educación de Adultos, e sobre todo o descaro de quitar xente de apoio nos centros e xente de Educación Especial para nenos con necesidades especiais. Como se pode dicir que se non hai un número determinado de rapaces de 8 ou 10 con problemas específicos e especiais non se pode ter un profesor? Só cun rapaz que o precise hai que ter un profesor, non hai que poñer límite mínimo para atender.

Que dicir da redución dos centros educativos da educación de Bacharelato de Adultos que en Vigo sinxelamente suprimiron tres e cincuenta en toda Galicia. Pero si aumentaron dezaoito aulas no ensino concertado. Iso non o din, están calados por se acaso, pero pecharon centros educativos por criterios tales como o económico. Non lles importou nin a distancia, nin os servizos, nin as previsións de natalidade; iso non lles importou nada.

En canto á Formación Profesional tal e como puxeron no seu propio decreto que no ano 2009 ou 2010 cambiaron, reducen de tal maneira a posibilidade de Formación Profesional que se reducen os ciclos en 300 en Galicia. Como é posible que fagan isto cando a necesidade de educar a adolescentes e adultos é imprescindible? O mapa de Formación Profesional quedou paralizado con vostedes, non se fai absolutamente nada.

Sobre os libros de texto. Fixeron unha merenda cos libros de texto que non hai

ninguén que a entenda, nin a comprenda, nin sexa quen de xustificar que se tiren 12 millóns de euros en libros de texto. Poñen a gratuidade con cualificativo; ou é gratuidade ou non o é. Déixense de solidaria, de equilibrio na lingua, etc. Todos os adxectivos destrúen os conceptos cando vostedes llos poñen. O MEC mantén 4.600.000 euros en axudas para os libros e vostedes dos 5 millóns e pico que tiñan baixaron nada máis nin nada menos que a 900.000 euros. En fin, que contar?

Ademais, de crear comedores escolares nada, dixeron que iso non era responsabilidade de Educación, dixeron que iso é un tema social, pero en troques a súa representante parlamentaria no ano 2007 pedíalle e reclamáballe ó bipartito, que vostedes tanto cuestionan e que “tan pouco fixo”, que se puxeran comedores escolares en todas as poboacións de 20.000 habitantes e que ademais se atenderan por persoal pagado pola Xunta de Galicia. Iso pedían cando non estaban. Agora non se lembran diso nin queren saber, a axuda que prestan non aumentou en absoluto con relación á que lle daba o grupo bipartito, pola contra de seren posible reducen, pasan á privatización, etc. É unha verdadeira vergoña.

Falaron dos ratios. Como se pode dicir que en educación trinta alumnos por profesor, sexa o profesor do que sexa e sexa o alumnado que sexa? Como se pode dicir que hai que dividir e cada profesor trinta alumnos pasen por onde pasen? Non hai por onde o agarrar, non teñen nin idea do que é a educación. Esa consellería funciona de costas á co-educación. É un verdadeiro desastre e unha vergoña.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Esta moción non é senón a continuación doutras presentadas con anterioridade no mesmo sentido e ás que o Partido Popular ata o de agora lles fixo caso omiso. Eu coído que convén facer unha reflexión de por que o Partido Popular lles fai caso omiso.

Non nos enganemos. O problema non é se máis comedores escolares. Por certo Sra. Larriba, vostede que sacou tantos datos podería dicir que en Vigo o BNG dobrou o número de bolsas de comedores escolares con respecto a vostedes cando gobernaban esta cidade.

Pero non é cuestión de máis ou menos comedores escolares, nin de se se precisa máis profesorado ou se os cadros de persoal están sobredimensionados, nin sequera de se o inglés precisa de máis ou menos horas no horario escolar. O problema non é que os partidos políticos teñamos visións diferentes do que hai que facer para que o ensino mellore, non é unha cuestión que se circunscriba a diferentes visións sobre necesidades. Xa me gustaría, asinaría realmente porque fose iso. Non nos enganemos, o problema é moito máis de fondo, é unha cuestión realmente ideolóxica. Aí é onde os partidos políticos temos posicionamentos diferentes e onde o BNG e o Partido Popular se sitúan nas antípodas porque o BNG cre no ensino público e o Partido Popular non.

Sen ningunha dúbida o Partido Popular está dirixindo a súa acción a converter o ensino público en ensino subsidiario do ensino privado, nun ensino de segunda, de pouca calidade que ademais recolla a todo ese alumnado que nin por asomo queren a privada. Que recolla a ese alumnado que ten dificultades de aprendizaxe, problemas de conduta e de paso que recolla tamén ó alumnado inmigrante porque ademais de poder ter problemas de aprendizaxe e de conduta, ten tamén problemas de integración. Iso é o que vostedes queren, un ensino de primeira e un de segunda. Esa é a cuestión e as medidas que levan tomando neste ano e medio de desgobierno realmente o demostran. Son medidas que denunciei e denunciámos en múltiples ocasións e que aquí non vou repetir.

O certo é que en Galicia tiñamos un ensino público de calidade, prestixiado e neste ano e medio vostedes están tomando medidas dirixidas a dinamitar os piares sobre os que se sustenta este edificio. Ata agora non conseguiron que este edificio do ensino público se viñera abaixo por dúas razóns. A primeira porque temos a sorte de contar cun sindicalismo nacionalista que está dando a batalla para que iso non ocorra, pero ademais porque temos a gran sorte de contar cun profesorado que coa súa dedicación, traballo e bo facer posibilita que aínda hoxe se poida falar dun ensino público coma ensino de calidade.

Temos a desgracia de ter un goberno que desgoberna, de contar cunha administración que administra en contra dos seus propios intereses que finalmente son os intereses de todos os cidadáns e cidadás, titulares finais da mesma. A solución só pasa porque este goberno ou porque este desgobierno

deixe de desgobernar.

SRA. LARRIBA LEIRA: Vexo que aquí queren reproducir o debate que tivo lugar hai doce días no Parlamento de Galicia. O problema é que aquí falta un interlocutor porque nós estamos a representar ós veciños de Vigo e non á Xunta. De todos os xeitos gracias pola oportunidade que lle dan a este Grupo municipal de informar con veracidade da xestión da Consellería de Educación para que non confundan os datos como xa fixo o seu voceiro no Parlamento de Galicia, D. Patxi Vázquez, e con iso non confundan ós cidadáns que é o que no fondo pretenden. Vou repetir: cando en 2009 D. Alberto Núñez Feijóo chega á Xunta de Galicia o orzamento de Educación está xa executado e sen posibilidade de partidas adicionais. Esa é a catástrofe, non da que vostedes falan nos seus discursos. Como son moitos os asuntos que traen aquí para tratar na moción vou intentar ser moi sincrética.

Falaron do programa AVALAR e dan os datos completamente mesturados. Vostedes din que o 80% foi para a escola concertada e o 20% para a pública. Non é así. Non mintan. Das aulas seleccionadas o 77% son públicas e o 23% concertadas. O importante de todo isto é que neste curso 15.000 alumnos van ter ordenador.

En canto á redución de centros falaron vostedes de redución de dezanove escolas unitarias. Este ano dezaioito escolas unitarias con cinco ou menos alumnos son as que se pecharon fronte ás corenta e tres nos dous últimos anos do goberno bipartito. Vostedes teñen o fiel da balanza completamente desaxustado. Na provincia de Lugo pecháronse tres, en Ourense ningunha.

En canto ós módulos de FP vostedes falan de que se suprimiron ducias chegando afectar a 300; a consellería reordenou a oferta de ciclos formativos atendendo ás necesidades dos sectores produtivos e sobre todo á demanda real do alumnado. Deste xeito fronte ás cifras da oposición, o vindeiro curso haberá unha oferta moi similar á do curso que rematou, mesmo se incrementaron tres ciclos formativos con respecto ó ano anterior.

En canto á supresión de docentes aínda é cedo para determinar o número de profesores que vai haber este curso porque faltan os datos e os últimos axustes

da matriculación deste ano, pero o ano pasado a oposición e as organizacións sindicais fixeron as mesmas acusacións que están vostedes a facer hoxe aquí e finalmente houbo ó redor de 150 docentes máis no sistema educativo galego. Esa é a verdade.

En relación coa escola concertada a verdade é que o discurso xa aburre, quizais por reiterativo e porque xa se debateu de abondo neste Pleno. O discurso ademais non se xustifica xa que moitos de vostedes teñen ós seus fillos na escola concertada porque recoñecen a longa tradición educativa da escola concertada en Galicia e no ámbito español. A Consellería axustou as unidades concertadas á matriculación e ás necesidades educativas, o que implicou unha redución de cinco unidades concertadas. E vostedes din que estamos aquí a beneficiar non sei que cousas.

En canto ó programa de gratuidade solidaria permite que as familias que máis o precisen teñan os libros de balde e gracias ó aforro dese programa, 6.500 novas prazas de comedor puideron abrirse este curso en Galicia. A pesar do tremendo déficit que para os comedores escolares herdou, o Goberno da Xunta foi quen dos manter e aumentar.

Falan tamén dos centros plurilingües e convén dicir que o 85% das seccións bilingües están na pública e o 15% na concertada. De verdade que os datos que vostedes dan son completamente ó revés. O 55% dos centros plurilingües está na pública e o 44% está na concertada e o que non din é que 26.000 alumnos de toda Galicia terán unha hora máis de inglés que nos anos anteriores.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Do último que falou foi dos centros plurilingües. Temos inglés, francés, galego e castelán, ademais regrado e obrigatorio. Que conto é do que me fala e que vostedes inventan dicindo que fan maravillas? Non é certo, estaba feito. O que vostedes traen agora é a posibilidade de que algunhas aulas máis das que había, que xa eran moitas, dean algunha asignatura noutra lingua. Non sei en cal, supoño que o inglés será a preferente pero tamén a poden dar en portugués, alemán ou francés. Serán plurilingües co tempo e cando os rapaces teñan a preparación axeitada nos distintos idiomas.

Cos ordenadores o conto é chino. Aínda non apareceu ningún e hai centros que

para poder dar as súas clases estaban esperando a que chegaran os ordenadores e nin sequera mercaron os libros pensando que utilizarían eses ordenadores. Imaxínense vostedes se seguen a esperar, será mellor que recorran ós libros de texto.

En canto á redución do profesorado mandaron á Inspección en pleno por todos os centros educativos a buscar a maneira de reducir o profesorado, non a maneira do axustar ás necesidades que había, senón a ver cantos se podían eliminar para aforrar cartos.

O mesmo pasa con todas as cousas que din das escolas de idiomas da grandes cidades que pola súa abundancia de matrícula a Consellería di que non serven para nada.

Coido que o que tiña que facer o Partido Popular neste Pleno era pedir os beneficios para os centros educativos de Vigo con escritos, igual que os pido eu día tras día. Vostedes digan algo positivo de cara ao ensino público da cidade de Vigo e non fagan única e exclusivamente a defensa dunha Xunta de Galicia que teño que dicir que en educación non dá unha nin por un erro, nin sequera é afortunada á hora de errar porque podería facer algo por equivocación.

Síntoo moito pero non teño nada positivo que dicir. É un desastre e non contempla a menor proposta que se lle faga dende esta concellería.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

**ACÓRDASE:**

Aprobar a moción formulada polo concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, instando á Xunta de Galicia que dote de medios materiais e humanos

ós centros educativos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS URXENTES.**

Non se formulan.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

1.1.- (229).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de xullo e 27 de setembro de 2010.

1.2.- (230).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de xullo e 27 de setembro de 2010.

1.3.- (231).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á REGULACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO DO PLENO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 20 de setembro de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

#### RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DO PLENO: REGULACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO DO PLENO

Con data 17 de setembro foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 180 o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno en sesión ordinaria do 31 de maio, entrando en vigor a súa aplicación o día seguinte á dita publicación, ó abeiro do recollido na Disposición Final, sendo necesario ditar unha serie de instrucións en relación con diversas cuestións reguladas no mesmo, en concreto neste caso, sobre o Rexistro do Pleno.

O artigo 39 do ROM dispón que da Secretaría Xeral do Pleno dependerá un rexistro diferenciado adicado ó asento das iniciativas e á entrada e saída dos documentos relacionados co Pleno e as súas comisións. Dita prescrición debe completarse co establecido na Disposición Adicional segunda que recolle que procederase á constitución do Rexistro Xeral do Pleno o mesmo día da entrada en vigor do regulamento, establecéndose vía instrución da Alcaldía e regulación e funcionamento do mesmo

#### 1.- NATUREZA

1.1.- Terá a condición de rexistro interno propio adicado ó asento das iniciativas e á entrada e saída dos documentos relacionados co Pleno e as súas comisións. Non terá pois a consideración de rexistro auxiliar en réxime de funcionamento desconcentrado. Non obstante, para todo o non previsto na presente resolución rexerese polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

1.2.- Para o cómputo dos prazos para a presentación e tramitación dos documentos que se dirixan ó Pleno e ás súas Comisións estarase á data de entrada neste Rexistro.

1.3.- O Rexistro dependerá da Secretaría Xeral do Pleno, en cuxas dependencias, situadas na Casa do Concello, terá o seu emprazamento.

#### 2.- HORARIO

2.1.- O Rexistro do Pleno permanecerá aberto de luns a venres, salvo os días festivos e os días 24 e 31 de decembro.

2.2.- O horario de apertura do rexistro será dende as 9.00 ás 14.00 horas.

#### 3.- ASENTOS



3.1.- Asentos de entrada: anotaranse as comunicacións internas entre órganos da mesma entidade local, dirixidas ó Presidente do Pleno e das súas Comisións, como son os proxectos aprobados pola Xunta de Goberno Local, asuntos de trámite municipal, as proposicións do Alcalde, as mocións, declaracións institucionais, votos particulares, preguntas, rogos, peticións de comparecencia, solicitudes de convocatoria de sesións extraordinarias, .

As mocións de censura, cuestións de confianza e presentación de alegacións ou reclamacións en períodos de información pública, así como recursos contra acordos plenarios deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello.

3.2.- Asentos de saída: anotaranse as convocatorias de sesións do Pleno e das súas comisións, así como os documentos que resulten procedentes para a súa comunicación, publicación e execución dos acordos plenarios e das Comisións de Pleno con atribucións resolutorias, dirixidas ós órganos superiores do goberno, concelleiros con responsabilidade de goberno, órganos directivos e funcionarios con responsabilidade nas distintas unidades administrativas. Non obstante, as notificacións, comunicacións e publicacións dirixidas a particulares e outras Administracións Públicas ou institucións privadas, anotaranse no rexistro xeral do Concello, sen prexuízo da súa constancia no rexistro interno do Pleno a efectos de control.

#### 4.- CUMPRIMENTACIÓN DE DOCUMENTOS

4.1.- A efectos de posibilitar o correcto funcionamento do Rexistro, todos os documentos que se presenten no mesmo deberán identificar, con claridade e precisión, quen o subscribe e a quen vai dirixido, o asunto a que se refiren ou iniciativa ou pretensión que conteñen, e deberán encontrarse, no seu caso, debidamente foliados e asinados.

#### 5.- CUALIFICACIÓN DE DOCUMENTOS

5.1.- Os servizos de Secretaría Xeral do Pleno, unha vez examinado o contido do documento presentado, procederán á cualificación do mesmo e a impulsar a súa tramitación regulamentaria.

5.2.- Para o caso de que se considere que os documentos presentados no gardan relación directa co Pleno e as súas Comisións indicárase así ó presentador, que será remitido ó rexistro correspondente. Nos casos dubidosos, admitíranse os documentos coa advertencia ó interesado de que, para o caso de que finalmente se aprecie que non gardan dita relación directa, remitíranse ó Rexistro correspondente.

#### 6.- ORGANIZACIÓN

Pol/a/o Secretaria/o Xeral do Pleno adoptaranse as medidas organizativas precisas para dar cumprimento ó disposto na presente resolución.”

*Da anterior resolución a Alcaldía-presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.*

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se presentaron.

## **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

3.1.- (232).- COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL PARA DAR CONTA DO I PLAN DAS MIGRACIÓNS E CONVIVENCIA INTERCULTURAL DE VIGO. EXPTE. 54574/301.

A concelleira delegada de Benestar Social, dona María Xosé Méndez Piñeiro, da conta ó Pleno da Corporación do I Plan das migracións e convivencia intercultural de Vigo, 2010-2013, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 28 de maio de 2010.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: A concelleira, Sra. Méndez Piñeiro, propón que as dúas quendas de dez e cinco minutos, se acumulen nunha primeira quenda inicial na que faría a exposición e logo non faría segunda intervención. O regulamento non o contempla pero por parte da Presidencia non habería problema dado que non implica unha maior utilización de tempo.

SR. FIGUEROA VILA: Por parte da oposición non hai ningún problema. Só dicir que hai dúas horas se facía un discurso totalmente distinto. Xa se ve quen son os máis receptivos e quen os menos para certas propostas. O cambio que agora se acepta, hai dúas horas dicían que se modificase na Xunta de Voceiros.

A PRESIDENCIA: Sra. Méndez, por tanto proceda nunha intervención inicial de quince minutos, logo intervirán os grupos por cinco minutos e rematamos a comparecencia.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Só unha cuestión. Había unha diferenza, utilizo o mesmo tempo xunto e renuncio a outra intervención.

Traemos hoxe o primeiro plan das migracións e convivencia intercultural da cidade de Vigo e coido que todos os membros da Corporación debemos estar orgullosos, non só o goberno senón tamén a oposición, porque é o primeiro Concello onde se presenta un plan de migracións. Ata agora había un plan elaborado pola Xunta de Galicia pero non había ningún nos concellos, polo tanto coido que todos debemos felicitármolos.

Do que se trataba era evitar problemas nun futuro. Somos a cidade con máis inmigrantes de toda Galicia, nestes momentos temos 17.900 inmigrantes empadroados e todos pensamos que era necesario facer un plan que puxese en funcionamento unha serie de medidas para que no futuro non significase un problema a integración das persoas estranxeiras, senón que pola contra se convertese nunha integración positiva e nunha cidade multicultural.

Gustaríame comentar que este é o primeiro plan de migracións e convivencia intercultural de Vigo, que ten unha duración de catro anos, que algunha das medidas xa foi posta en funcionamento en 2009 e ten prevista a súa duración para catro anos ata 2013.

Unha das cuestións que nós propoñemos é crear dentro deste plan uns principios xerais e dentro deses principios poñemos en funcionamento os seguintes: un principio de cidadanía para acadar a integración efectiva de todas as persoas que queremos que sexa en igualdade de condicións; igualdade de oportunidade de trato á que deben ter dereito todos os emigrantes e deben acceder en igualdade de condicións ás mesmas oportunidades que ten o resto da cidadanía e para iso debemos poñer en funcionamento medidas positivas.

Un principio de integración que é a incorporación plena e libre. Como sabemos integración non quere dicir asimilación e o que tratamos é que esa integración sexa bi-direccional dos emigrantes en Vigo e de que Vigo acolla ós emigrantes.

Logo a convivencia intercultural. En Vigo hai máis de 120 nacionalidades no padrón municipal e evidentemente as culturas de toda esta cidadanía se teñen que integrar.

Unha das cuestións que tamén figuran neses principios estratéxicos son a integración, a normalización, a coordinación e transversalidade. Aquí quero poñer o acento en que é necesaria a participación de todas e cada unha das áreas de actuación municipal, todas as concellerías deste Concello temos que compartir esa responsabilidade. A corresponsabilidade entre a administración pública e a sociedade civil; a participación tanto das asociacións de inmigrantes como das asociacións e as diferentes ONGs que forman parte dos labores de acollida dos inmigrantes.

O plan tamén establece unha flexibilidade, trátase de facer un plan flexible que se vemos que unha das medidas tomadas vai mal, cambiala por outra.

Polo tanto o plan vértase en cinco eixos, catorce liñas de intervención e dezanove medidas. Os obxectivos básicos son que se trata de adecuar a acción municipal á nova realidade da cidade de Vigo, de propiciar a integración social e económica das persoas inmigrantes e emigrantes retornados e así contribuír á creación dunha nova sociedade en Vigo.

Os obxectivos xerais son polo tanto garantir o acceso das e dos inmigrantes ós servizos municipais, adecuar a intervención social, incorporando as competencias interculturais á xestión local e establecer un sistema de acollida dos novos e novas inmigrantes, polo tanto evitar a discriminación, o racismo, a xenofobia, tanto no ámbito público como no privado, e tamén establecer mecanismos de avaliación continua da inmigración da nosa cidade.

Empezamos a tratar do primeiro eixo e falamos de acollida e acceso ós recursos. Cando chega unha persoa á nosa cidade do que se trata antes de nada é de regularizar a súa situación administrativa para que esta persoa teña acceso a un emprego, a unha vivenda, a un servizo de saúde, á escolarización dos menores, etc. Para isto marcámonos unha serie de obxectivos que se concretan nunha serie de medidas.

Para este primeiro eixo contamos co programa de benvinda e primeira acollida que desenvolvemos fundamentalmente na oficina municipal das migracións e o

obxectivo é ofrecer unha acollida inicial. Esta oficina municipal como saben leva actuando nesta cidade dende hai cinco anos e as súas accións consisten en informar sobre os accesos a recursos sociais sanitarios e educativos, tanto no ámbito público como no privado. Dar asistencia xurídica e para iso na oficina temos unha avogada que informa a todos os inmigrantes que piden asesoría e ademais se encarga do agrupamento familiar e o arraigo cando chegan a Vigo. Alí tamén ofrecemos orientación laboral e facemos o seguimento dos casos atendidos.

Outra cuestión é a medida número dous que xa se refire ó servizo de apoio ao emprego. Este servizo préstase tanto dende a concellería de Emprego como dende os Servizos Sociais e os obxectivos son axudar na procura de emprego. Ofrecemos unha serie de accións como son orientar laboral e profesionalmente, dáse formación e capacitación profesional e ofrécese intermediación laboral. Todo isto dáse tanto dende a propia oficina municipal das migracións como dende a concellería de Emprego.

A medida tres sería o servizo de apoio á vivenda. Os obxectivos que temos son garantir o acceso a unha vivenda digna en igualdade de condicións que a poboación, apoiar e orientar na procura da vivenda e ofrecer unha intermediación entre propietarios e inmigrantes. Desenvolvemos unha serie de actuacións a través de varios programas. Un deles que imos dotar xa este ano, é a intermediación entre os propietarios das vivendas que forman parte da nosa sociedade e inmigrantes para vivendas de aluguer. Moitas veces rexéitanse ós inmigrantes ou se lles piden uns elevados alugueres precisamente por ser inmigrantes e entón temos unha asociación intermedia para orientar, tanto ós inmigrantes coma ás persoas que queiran alugar a súa vivenda.

Programa de aloxamento para familia en pisos de acollida, é dicir, emigrantes con situacións moi especiais que chegan a Vigo e non teñen onde meterse e pensamos que nun futuro, tanto estas persoas coma as que están en exclusión social, que se poidan meter momentaneamente nalgún piso mentres non se atopa o xeito de buscarlles os recursos suficientes.

Programas de axuda ó aluguer que se todo vai ven poñeremos en marcha para o ano que ven. Pensemos que o plan é para catro anos. Tamén programa de

aloxamento de urxencia, así como programas de sensibilización dos arrendadores e arrendatarios. Neste campo imos empezar traballar xa este ano para o próximo coas axencias de aluguer co fin de concienciar un pouco sobre esta problemática. En canto á medida catro son convenios con entidades sociais e temos coma obxectivo potenciar a corresponsabilidade entre a administración municipal e a sociedade civil organizada na xestión da inmigración. As accións a desenvolver son varias: integración social, convivencia intercultural, loita contra o racismo e sensibilización.

En canto á medida cinco deste primeiro eixo é unha guía de información. Esta medida téñena os señores concelleiros na súa mesa. É unha guía que fala de información e acollida para persoas estranxeiras e dá-lle unha información moi ampla sobre os servizos e recursos cos que contan nesta cidade e que están aquí recollidos: dende direccións das escolas infantís, cara onde dirixirse se queren buscar emprego, onde están as asociacións dos diferentes países, etc. É unha guía moi ampla que mesmo se vai repartir entre as diferentes asociacións e administracións públicas da sociedade viguesa porque é unha guía moi ampla de recursos que tivo unha excelente acollida nestes días que se empezou repartir.

Na medida seis está o servizo de tradución e interpretación lingüística que ten coma obxectivos garantir o acceso ós recursos dos inmigrantes que non acadaron o limiar mínimo de galego ou castelán, mellorar a comunicación entre as persoas estranxeiras que non falen castelán ou galego e os distintos servizos municipais. Hai unha serie de accións que xa se puxeron en marcha como é un servizo de tradución; en cada UBA do Concello temos un servizo de tradución. Se ven alguén de Romanía, unha persoa china, que non se sabe expresar nin en galego nin en castelán, temos unha tradución simultánea para que as poidan atender nese momento a traballadora social.

Así mesmo tamén temos pensado ó longo deste ano desenvolver dous convenios coa Escola de Idiomas e coa Escola de Tradución da Universidade para que ofrezan servizos, neste caso para traducir papeis.

Por outra banda outra das cuestións que nos formulamos están na medida sete: atención normalizada dende os servizos sociais. Isto é algo que xa estamos a facer dende hai tempo e consiste en prestar dende as UTS a todos os cidadáns,

tanto estranxeiros como de aquí, unha serie de servizos. Neste caso todo o relativo a bolsas de comedor, axudas ó aluguer, axudas de alimentación que precisamente os inmigrantes, por seren o sector que máis o precisa, son quen máis necesidades teñen.

Outra cuestión son os cursos de castelán e galego que van ter duración anual e que son unha medida moi demandada por todos os inmigrantes.

A medida número nove é a atención integral ás mulleres inmigrantes e emigrantes retornadas en situación de vulnerabilidade social. Neste caso trátase de informar e orientar ás mulleres inmigrantes para acadar unha mellor integración a través de programas de información que tamén desenvolve a concellería de Igualdade e a través de programas de acompañamento que desenvolvemos dende Benestar Social.

Estamos xa no eixo dous que é a sensibilización e a loita contra o racismo e a xenofobia que ten unha serie de obxectivos que están descritos pero que agora imos saltar.

A primeira medida deste eixo dous é a sensibilización contra o racismo e a xenofobia. Os obxectivos son ofrecer unha visión positiva da inmigración e dos inmigrantes. Combater a discriminación, o racismo e a xenofobia e hai unha serie de accións que imos desenvolver, como campañas de sensibilización nos medios de comunicación, nos colexios para dar formación ó profesorado a través da CEFORE e ós pais e nais a través das ANPAS. Isto xa se está poñendo en marcha coas ANPAS, co profesorado e coas campañas de sensibilización que xa estamos a facer, como por exemplo a do empadramento que se puido ver estes días nos autobuses da nosa cidade.

Crearemos unha oficina de anti-discriminación ó longo destes catro anos para acompañar e atender ás vítimas de discriminación.

Logo xa entramos no eixo número tres que é a convivencia intercultural. Trátase de fomentar unha sociedade intercultural, con implicación e corresponsabilidade de toda a cidadanía e todos os actores sociais, de previr e resolver conflitos, e a medida que puxemos en marcha foi o programa de mediación intercultural. Nestes momentos temos unha mediadora intercultural que se encarga de mediar nos contextos veciñais, de apoiar ós profesionais e ás actividades que promovan

a interculturalidade e de prever o conflito no ámbito escolar.

A medida trece é o servizo de dinamización intercultural, espazos de encontro. Son unha serie de accións que van promover a interculturalidade e imos desenvolver nos centros educativos culturais e espazos de ocio, como por exemplo un “Mundialito” entre os nenos de aquí e os de outras nacionalidades.

Tamén no eixo tres está o programa de “Somos novos e diversos” que está a desenvolver a concellería de Xuventude. Falábamnos antes da necesidade da transversalidade que son actividades de tipo lúdico e intercultural.

Temos a medida número quince de convivencia intercultural “En galego tamén noutros mundos”, que desenvolvemos ó longo do ano pasado e que o imos facer tamén ó longo deste ano. A medida número 16 que é un programa de formación interna en inmigración e interculturalidade que imos iniciar este ano e para o ano que ven, que é formar ó persoal municipal en materia de inmigración porque ás veces notamos que temos déficits neste campo.

O eixo número catro que é de participación cidadá, trátase de fomentar o asociacionismo das persoas estranxeiras e ofrecer unha serie axudas e tamén de traballar no Consello Municipal de Inmigración.

A medida número dezasete é o fomento do asociacionismo e a medida dezoito que é a creación do observatorio de xénero.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndenos enormemente que nestes momentos se presente este plan cando xa anunciaba un medio de comunicación no ano 2007 a presentación dun plan de inmigración. Este debería ser o segundo e non o primeiro.

Ademais a repercusión que ten este plan é practicamente nula, coidamos que ven a “touro pasado” xa que a resposta de todos os colectivos de inmigrantes e todas as asociacións ás que chamou é nula. Probablemente se adicase o seu traballo a fomentar o emprego dos inmigrantes, a apoiar realmente eses problemas que teñen para atopar vivenda, apoiar medidas de intermediación que é fundamental á hora de traballar con estes colectivos, seguramente aquí tería un cheo absoluto, pero xa ve que a resposta é absolutamente nula.

A pesar de que cremos que son necesarios os planes non lle imos felicitar por



este, elaborado por unha empresa de Madrid polo módico prezo de 40.000 euros. Probablemente se investise ese diñeiro en poñer persoal na Oficina de Inmigración, os propios técnicos da oficina quizais puidesen levalo a cabo ademais doutros labores, porque os recortes nesa Oficina son enormes. Un servizo creado pola Sra. Porro, posto en marcha polas necesidades que se vían nesta cidade, tendo na actualidade máis de 12.000 persoas que veñen de fóra con moitas necesidades.

Por unha banda queremos felicitalle pola guía de información e acollida pero se gastan tres millóns de euros en publicidade e asistencia técnica, máis do 50% do presuposto en materia de Benestar Social, poderían levar a cabo unha guía non só traducida ó galego, porque a súa efectividade vai ser absolutamente nula. O enfoque desta guía non é para as persoas que vivimos en Galicia, é para persoas que veñen do estranxeiro e como xa solicitamos en máis dunha ocasión, podería traducila ó inglés, ó francés ou ós dous idiomas porque cremos que gastando as cantidades de diñeiro que gastan en publicidade e asistencia técnica debería ter un pouco en consideración o apoio e a reintegración real das persoas que veñen de fóra, pero xa vemos cal é a súa obstinación en que os inmigrantes aprendan galego.

Non só iso senón que a oficina técnica estase desmantelando. Cando a creou a Sra. Porro había un avogado a tempo completo e agora ven un avogado dous días á semana e este mes está de vacacións, este mes os inmigrantes desta cidade están sen ese recurso. Había tres traballadores sociais e a día de hoxe dous, había tres mediadores e hoxe temos unha catro horas ó día.

Por que non cumpre as súas promesas en materia de inmigración? Vostede afirmaba no ano 2007 e volve afirmar agora que o Concello avalaría a aqueles inmigrantes que quixeran alugar un piso; non é certo. E non só iso, vostede di que a través dunha asociación que se chama "Intermedia", faise esta intermediación e esa asociación non aparece en Participación Cidadá. A Oficina de Inmigración non ten coñecemento de que exista esa asociación que faga de intermediaria para que os inmigrantes poidan alugar un piso.

Realmente os recursos que se deben poñer en materia de inmigración xa os sabíamos. O plan é "o libro gordo de Petete" que nos di o que debemos facer e

que vostedes non están a facer. Está claro que o acceso á vivenda, o emprego digno e a educación dos seus fillos, igual que a mediación para que poidan saber onde acudir en caso de que teñan que ir a un médico, a que colexio poden levar ós seus fillos, se hai garderías, se lles vai custar algo, onde poden alugar un piso..., si pero “En galego tamén noutros mundos”. Esa é a súa política.

Vostede acaba de afirmar que é unha especie de contacto que tiñan o persoal do Concello para coñecer ós inmigrantes. Non é certo, o que fan é poñer carpas en determinados sitios desta cidade e dedícanse a regalar publicidade, folletos, lapis e monecos para nenos e o que non fan realmente é traballar nas cousas que son necesarias para a poboación inmigrante, eses 12.000 inmigrantes que viven na cidade de Vigo.

#### **4.- MOCIÓNS.**

4.1.- (233).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO MUNICIPAL A APLICAR ÓS IMPOSTOS E TAXAS MUNICIPAIS PARA O ANO 2011 O 0% DE SUBA. DOC. 100118946.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de setembro, número 100118946 (Rexistro Pleno nº 41, do 23.09.10), o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“Nunha situación de crise como a que vivimos, na que ademais se ve que non melloramos tal e como sinalan todos os organismos internacionais, dende o Partido Popular pensamos que é o momento máis indicado de apoio ás familias e ás PEMES, e non é polo tanto o intre das subidas impositivas senón o contrario; non da conxelación, senón da baixada e apoio á sociedade viguesa.

Dende o grupo municipal do Partido Popular entendemos que é o tempo dunha verdadeira política social baseada na verdadeira conxelación impositiva e por iso propoñemos que para o ano 2011 non se suban os impostos e taxas municipais aplicándose polo tanto un 0% que entendemos pode asumir as arcas municipais de seren rigorosos nos orzamentos e na contención do gasto público.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

Que se inste ao goberno municipal a aplicar para o ano 2011 nos impostos e taxas municipais un 0% de suba.”

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Volvemos falar dos impostos municipais e volvo reafirmarme no que dixen ó principio deste Pleno, Sra. Díaz: son vostedes uns covardes políticos por non recoñecer que subiron os impostos. O que nós agora vimos facer e pedirilles que se sumen ó carro dese progreso que tanto lle gusta e que conxelen realmente os impostos e isto faise aplicando un 0%, xa que o ano pasado venderon a gran mentira da baixada.

Por certo, o imposto de vehículos do que vostede fala acabo de revisalo e coido que me supuxo tres céntimos de aforro. Non lle puider mercar nin unha *piruleta* á miña filla de oito anos, igual vostede si puido á súa sobriña; dende logo con eses cartos eu a miña filla non.

Como vostedes están instalados na prepotencia máis absoluta e na covardía política, agora o Partido Popular trae a súa proposta que ven a través desta moción na que pedimos que apliquen un 0%, que sexan valentes, que traballen por e para a cidadanía.

Na súa última intervención a vostede enchéuselle a boca falando de moitas cousas. Por que non fala dos 10.000 parados máis desta cidade para os que construíron beirarrúas? Conteñan os impostos, que non teñan que pagar eses 2.000 euros por familia ós que aludín anteriormente, deixen de instalar carteis. Coa moda dos carteis xa non sei se dentro de pouco nos farán uniformes, igual que o chandal de Hugo Chaves pero en vez da bandeira de Venezuela con Alcaldía e un cartel máis grande en cada sitio. Mentres quen o paga? Os cidadáns cos seus impostos e coas multas.

Vostedes seguen ó estilo do Sr. Zapatero, demostrouse que a subida do IVE foi un golpe na liña de flotación dos cidadáns, que o IPC subiu por culpa desa subida do IVE e agora vostedes afrontan o que podería ser unha recuperación que non é en base a subir os impostos ós cidadáns. O Partido Popular está frontalmente en contra de que se lle suban os impostos ós cidadáns, non se lle pode detraer á cidadanía o poder adquisitivo e vostedes, co Sr. Zapatero e en Vigo co Sr. Caballero, llelo detraen, quítanlles poder adquisitivo, rebaixaron o salario ós funcionarios, vanllo conxelar para o próximo ano, rebaixan a capacidade

adquisitiva ós pensionistas dos que tanto falou antes o Sr. Domínguez Olveira. Por certo, cómplices de que o Sr. Zapatero estea no poder porque se abstiveron no debate de investidura e coa súa abstencións e a doutros grupos da chamada “esquerda progresista” conseguiron manter ó Sr. Zapatero no poder para que aplique estas políticas que están prexudicando ós cidadáns.

A xente debe saber que cando lle soben o IVE ou o IRPF como subiron vostedes, están atacando ó peto dos cidadáns e Vigo estase beneficiando nos seus ingresos porque nós somos unha localidade que nos nutrimos desa suba de impostos. O que non pode ser é que por riba de burros, mallados: Zapatero chámanos burros e imponnos esa suba de impostos para pagar os seus carteis do plan ZP, eses cartos que foron malgastados polo Sr. Caballero en construír beirarrúas.

Non teñen investimentos produtivos; antes dixo que ían facer as garderías, pois xa me dirá cando. Vostedes están en campaña electoral xa dende hai algúns meses e agora se lles nota demasiado pero eu non sei cando van empezar porque as eleccións son o 22 de maio de 2011. Ou é que igual que sempre fan vostedes vai ser un anuncio? Unha publicidade máis desas que realizan? Eses proxectos mega-fantásticos do Sr. Caballero? Iso van ser as 47 garderías, os centros de día e a preocupación polas persoas?

Preocúpense polas persoas apoiando esta moción e aplicando un 0% de suba ós impostos, que os vigueses e viguesas non teñan que pagar máis. Iso é apostar pola política social e pola cidadanía. O resto é apostar por Zapatero, por máis paro e por máis malgasto que é o que están a facer vostedes constantemente.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. Conde, segue insistindo en chamar covarde política a súa candidata, non sei por que xa que lle ten tanto cariño, pero xa lle dixen que a propia Sra. Porro cando estaba actualizando os impostos por riba dun 12%, a palabra que utilizou para todos os cidadáns, entre eles ó meu sobriño, foi a de “conxelación”, iso si, cunhas únicas bonificacións fiscais para vinte familias, cando nós estamos aplicando as bonificacións fiscais a máis de dez mil familias.

Á parte diso volve mentir de novo porque di que viu os recibos. Agora recoñece que os recibos empezan baixar. Colla o recibo do IBI e ve que a taxa baixa dun 0,758 a 0,756; o goberno baixou a taxa. Vostede di que o seu recibo pagou máis;

por que non se acolle á bonificación do 3% á que se poden acoller todos os vigueses? Porque este goberno o ano pasado aplicou unha bonificación fiscal do 3%. Que xestor espera a cidade de vostede cando non sabe xestionar o seu propio imposto municipal para deixar de pagar un 3% coma están a facer moitos milleiros de vigueses, que pagan un 3% menos gracias á actuación deste goberno?

De novo volve falar de paro, pois falemos de paro, dos 10.000 parados de Feijóo. Cales son os planes de emprego do Sr. Feijóo en Vigo? Cero. Que é o que está a facer o Sr. Feijóo en Vigo para investir e xerar emprego? Cero. Os socialistas e o Bloque si que estamos investindo e xerando emprego nesta cidade.

De novo volve falar vostede de carteis e volve dicir que os pagaron os cidadáns. Os carteis de Alcaldía que hai non os pagan os cidadáns, páganos as empresas e así aparece recollido nos pregos. Lea os pregos. Quen pagou este cartel da Deputación? Este si que o pagaron os cidadáns, non o pagou ningunha empresa, pódolle asegurar que a Orquestra Panorama non puxo nin un só duro e recoñezo que é unha orquestra que me gusta. Para un *bailongo* o Sr. Louzán gastouse miles de euros nun gran cartel. Pregúntelle vostede á Sra. Porro cantos cartos gastou neste cartel do Porto porque este tamén o pagaron os cidadáns. De onde sacou os cartos a Sra. Porro? Ou tamén este gran cartel da Xunta, xa que estamos a comparar carteis. Quen pagou? Por suposto que todos os cidadáns. Iso é o que vostedes negan.

A cuestión é que toda a cidade ten pequenos carteis da Alcaldía pero iso é gracias ós centos de obras que se están a facer cos cartos de todos os vigueses e cos cartos do Estado nesta cidade. Vostedes non fixeron nada e aí está o problema.

Vostede non pode negar e por iso non trae o carteliño, que esta cidade é a cidade con menor carga fiscal e iso débese ás actuacións que fixemos en política fiscal.

Tamén volve falarme vostede de publicidade e lémbrolle os dous millóns de euros en cartas que enviou a Sra. Porro a todos os veciños, entre eles o meu sobriño, onde anunciaba corenta mil cousas que nunca se fixeron.

Sr. Conde, estamos moi contentos con todos os investimentos que se están a

facen nesta cidade, con eses centos de rúas que se están a reformar porque tamén é saneamento. Vostedes dixeron que o saneamento estaba todo arranxado; si, ata que rebentou Colón que por certo vostedes acababan do arranxar pero iso si, só a parte de arriba. Vostedes só puxeron lousas e puxéronas no centro, esa é a diferenza. Este goberno está humanizando absolutamente toda a cidade, está reformando as beirarrúas, o saneamento, os colectores, os semáforos, absolutamente todo e por toda a cidade.

Hai unha contradición porque se vostede di que hai carteis por todas partes é que estamos a facer obras por todas partes. Pero agora di que non estamos a facer nada, en que quedamos?

As garderías están aí, foron aprobadas, son públicas. O que ocorre é que nós si cumprimos as nosas promesas a diferenza de vostedes que o que fan son cartas que a Xunta Electoral dixo que eran ilegais e que estaban gastando dous millóns de euros de todos os cidadáns en propaganda do seu partido político e que tivo que parar a Xunta Electoral.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Conde, así que os demais estamos en campaña. Non sei onde esta fin de semana xuntaron vostedes a 12.000 persoas, coido que en Silleda, para lanzamento e gloria do Sr. Feijóo cara á campaña. Non, nós estamos a traballar neste goberno municipal. Vostedes poden criticar a xestión deste goberno, teñen todo o dereito do mundo a facelo, pero o que non poden é mentir.

Hai uns minutos unha compañeira de seu mentiu e fíxoo a sabendas. Quero dicir unha cousa moi clara: non se pode dicir que este plan de migracións custou 40.000 euros. Iso é mentira. Agora lles vou pasar ós periodistas os dous RC para que vexan canto custou ese plan.

A PRESIDENCIA: Agarde un minuto, Sr. Domínguez Olveira. Acabo de escoitar ó Sr. Conde Gil falar de todo tipo de gastos e ingresos neste Concello. Se agora o Sr. Domínguez Olveira quere falar de todo tipo de gastos e ingresos está no seu dereito. Por certo está a falar de política do Concello de gastos e ingresos. Continúe, Sr. Domínguez Olveira.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Moitas gracias. Non se pode mentir e dicir que non se fixo absolutamente nada cando duplicamos o persoal para migración. Pero imos á moción.

Sr. Conde, é unha valentía política dicir subida cero dos impostos? Non, esa é a maior das covardías políticas, aínda que vostede si o esbozou: esa é a política da dereita, non subir os impostos pero si que se paguen os libros, que non haxa bolsas nos comedores escolares, que haxa copagamento e privatización na sanidade pública para que os que poden e teñen seguros privados poidan vivir. Conxelemos as pensións, como tamén fixo o Sr. Aznar, para que os seguros privados de pensións sigan para os que máis poden.

Esa é a valentía política da dereita de non subir os impostos. Non, valentía política significa dicirlles ós cidadáns que a carga fiscal ten que ser progresista porque é a única maneira de garantir a universalidade nos servizos básicos que quere a cidadanía, porque os ingresos non saen da chistera. Ó mellor noutras comunidades gobernadas polo Partido Popular si saen, ó mellor noutros concellos gobernados polo Partido Popular xa sabemos por onde saen pero en Vigo non e polo tanto, se queremos asegurarlles a estes cidadáns que todos e os que menos teñen poidan ter a súa sanidade asegurada, a súa bolsa de comedor, os seus libros de texto asegurados, se queremos que os dependentes teñan os mesmos servizos que calquera outra persoa, para facer esas políticas que si son políticas sociais hai que subir os impostos e ademais hai que gravar ós que máis teñen. Esa é a política de esquerda coa que evidentemente vostedes non coinciden.

A Sra. García falaba de 40.000 euros dun plan de migracións o que non é certo, cando a Xunta de Galicia se gasta 300.000 euros en contratar a unha empresa para facer o traballo dos funcionarios, para que lle diga á Xunta quen é quen ten que construír un hospital. Manda truco.

Logo vostedes nos falan a nós de austeridade, de non sei que gastos. Como teñen tan pouca vergonza política cando a dereita e o Partido Popular sempre estiveron a defender precisamente ós que hoxe nos meteron nesta crise? Valentía política, Sr. Conde Gil, é dicirlle ós cidadáns que todos temos que facer un esforzo, os que máis teñen máis e ese esforzo que vostedes van facer é para

estes servizos. Darllos e poñerllos a disposición de todos e todas os cidadáns. Esa é a valentía política. O outro, Sr. Conde Gil, e absoluta demagogia. Vostede hoxe aquí defende unha subida dun 0% cando a súa candidata, que estivo gobernando, nunca aplicou iso, prometeu ante notario que ía facer gratis o recibo do lixo e non foi quen. Iso é demagogia.

SR. CONDE GIL: A diferenza, Sr. Domínguez Olveira, é que nós congregamos a doce ou quince mil persoas nun sitio e vostedes non son quen nin de encher unha cafetería. O que fixeron vostedes foi que ós seus afiliados, ós que non son quen de xuntar nun sitio, colocáronnos nos *chiringuitos*.

Non me veña vostede falar de asistencias técnicas nin dos 300.000 euros porque vostedes gastaron tres millóns de euros na selección galega de fútbol que xa me dirá para que vale. Por certo, vostede foi un gran xestor para Vigo porque como director xeral de Deportes trouxo cero euros para a cidade de Vigo.

Polo menos teño que lle agradecer unha cousa porque a diferenza da súa compañeira, a Sra. Díaz, falou da moción. Algo é algo, aínda que mente. Sra. Díaz, vostede non falou da conxelación de impostos, volve ser covarde.

Por certo, o ano pasado paguei 344,72 e este ano teño que pagar 347,24. Eu a isto chámollo subir e píddolle que non se meta en como xestiono eu a miña vida porque xa se meten vostedes por exemplo coa modificación da XER en sancionar á xente que ten o cadro de instrumentos cheo de tiques, en se podemos fumar, en se podemos beber, en se podemos comer... É que os socialistas son especialistas en meterse na vida dos demais e en tentar controlala e manipulala. O que vostedes teñen que facer e baixar os impostos. Demostramos a nivel nacional, autonómico e local que cos mesmos cartos ou con menos cartos se pode xestionar mellor. O Sr. Caballero, que tanto lle gusta poñerse a chaqueta de Vigo, debía facer caso ó ilustre almirante vigués don Casto Méndez Núñez e aplicar o de que máis vale honra sen barcos que barcos sen honra. El preferiu ter goberno sen honra que honra sen goberno porque preferiu venderse a calquera prezo. Igual que fai o Sr. Zapatero que agora se vende ó PNV e rompe a unidade da caixa de todos os cidadáns. Agora un parado no País Vasco vai cobrar máis que un parado en Vigo.



Aquí se tivo unha oportunidade histórica que era o plan E, unha herdanza que tiñan para xerar 10.000 parados máis, para contratar a 370 persoas como dicía antes o meu compañeiro Sr. López-Chaves. Iso fíxoo o Sr. Caballero que é igual que Zapatero, un perigo para a cidadanía e para Vigo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de setembro, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Conde Gil, instando ao Goberno Municipal a aplicar aos impostos e taxas municipais do ano 2011 o 0% de suba, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (234).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA A QUE SE COMPROMETA A COLABORAR CO COMITÉ DE RUTAS DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE PEINADOR. DOC. 100118950.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de setembro, número 100118950 (Rexistro Pleno nº 42, do 23.09.10), o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

moción:

“Para o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, o aeroporto é unha das infraestruturas básicas da cidade pola súa influencia directa no seu desenvolvemento económico e social.

Os malos datos de tráfico de pasaxeiros e mercancías, que desgraciadamente se están convertendo en habituais, preocupan moito ós cidadáns, que ven como Peinador é agora o aeroporto que peor se comporta de todo o noroeste peninsular. Outros aeroportos van para arriba mentres o noso vai para abaixo: por exemplo o de Coruña, ó que en 2004 superábamos en 325.000 viaxeiros, no que vai de ano 2010 xa moveu 9.600 pasaxeiros máis que o de Vigo.

Mentiras tanto, as dúas partes do Goberno Municipal compiten en facer demagogia e en intentar defender a súa nefasta xestión na promoción de Peinador. Basta recordar que os 250 estudantes de Vigo que foron este ano ó Reino Unido con bolsas do Concello, saíron desde o aeroporto de Porto, o que demostra a escasa sensibilidade do Sr. Caballero con este tema.

Diante destes antecedentes, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Alcalde de Vigo a que se comprometa institucional e economicamente a colaborar co Comité de Rutas de Galicia para a promoción de Peinador con novas rutas”.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 20 de setembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: Tentaremos de dar unha pouca de luz sobre este asunto dos voos de Peinador do que tanto se fala ultimamente porque é un asunto que ten varias partes. Primeiro podemos falar dos tráficos.

Todo o mundo sabe que o aeroporto de Vigo no ano 2007 batía récords anuais, estamos falando de 1.400.000 pasaxeiros ó ano e agora, tres anos despois, non para de perder tráficos, pasaxeiros e tamén mercadorías. Perdeu 400.000 pasaxeiros e 1.000 toneladas de carga en tres anos. Descendeu un 30% o tráfico de pasaxeiros e un 60% o de mercadorías dende que o Sr. Caballero é alcalde.

Supoñemos que isto se debe a múltiples razóns, non só se debe á crise, porque a crise afecta ou debería afectar en igual medida ós outros aeroportos de Galicia, pero vemos como outros aeroportos van cara arriba mentres o noso vai cara

abaixo. Por exemplo, o aeroporto de Vigo no ano 2004 superaba ó da Coruña en 325.000 pasaxeiros ó ano; agora, tres anos despois, vemos que a Coruña xa superou ó de Vigo en máis de 10.000 pasaxeiros. Isto dáse por exemplo porque na Coruña se inviste un 166% máis ca no aeroporto de Vigo, ou porque Santiago vai inaugurar a súa nova terminal no mes de marzo e ademais abre as vinte e catro horas do día.

Aquí nos últimos nove anos tan só se fixeron dous investimentos; un foi a instalación dun sistema ILS2 para poder aterrizar con néboa e o outro foi o famoso aparcadoiro de 2.400 prazas que agardamos que se abra proximamente aínda que sexa parcialmente pero xa con tres anos de atraso.

Mentres vemos que as dúas partes do goberno municipal pelexan por saír na foto, din unha cousa pero fan todo o contrario, lévanse mal por dentro pero logo sorrín cara fóra e a verdade é que os 250 alumnos pagados polo Concello de Vigo a 2.400 euros cada un para que vaian estudar ó Reino Unido, non se lle ocorre outra cousa ó Sr. Alcalde que os enviar en autobús ó aeroporto de O Porto para que collan alí o avión a Londres. Iso é a sensibilidade e o compromiso que teñen o Sr. Alcalde e o goberno municipal para co aeroporto de Vigo e cos tres aeroportos galegos.

Por todos estes antecedentes coidamos interesante que o alcalde se comprometa de xeito inequívoco a apoiar ó Comité de Rutas que crearon o Ministerio de Fomento e Aena xunto coas cámaras de comercio, as confederacións de empresarios e os tres concellos onde hai aeroporto en Galicia, para a promoción de Peinador con novas rutas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Fidalgo, eu sei e cónstame que vostede é un home ben intencionado. Dígoos sen retranca e porque o creo, pero coido que nesta moción vostede errou totalmente o lugar onde a tiña que presentar. Errou de cheo porque un Concello como o de Vigo, e coido que vostede o sabe, non ten en absoluto competencias directas nin para facer terminais, nin para efectivamente todo iso que vostede dixo, en todo caso as ten o Ministerio e tamén a Xunta na parte que lle corresponde.

Pero vou máis aló, non as ten nin sequera nas liñas porque mire vostede, na

primeira xuntanza que eu e máis os concelleiros de Turismo das tres cidades tivemos coa secretaria xeral de Turismo da Xunta de Galicia se nos dixo claramente, nesa primeira e por certo única reunión que tivemos, que a partir dese momento as responsabilidades e as negociacións coas compañías aéreas quedaban única e exclusivamente nas mans da Xunta de Galicia, cousa que non sucedía antes.

Co anterior goberno bipartito eu reuníame practicamente todos os meses co anterior director xeral de Turismo e así foi coma elaboramos unha planificación que evidentemente cando chegaron vostedes a tiraron abaixo.

Nesa primeira e única reunión eu presenteille á secretaria xeral de Turismo as nosas necesidades e a planificación que se tiña que acometer para efectivamente axudar á potenciación do noso aeroporto. De todas esas liñas o que fixo a secretaria xeral de Turismo foi abrir dúas novas: Bruxelas e seica ó sur. Naquela reunión os tres concelleiros de Turismo puxémoslle claramente unha cuestión enriba da mesa: para que un aeroporto poida consolidar aumento de pasaxeiros, poida consolidar ese crecemento, é fundamental manter as liñas que están operando porque non vai haber crecemento mentres non haxa liñas consolidadas e así temos o exemplo de Vigo-París, unha liña que ó longo do tempo se consolida. Porque unha liña non se consolida nun ano.

Os alumnos que foron cara ó Reino Unido dende O Porto foron, Sr. Fidalgo, entre outras cousas porque a Xunta se negou a seguir subvencionando a liña Vigo-Londres. Non só iso, senón que malgasta catro millóns e medio de euros que puxo para subvencionar a unha soa compañía, Vueling, malgasta porque se eu subvenciono este ano e cando hai que ir decrecendo as subvencións para que as liñas se consoliden e os cartos públicos non teñan que estar subvencionando, logo de gastar catro millóns e medio de euros nun ano dinos agora que esas liñas remataron. Esa é a súa austeridade.

Resulta que agora se nos di por parte do Sr. Núñez Feijóo que os concellos tamén teñen que colaborar, que se comprometan a colaborar. A resposta está moi clara: en que imos colaborar? Póñanos enriba da mesa os plans que vostedes teñen para potenciar os tres aeroportos galegos e tamén loxicamente o de Vigo. Díganos vostedes que é o que queren facer.

Este Concello, polo que á miña competencia respecta, está a facer un esforzo moi importante na promoción turística desta cidade, poñendo en marcha en colaboración coa Xunta, téñoos que dicir, un plan de competitividade turística, facendo promocións por fóra das nosas fronteiras, estruturando e modernizando servizos turísticos nesta cidade. A Xunta o que ten que facer é o que ten que facer calquera goberno: planificar e dicir que é o que quere facer. Cando teñamos iso, tanto o Sr. Alcalde coma eu estudaremos na medida do posible como se pode comprometer un concello. Pero comprometerse agora mesmo, en que? Non teñen nin plan feito, nin saben en absoluto que facer cos aeroportos. Ese é o problema: non saben que facer.

SR. LÓPEZ FONT: Eu si dubido da boa fe do Partido Popular con respecto a esta cidade, dubido da boa fe dos concelleiros do Partido Popular neste Concello porque o único que están a facer é servir de ariete á política de Núñez Feijóo en contra desta cidade.

Cando se di na moción que o aeroporto é unha das infraestruturas básicas para o desenvolvemento económico desta cidade haino que demostrar cos feitos, Sr. Fidalgo, non hai que facer un sinxelo pronunciamento de que é un pilar básico. A historia de Peinador é a historia do apoio e dos compromisos dos socialistas co aeroporto de Peinador, de todos os ministros de Transporte socialistas ó longo da historia, incluído por suposto e en lugar preferente, o Sr. Caballero que hoxe é alcalde da cidade. Gustaríame que nos tres minutos que vai ter me enunciase as achegas de oito anos de goberno do Sr. Aznar ó aeroporto de Peinador.

Peinador goza do compromiso deste Concello, do alcalde e todo o que se está a realizar en Peinador é produto da xestión institucional deste goberno e en especial do alcalde. O aeroporto de Vigo ten dúas caras moi diferenciadas: a que corresponde á Xunta de Galicia cunha clara falta de apoio institucional, non subvencionando unha liña que hoxe é rendible como a de Bruxelas, non apoiando e retirando subvención á liña de Londres e non propoñendo e apoiando a apertura de novas liñas. Fronte esa parte negativa en canto achega do goberno da Xunta e de Núñez Feijóo, a achega positiva é a do goberno de España, a do ministro de Fomento, D. José Blanco, que todos os investimentos que se están

facendo no aeroporto de Vigo son produto do Ministerio de Fomento.

Sabe cal é o resultado, como se dun partido de fútbol se tratase? Goberno de España investindo 14.000 millóns de pesetas, para que o entenda mellor, Xunta de Galicia apoiando a esta cidade con cero euros como no resto dos temas.

Evidentemente confundíuse de sitio onde presentar esta moción, porque os concelleiros do Partido Popular o que lle deberían esixir ó presidente, Sr. Núñez Feijóo, é que se comprometa con esta cidade, que deixe de facer declaracións en favor desta cidade e que se comprometa economicamente.

Vostedes presumen de que o Sr. Núñez Feijóo está censado nesta cidade. É o único que fai pola cidade porque en canto a achega económica ningunha, en todo caso triplicando o que custa un hospital para llo dar ó investimento privado.

Polo tanto, Sr. Fidalgo, póñolle claramente deberes: como concelleiro do Partido Popular pídalle á Xunta de Galicia que se manteña a liña de Bruxelas, que se recupere a liña de Londres e que se abran novas liñas porque ademais, como ben se dicía antes, a Xunta de Galicia quixo levar en exclusividade a política de promoción á que vostede se refire nos aeroportos e os técnicos do Comité de Rutas din que Peinador debe ter tres liñas. Por que non apoian isto? Iso é o que está a facer o alcalde de Vigo e este goberno, comprometéndose institucionalmente tanto no Ministerio de Fomento como coa Xunta de Galicia dándolles opcións.

Logo ten o descaro político de falar do voo dos nenos das bolsas de inglés. É importante que vostedes se decaten que hai bolsas de inglés, que saiban que moitos nenos desta cidade teñen o que nunca tiveron e que por suposto non tiveron co goberno da Sra. Porro. Pero sabe vostede de onde saíron os nenos que foron coas bolsas de inglés o ano pasado cando gobernaba o Sr. Touriño? Saíron de Vigo. Esta é a diferenza: o ano no que goberna o Sr. Touriño poden saír de Vigo gracias á promoción da Xunta con respecto ó aeroporto de Vigo; cando goberna Núñez Feijóo os nenos evidentemente teñen que saír do aeroporto de Peinador.

Dánse todos os ingredientes para a potenciación do aeroporto de Peinador, é o aeroporto que ten que despegar definitivamente. Só falta o apoio da Xunta de Galicia e o compromiso do Sr. Núñez Feijóo. Cae vostede na contradición de dicir

que outros aeroportos están en mellor situación. Lavacolla capta o 50% dos seus pasaxeiros por subvencións da Xunta, Vigo só o 10%.

SR. FIDALGO IGLESIAS: O que pasa é que o alcalde lle dixo si ó Comité de Rutas porque o seu xefe político, Pepe Blanco, así o manda e logo o BNG por atrás, cos concelleiros intenta dinamitar as reunións do Comité de Rutas.

Quero que quede clara unha cousa: a Xunta de Galicia non ten ningunha competencia en materia aeroportuaria, todo o que fai é a maiores para que os tres aeroportos galegos teñan rutas que vostedes non pagan nin un euro.

Cando estaban vostedes na Xunta do goberno bipartito nin un euro para a promoción de Peinador, pero o Concello de Vigo si que facía un convenio coas aeroliñas. Agora, como cambiou o goberno na Xunta, o goberno da cidade, como é socialista, do Bloque ou bipartito, xa non colabora no financiamento das rutas. Vostedes din unha cousa por diante e logo fan outra.

O goberno do Sr. Núñez Feijóo puxo 1.700.000 euros para a promoción de Peinador e iso salientando que non ten ningunha competencia. Vostedes cando gobernaron, cero euros. Fano sempre, sempre venden fume, din unha cousa e fan outra. Cando o Sr. Caballero foi ministro de Transportes investiu tres veces máis no aeroporto da Coruña ca no de Vigo, por iso o nomearon “fillo predilecto”, faltaría máis. Ademais agora ós nenos da cidade de Vigo por se non o sabían móstranlles o camiño ó aeroporto de O Porto. Esa é a sensibilidade que ten cos aeroportos de Galicia.

Sr. López Font, non gobernaba o Sr. Touriño o ano pasado cando saíron de Vigo os nenos cara Londres, xa gobernaba o Sr. Núñez Feijóo porque foi en xullo. Si, os nenos se foron o mes de xullo.

O que buscan, queren e necesitan os cidadáns, señores do Partido Socialista que están moi nerviosos, son realidades e non maquetas, queren feitos e non palabras nin falsas promesas que diso xa están escarmentados. Se o problema, Sr. Alcalde, é que os voos vaian promocionados co cartel de Alcaldía, non se preocupe que iso o podemos solucionar.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo

municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Fidalgo Iglesias, instando á Alcaldía a que se comprometa a colaborar co Comité de Rutas de Galicia para a promoción do aeroporto de Peinador, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3.- (235).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO MUNICIPAL Á POSTA EN MARCHA DOS PUNTOS LIMPOS NA CIDADE. DOC. 100118951.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de setembro, número 100118951 (Rexistro Pleno nº 43, do 23.09.10), o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“No Plan Xeral aprobado hai dous anos, o documento reflectía 8 zonas, (Costa Castrelos, Polígono Industrial de Matamá Valladares, Carrasqueira en Coruxo, Ameal en Cabral, Cereiro en Cabral-Candeán, Lineiriños en Cabral e o Polígono Industrial de Reciclaxe en Bembrive), onde situar e instalar a infraestrutura necesaria para "Puntos Limpos"

Chegado o tempo actual, e inconcibible que a primeira cidade de Galicia non dispoña dun complexo destas características que poida ofrecer o servizo que os cidadáns demandan. É habitual atopar residuos voluminosos que non teñen cabida nos contedores da rúa.

Esta situación non pode esperar por máis tempo. A desidia do goberno actual co

-----  
S. Ordinaria 27.09.10



medio ambiente é pública e notoria; nin puntos limpos, ni contedores soterrados en condicións, nin a cidade limpa en xeral por non falar dos parques forestais e das zonas verdes.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha no menor tempo posible os puntos limpos que necesita a nosa cidade."

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 20 de setembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Presentamos esta moción porque logo de dous anos da entrada en vigor do Plan Xeral, entre todos os ámbitos que non se desenvolveron un deles é o dos puntos limpos. Os puntos limpos supoñen unha alternativa para a reciclaxe dos residuos especiais tentando evitar os vertidos incontrolados que van na contra do medio ambiente e prexudican a saúde.

No que vai de mandato o Sr. Caballero non foi quen de poñer en marcha nin un dos oito puntos limpos que contempla o Plan Xeral. O único que a cidade máis importante de Galicia ten para recoller os trastes voluminosos é un camión que pasa unha vez ó día, de luns a venres previa chamada telefónica, para recoller estes trastes voluminosos que logo unha empresa, Toysal, se encarga de xestionar. A maiores temos o colector da construción que todos coñecemos e que se utiliza para meter calquera tipo de traste, tanto colchóns, como electrodomésticos..., é dicir, non se fai unha selección.

No mes de abril o Sr. Caballero, nun xornal ó que el non acusa de mentireiro como fai con outros, indicou que se vai recoller, obrigar ou negociar un acordo coa empresa do lixo para que nunha nave se garden ou recollan todos os produtos voluminosos. Pero disto ó día de hoxe, estamos no mes de setembro, non sabemos nada. Outra mentira, outro incumprimento máis doutra promesa de D. Abel Caballero.

Esta situación que atopamos na cidade de Vigo é terceiromundista e sobre todo quen máis pagan esta situación son as parroquias que o que teñen nas súas rúas son aglomeracións de lixo nos colectores que ninguén recolle. Esta situación non

Ile preocupa a D. Abel Caballero. Hai uns estudos realizados pola OCU onde saímos mal porque somos unha das dúas únicas cidades, xunto con Badajoz, que non teñen un punto limpo onde botar os vertidos. Só hai dúas cidades así en toda España e unha delas é Vigo. Isto demostra a falta de compromiso de D. Abel Caballero coa cidade de Vigo.

Pero iso si, as fotos ó Sr. Caballero encántanlle, como lle encanta ir ó Manifesto de cidades polo clima, dar un paseo e facer unha fotografía. Vemos claramente que sae na fotografía pola súa presenza sen ter en conta ningún tipo de actuación na cidade de Vigo, iso si, vense nun autobús concienciado co medio ambiente e o que se fan son uns carteis de “Eco-condución. Alcaldía de Vigo”. Para iso si que estamos, só para o cartel e para anunciar si que estamos.

O descrédito da materia medio ambiental pola parte do Concello chega a todo. Ás árbores que nos contornos humanizados se cortan, non se volven plantar e os que se plantan se secan por falta de mantemento, abandono dos parques forestais e o descoido das rúas. Na rúa Florida, poño o exemplo, a xente está farta de chamar ó Concello e á empresa concesionaria para que limpen e o que se lle contesta é que non poden porque non teñen persoal.

Vemos como o Plan Xeral é un fracaso. Prometéranos 6.000 vivendas, un bosque de guindastres e o único que temos na cidade son os bosques reais que vostedes non coidan. Chegamos a esta situación que non se pode manter ó longo do tempo.

O que estamos solicitando é que o goberno municipal poña en marcha dunha vez por todas os puntos limpos que necesita esta cidade e que tanto reclama.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. Martiño, voulle dar a razón nunha cousa: somos a cidade máis importante que non ten punto limpo fixo; aí ten razón e por iso eu a pregunta que fago é, onde están o punto limpo que vostedes crearon? Porque vostedes gobernaron hai tres anos con Manolo Pérez... Claro, acabo de decatarme de que vostedes non crearon ningún punto limpo e non facía falta que o Plan Xeral estivese aprobado para crear o punto limpo. Pero este goberno si que actuou para os puntos limpos e foi quen creou un punto limpo móbil que non é un camiión que vai por aí, son brigadas que saen todas as noites tanto por

pedimento dos cidadáns como sen el para limpar e recoller todo aquilo que os cidadáns nos piden que lles recollamos.

Nós creamos ese punto limpo móbil e estamos poñéndoo en marcha con gran eficacia, por certo, onde se seleccionan e separan os distintos tipos de residuos. Pero ademais dese punto limpo móbil e con ese obxectivo de ter limpo iso que vostede tanto criticou de que o rural estaba sucio, creamos brigadas de proximidade que se dedican precisamente a iso, a limpar esas zonas onde se depositan os residuos, a recoller os residuos das gabias e a maleza. Neste momento temos xa unha brigada por parroquia. Cantas tiñan vostedes? Cero. Levamos xa o punto limpo móbil e brigadas por parroquias. Pero ademais hai que dicir que a Xunta deixou de recoller os trastes en Vigo. Sogama díxonos un día que se paraba e que non recollía os trastes e de súpeto, da noite para a mañá, a cidade de Vigo tivo que buscar a forma de xestionar mellor os residuos porque a Xunta se negou a recibir os residuos da cidade de Vigo.

Pero estas son só algunhas das cousas que fixemos en limpeza porque fixemos moitas cousas máis: limpeza e borrado de pintadas con novos vehículos máis eficaces, brigadas de limpa-pasquíns. Fixemos algo do que vostedes que falan tanto e non facían porque todos os contornos dos colectores nestes momentos están perfectamente limpos. Teño aquí un dossier de todas as zonas dos distintos colectores e de como quedaron logo dos limpar, logo de que pasaran polas súas mans neses tres anos de goberno.

Pero hai máis. Con respecto ás actuacións do rural, quere que lle mostre como estaba A Guía cando nós chegamos ó goberno e como quedou gracias á acción deste goberno? Pero podemos ir a outros contornos e móstrolle como estaba a estrada ó CUVI que todos os estudantes vían todos os días como estaba. Eu móstrolle como a deixaron vostedes e como a deixamos nós.

Pero non só iso, pódolle relatar moitas cousas máis que fixemos pola limpeza desta cidade. Reforzamos o servizo de limpeza do “botellón”, coordinámolo co resto de concesionarias e se vostedes remataban a limpeza do “botellón” á unha, nós estamos rematando ás dez.

Incrementamos tamén a frecuencia de recollida de envases porque lembren que a vostedes superábanlles, non recollían os envases, non recollían o reciclado. Nós

estámolo a recoller en menos de cinco días e con máis quendas de recollida. Pero tamén cambiamos os sinais das illas de reciclaxe e apostamos por un deseñador galego, por unha empresa galega para que faga esas ancoraxes. Recolocamos e redistribuímos os colectores. O servizo de porta a porta de cartón que vostedes facían só na rúa do Príncipe, nós levámolo a calquera empresa que nos pida que lle recollamos o cartón. Tamén actuamos sobre os colectores soterrados. Vostede mostroume algunha cousa, quere que lle mostre eu como estaban os colectores soterrados cando os recibimos? Como estaban todas as caixas nas que se mesturaba a electricidade coa auga? Quere que lle mostre os 100.000 euros que tivemos que gastar en colectores subterráneos que instalara había pouco a Sra. Porro nas zonas que humanizou ela no centro nada máis? Todas estas actuacións leváronnos a que neste momento Vigo sexa unha das cidades máis limpas de España. Recibimos a “Vasoira de platino”, un premio tan digno e tan importante como a mención que recibiu o alcalde polas actuacións no aeroporto de Peinador, exactamente igual. Un premio e unha mención polo que está a facer o goberno e polo que está a facer o alcalde por esta cidade. Poderíalle relatar mil actuacións máis. Melloramos o servizo de recollida de residuos no Parque das Illas Cíes, actualizamos toda a flota de maquinaria por máis de dez millóns de euros, incorporamos as varredoras tanto en quendas de mañá, tarde, como de noite porque vostedes tampouco as sacaban á rúa; compramos tractores con brazo desprazable para a limpeza no rural, estamos comprando unha máquina limpa-praias para mellorar a limpeza das nosas praias, fixemos unha campaña xunto co departamento de Seguridade para limpar todos eses puntos que vostedes deixaron.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Estou cativado con todas as mentiras que conta a concelleira. Teño aquí todas as denuncias que puxeron os veciños da rúa Florida porque non se limpan as súas rúas, Sra. Díaz.

Eu pensei que esta moción a defendería a Sra. Lago ou o Sr. Mariño, tocoulle a vostede que é a china e non se decata do que realmente estamos a falar. Estamos a falar de que Sogama tivo que aplicar unha normativa e por iso deixou de recoller os trastes voluminosos dende o 1 de setembro de 2009 que foi cando

o comunicaron.

Está claro que vostede non se decata do que pasa no seu departamento, non se decata de que efectivamente temos unha carencia total e absoluta nas parroquias. Vostede falou moito de que limpaba alí e a documentación que teño é aínda do outro día, volvíñ pasar e todo está igual e seguro que se volvo sacar outra foto está igual.

O tema que vostede relata referente a todo o que é a empresa que se encarga da limpeza paréceme estupendo, pero dixó vostede e concretamente o Sr. Alcalde que quedara coa empresa adxudicataria da limpeza en que tería unha nave para recoller os trastes voluminosos e esa nave non existe. Este é outro incumprimento máis. O Plan Xeral é un fracaso ata nos puntos limpos.

Os ámbitos dos puntos limpos non se desenvolveu ningún. Xa sei que a vostedes lles doe que lles digamos isto pero levamos sen desenvolver ningún punto limpo, ningún ámbito de equidistribución, tres edificios. Xa sei que a vostede lle doe, Sr. Mariño, que a Xerencia estea como está. Dóelles que a execución do Plan non sexa a que ten que ser. Prometéronnos vostedes moitas cousas pero reitero que o bosque de guindastres que vostedes prometeron está sen coidar.

Agardo que polo menos esta moción se aprobe xa que a xente está de acordo con ela posto que os oito puntos limpos son necesarios para a cidade.

Efectivamente somos a segunda cidade, xunto con Badajoz, que non temos un punto limpo. Temos moitas promesas, moitos incumprimentos do Sr. Alcalde que o único que fai é dicir que vai facer e logo non fai. O alcalde que presume tanto de presidir a Rede de cambio climático non fai nada polo medio ambiente.

Eu obviamente teño ben claro que a execución do Plan Xeral nesta cidade é nula e non axuda para nada a execución total disto.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

**ACÓRDASE:**

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Martiño Gómez, instando ó Goberno Municipal á posta en marcha de puntos limpos na cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

4.4.- (236).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO MUNICIPAL A REMATAR, PRESENTAR E EXECUTAR O PEP DA FORTALEZA DE SANTA MARÍA E O PLAN DIRECTOR DO MONTE DO CASTRO. DOC. 100118952.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de setembro, número 100118952 (Rexistro Pleno nº 44, do 23.09.10), a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“En xaneiro de 2008 e, de novo, un ano máis tarde, presentamos ao Pleno da Corporación mocións instando ao goberno local a definir o destino que se lle vai dar á edificación apegada as murallas do monte do Castro e a rematar, presentar e executar o Plan Director do Castro.

Dende o goberno considerouse innecesaria a petición do Grupo Popular ao entender que se estaba a traballar activamente nel.

Lembrámoslles entón a obriga dos poderes públicos ao cumprimento da normativa, tanto no recollido na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia en canto a que os concellos deben protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen non seu termo municipal; como na LOUGA.

Comprometéronse ante a cidadanía a rematar o plan director do monte do Castro, asegurando o seu afán por “poñer en valor todo o patrimonio cultural situado no monte do Castro, fixando especial atención na fortificación de Santa María”.

Para o Partido Popular é unha negligencia que, a día de hoxe, non teñamos aínda un plan de revalorización do Castro no seu conxunto, nin sequera un plan especial de protección da fortaleza, declarada Ben de Interese Cultural e que deba ser referente do patrimonio histórico de Vigo.

Os vigueses lamentan o estado da construción, cada vez máis afeada polas ruínas anexas á muralla, mentres proliferan novos proxectos para a cidade (AVE, remodelación da Praza do Rei...) máis complexos e economicamente custosos.

E por isto que o Grupo Municipal do partido Popular insta de novo ao goberno municipal a:

-----  
S. Ordinaria 27.09.10

Rematar, presentar e executar o Plan Especial de Protección da fortaleza de Santa María e o Plan Director do Monte do Castro.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 20 de setembro, ditamina favorablemente.

*A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.*

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Antes de nada quero agradecer o ton da concelleira á hora de presentar esta proposta porque está mañá oímos tantas veces as palabras “covardía” e “mentira”, como xa teño dito nalgunha que outra ocasión, non sei se iso dende o punto de vista do debate político ten moito interese, coido que as cousas se poden presentar e discutir doutra maneira e non deste xeito que máis parece unha lea de galos e galiñas e outros animais, que posturas de políticos que teñen que responder perante a cidade.

Como ben dicía a concelleira, a fortaleza do Castro e Ben de interese cultural dende hai moitos anos, é un dos primeiros da cidade. Tamén o é a protección integral do propio Castro, non só por este Plan Xeral senón mesmo polo Plan Xeral anterior. O que acontece como tantas outras veces é que os papeis sosteñen case todo. Aguantan plans xerais, aguantan definicións moi grandilocuentes pero a dura realidade é que á altura do ano 2008 tiñamos o primeiro xacemento da cidade, onde esta naceu, completamente esquecido e abandonado. Había nenos e mesmo persoas maiores que pensaban que eran os restos dunha edificación prohibida polo Concello. Ninguén sabía o que tiñamos alí.

Foi precisamente este goberno municipal, debo dicir que a miña antecesora e non eu que cheguei escasamente hai ano e pouco, quen xa en 2008 propuxo a recuperación deste depósito arqueolóxico do que foi o nacemento da cidade.

A día de hoxe hai que dicir que neste caso batemos bastantes récords que agora non lle vou lembrar e que ben sabe a concelleira, pero o máis importante de todo foi que fomos quen de poñer en marcha a revalorización dun ben extraordinario

para a cidade, cun investimento no ano 2009 de máis dun millón de euros e que a día de hoxe, logo da súa apertura en febreiro deste ano, ten conseguido máis de 22.000 visitantes. Estamos falando polo tanto da recuperación dun depósito arqueolóxico urbano, neste caso do nacemento da cidade, co maior nivel de visitas de todos os que se fan e se fixeron en Galicia nos últimos anos.

Tamén a día de hoxe seguimos investindo neste proxecto con máis de 80.000 euros no contorno do depósito e, como logo tamén comentará a compañeira Sra. Díaz, un investimento moi considerable en todo o proceso de recuperación do monte do Castro no seu conxunto.

É certo que o contorno da muralla require un tratamento específico. En varias ocasións persoalmente falei co actual director xeral e estabamos de acordo en que era un traballo moi importante a facer. Como todo o mundo saberá e mesmo saíu filtrado nalgún medio de comunicación nos últimos meses, a propia Xunta de Galicia no seu momento solicitou un informe de avaliación do plan de protección que como tamén saben houbo algunhas discusións nas súas conclusións e hoxe está en fase de revisión por parte da consellería.

Seguimos mantendo o diálogo permanente coa consellería. Queremos saber que é o que opina nalgún aspectos que parecen dubidosos pero é imprescindible que este plan que temos que presentar aquí, e nese sentido imos apoiar a moción, teña a aquiescencia e o apoio económico da Xunta de Galicia.

De nada vale traer un novo proxecto que non contemple ese financiamento imprescindible para o futuro da cidade e dese amurallamento. De non ser así dificilmente podemos acometer o resto das obras nun momento de crise coma o que temos. Ese compromiso económico imos solicitalo á Xunta de Galicia en varias xuntanzas que teremos nos próximos meses e coido que vai beneficiar á cidade e estou seguro de que o Partido Popular e a concelleira estarán dispostos a presentar.

Imos apoiar esta moción, ese é o noso obxectivo e nos próximos meses presentarase.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Como moi ben dicía o concelleiro de Patrimonio Histórico, son moitas as actuacións que levamos neste goberno no monte do Castro, tanto



dende o punto de vista arqueolóxico como medioambiental. Eu vou citar só algunhas das cousas que se levan feito por parte do departamento de Parque e Xardíns no monte do Castro, como sempre co obxectivo de recuperar o valor medioambiental para o seu goce e uso por todos os cidadáns.

Melloramos os xardíns no interior da muralla, realizamos plantacións substituíndo árbores que non eran do noso contorno por árbores que si o son. Neste momento xa levamos 70 árbores substituídos. Tamén realizamos tratamentos funxicidas, consolidamos camiños, formamos gabias, impermeabilizamos fontes, melloramos a ornamentación das rotondas, repuxemos especies arbustivas, remodelamos o noiro da ladeira norte, colocamos valos de madeira, retiramos cachopas de árbores que se cortaran en anos anteriores e que estaban aínda alí, adecuamos os vestiarios dos viveiros municipais segundo a normativa de seguridade e saúde porque os que vostedes nos deixaron non cumprían esa normativa, remodelamos todas as plataformas de plantación dos viveiros axustándoas ó cultivo de plantas máis adecuadas a unha xardinería sostible.

Neste momento estamos procedendo á remodelación dos dous parques infantís, estamos xa creando un parque para os maiores, estamos realizando melloras no espazo para bicicletas, está xa aprobado e listo para comezar un plan E para toda a mellora do Castro que supón 500.000 euros. Pero todas estas melloras das que lle falei supoñen un total de 800.000 euros. Isto é o que leva investido este goberno en termos medioambientais e en parques e xardíns no monte do Castro. Son máis de 130 millóns de pesetas entre parques infantís, distintas remodelacións, replantación de árbores.

Quero que me diga o Partido Popular canto investiu no monte do Castro porque nos deixou un monte coas especies sen recuperar, co viveiro que non cumpría as garantías de seguridade, as fontes que perdían auga por todas partes, as plantacións sen plantar, as especies sen cubrir, non realizaron nin unha soa plantación de céspede e todo o labor que se fixo no Castro foi precisamente nestes últimos anos, non nos anos do goberno do Partido Popular.

Polo tanto xa fixemos máis de 130 millóns de pesetas de investimento no monte do Castro fronte ós cero euros que vostedes fixeron. E a esta cantidade habería que sumar o que xa citou o concelleiro de Patrimonio Histórico só destinado á

recuperación dos restos arqueolóxicos.

Non hai ningún goberno que poida dicir que actuou máis no Castro do que estamos actuando este goberno de forma conxunta e consensuada, entre as propostas do concelleiro de Patrimonio Histórico e da concellería de Parques e Xardíns. O monte do Castro é moi importante para os vigueses. Os nenos van alí andar en bicicleta, os maiores van pasear, os nenos van ó parque. Queremos facer un parque para todos e imos instalar elementos biosaudables para maiores. Estamos mellorando a pista para bicicleta, imos asfaltar e mellorar toda a subida e o contorno perimetral e tamén imos facer mellores espazos para os nosos cativos porque o que queremos é que un dos pulmóns da nosa cidade, o monte do Castro, non estea abandonado coma o tiñan vostedes e sexa un dos principais montes da nosa cidade.

SRA. LARRIBA LEIRA: Quero saber se alguén dos presentes escoitou algo en relación do a fortaleza de Santa María do Castro. Dúas intervencións, do BNG e do PSOE, e ningún deles fixo ningunha mención ó que se di na primeira parte da miña moción. É a terceira moción que se presenta neste Pleno para pedir que se cumpra a lei. A lei obriga a que, precisamente porque a fortaleza está declarada como BIC, o Concello ten a obriga de redactar un plan especial de protección desa fortaleza pero ninguén fala disto, o que sen dúbida quere dicir que seguen na confrontación e que non teñen claro o que queren facer, por iso obvian enfrontar este tema e falan de xardíns e de bambáns.

O que si está claro e hai que salientar é que precisamente a intervención na recuperación do Castro é sen dúbida unha das mellores intervencións que se fixeron e que está a dar moi bos froitos, pero curiosamente a fortaleza nin se menciona. É a demanda dos veciños, o que están a dicir do deterioro terrible do edificio apegado ás muralla que as afea, con tres incendios, as cubertas derrubadas, as fiestras rotas e as plantas entrando no interior, ratos, *okupas*... Ninguén fala diso. A xente que se achega ó miradoiro da fortaleza asómase e mira iso. O miradoiro fundamental sobre o casco vello e sobre o Berbés queda totalmente tapado por unha construción en ruínas e vostedes non falan diso.

Eu diríalles que falasen cos veciños e que lles preguntasen que é o que botan en

falla do Castro. O que ocorre é que no Castro xa non están os veciños, perdeu esa unidade coa cidade e converteuse nun aparcadoiro en superficie. Esa é a realidade. Quen vai pasear polo Castro?

Pido que sexan fieis cos compromisos que adquiriron en 2008 de presentar un plan especial do Castro e tamén un plan director para o que tiñan 200.000 euros e para o que dicían que ían contratar a un arquitecto de recoñecido prestixio. Que foi dese cartos? Que foi dese plan que ían presentar no ano 2008? Nada de nada, esa é a realidade.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

**ACÓRDASE:**

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Larriba Leira, instando ó Goberno Municipal a rematar, presentar e executar o PEP da fortaleza de Santa María e o plan director do Monte do Castro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### **4.a. MOCIÓNS URXENTES:**

4.a.1. (237).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO DIRIXIRSE Ó MINISTERIO DE FOMENTO EN RELACIÓN CON DIVERSOS EXTREMOS DAS OBRAS DO AVE. DOC. 100123491.

**ANTECEDENTES.-** Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de setembro, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

“Nas últimas semanas estamos a vivir con preocupación a situación laboral de máis de 350 traballadores que realizaban o seu labor na construción do túnel do AVE As Maceiras-Vigo. Nunha xuntanza con representantes deste colectivo puidemos comprobar a súa preocupación diante da falta de noticias, informacións e concrecións sobre o seu futuro laboral. Traballadores que foron despedidos con argumentacións nada claras, por un lado técnicas, por outro de recortes

orzamentarios e, o que é máis grave, ao día de hoxe non saben cal vai ser a súa situación nos vindeiros meses.

Dende o BNG pensamos que é urxente que tanto o Ministerio de Fomento como as empresas adxudicatarias das obras clarifiquen dunha vez por todas:

- 1.- O compromiso claro da volver colocar a todos os traballadores que foron despedidos.
- 2.- A explicación sobre o que ten acontecido (paralización das obras, despedimentos...) e así mesmo a concreción dos novos prazos que o Ministerio de Fomento contempla para a realización destas obras.

Outra cuestión sobre a que os traballadores amosaron a súa preocupación foi o incumprimento dos seus dereitos laborais, das medidas de seguridade que se están a aplicar nas obras, así como o xeito de contratación que en moitos casos se efectúa e que na realidade leva á contraditoria situación de que máis do 80% dos traballadores contratados non son de Vigo nin da comunidade autónoma galega.

ACORDO:

Diante desta situación o BNG presenta o seguinte acordo de resolución:

- 1.- A Corporación municipal insta ao Ministerio de Fomento para que informe claramente de cal é a situación actual dos traballadores despedidos, así como do compromiso de volver dar emprego a todos e cada un dos que foron despedidos.
- 2.- Instar ao Ministerio de Fomento a que obrigue ás empresas adxudicatarias a cumprir a normativa laboral vixente, así como a garantir as medidas de seguridade nas obras, de acordo coa representación sindical dos traballadores.
- 3.- Solicitar así mesmo a que presente un calendario claro dos prazos de execución do proxecto."

*A proposta da Presidencia, débátese conxuntamente a urxencia co fondo da moción.*

DEBATE.- SR. ALONSO PÉREZ: Dado que está convocada a folga xeral para o día 29, esta fin de semana unha emisora facía unha emisión especial falando do nacemento da revolución industrial e do nacemento e do papel dos sindicatos. Os participantes neste programa dicían que afortunadamente en aspectos coma a loita pola redución das horas de traballo estaban superados. Unha das razóns do nacemento do sindicalismo foi a reivindicación de oito horas diarias de traballo e

nese debate dicía que habería que ir a Camboya ou Vietnam para ver xornadas de traballo coma as que se facían no século XIX.

Pois ben, no túnel de Maceiras en Vigo estanse facendo xornadas de traballo de trece horas, incumprindo toda a normativa laboral. Coido que paga a pena reflexionar as condicións nas que moitas veces se está traballando aquí.

*Deseguido o Sr. Alonso Pérez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.*

SR. LÓPEZ FONT: En relación co problema que presenta o BNG sobre a obra do túnel de Maceiras, dende a Alcaldía sempre se realizaron xestións para coñecer a situación na que nos atopamos e fíxose o seguimento de coñecer esa situación e propoñer que se volvesen continuar de inmediato as obras pero coido que por parte do BNG hai certo descoñecemento sobre a situación producida.

Teño que lembrar que o día 7 de setembro a parlamentaria do BNG, dona Olaia Fernández, presentou unha solicitude de comparecencia no Parlamento á que se contestou no mesmo día dende o Ministerio de Fomento aclarando en primeiro lugar que non estabamos ante ningunha paralización da obra, senón que estabamos ante o remate da primeira fase e que o que se ía poñer en marcha era a segunda fase, polo tanto coido que hai que situar os termos na súa xusta dimensión no sentido de que se debe lembrar que o túnel previsto inicialmente era de cinco quilómetros, amplíase a oito quilómetros e iso é o que posibilita que haxa unha segunda fase.

O ministro de Fomento contestou puntualmente á parlamentaria do Bloque Nacionalista Galego que a adxudicación do novo tramo tería lugar nos próximos días e que recaerá na mesma empresa que realizou a primeira fase polo que continuarán os mesmos traballadores que estaban anteriormente. Insisto en que todo isto dentro do cumprimento dos prazos da obra.

Reiterando a preocupación do goberno e en primeiro termo do alcalde que sei que realizou múltiples consultas co Ministerio de Fomento a fin de coñecer en que situación estábamos, nós apoiaremos a moción porque coido que é o que fixo o Ministerio de Fomento dende o primeiro momento, pero si queremos

puntualizar en base ó que facilitou o Ministerio, o que dixen anteriormente: que estamos nunha segunda fase, que se axilizaron moito os trámites que permiten adxudicala á mesma empresa e polo tanto os traballadores non é que fosen despedidos, senón que sinxelamente rematou a primeira fase. Estes traballadores van ser recolocados e van ser os que participen na segunda fase deste túnel.

Coido que esta é unha parte que, se ben podemos reiterar dende o Concello, en honor á verdade debemos dicir neste Pleno que xa está cumprido por parte do Ministerio de Fomento. A obra do túnel para a entrada do AVE á cidade, a pesar do que prognosticaban moitos agoireiros dos bancos de enfronte, xa é unha realidade, xa o poden ver todos os cidadáns e mesmo se iniciou a obra da saída das tuneladoras do AVE na rúa Urzáiz.

Por todo isto, a pesar das risas e dos comentarios, o AVE estará na cidade de Vigo, teremos nova estación aínda que xa vexo que isto molesta moito ós concelleiros do Partido Popular que prometeran unha churrascada pero o que si é certo é que o compromiso do ministro de Fomento con esta cidade e co seu alcalde mantense e coido que, se ben é certo que debemos manifestar a preocupación sobre a situación destes traballadores, non é menos certo que os cidadáns de Vigo comprobaban que o AVE vai chegar a esta cidade, que as tuneladoras, a pesar dos impedimentos que puxo a Xunta de Galicia cando houbo unha avaría nunha delas, son unha realidade e ese é o mellor exemplo de que a cidade de Vigo está cumprindo con todos os sonos e todas as demandas que tiña hai anos e polas que o Partido Popular non fixo absolutamente nada.

Entendo que a problemática dos traballadores está resolta pero a pesar diso votaremos favorablemente a moción no sentido de que se concrete por parte de Fomento o que afirmo que xa está concretado en sede parlamentaria e que forma parte do compromiso permanente do goberno de Madrid.

SR. FIGUEROA VILA: En primeiro lugar unha cuestión de orde: se se quere cumprir o regulamento do Pleno, voulle ler o artigo 6 no que pon "Asuntos urxentes": É a proposta referente a expedientes de tramitación ordinaria ou mocións que se somete directamente ó coñecemento do Pleno unha ven concluído o exame dos

asuntos da parte resolutiva da orde do día e antes de pasar á parte de control. Polo tanto esta moción teríamos que tela tratado nese punto 6º de asuntos urxentes.

En calquera caso non imos ser nós quen imos facer disto unha cuestión de discusión pero é o que hai.

Tamén nos sorprende que esta moción se poida presentar coma asunto urxente cando está debatida en medios de comunicación, en todos os foros nas últimas semanas ou meses e o que máis nos sorprende de todo é que unha vez máis parece que unha parte do goberno parece que non se decata do que pensa a outra parte. Non sei para que serven as Xuntas de Goberno que deberían ser para tratar os temas que van na orde do día pero tamén sería conveniente que o goberno, no seu conxunto, fixera debates dos temas importantes da nosa cidade e o aclarasen antes de traer unha proposta concreta ó Pleno da Corporación.

Xa non é só o Partido Popular quen está a denunciar a paralización desta obra, é que se está a enganar á cidadanía. Alégranos que o BNG, que forma parte do goberno desta cidade, tamén reivindique e tome posición claramente sobre os antecedentes e a situación da entrada do AVE na cidade de Vigo.

Parece que todos, menos o Partido Socialista e o Sr. Alcalde, sabemos o que está pasando ou polo menos o intuimos ou temos dúbidas do que pasa con esta obra. Despediuse a uns traballadores e non pasa absolutamente nada; agora din que é unha primeira e unha segunda fase.

Sr. Font, non é primeira nin segunda fase; é unha paralización pura e dura da obra por un recorte presupostario. Esa é a realidade e o que lle teñen que dicir vostedes á cidadanía e non enganala. Os sindicatos están dicíndoo publicamente, os traballadores que están na obra tamén e resulta que nesta cidade os únicos que non se decatan do que pasa con esta obra son o Alcalde e o Partido Socialista.

O Sr. Alcalde prometeu o AVE no ano 2012 e xa sabemos todos que é totalmente imposible que o treito do AVE por Cerdedo a Madrid chegue a esta cidade no ano 2012. Criticóusenos e mesmo se nos acusou de manipular unha cinta que está a disposición de todos os cidadáns e sábeno porque a coñecen todos os medios de comunicación. Tampouco se decataron vostedes diso senón que mentiron e

enganaron á cidadanía.

Sr. Font, non nos sorprende en absoluto o seu discurso, que vostede diga agora que o problema é que hai unha primeira e unha segunda fase. Imos votar esta moción a favor, alegrámonos que unha parte do goberno empece a darse conta do que a outra parte do goberno nega e coido que vai sendo hora xa de que o Partido Socialista polo menos diga a verdade porque xa a sabe toda a cidadanía, os traballadores, os sindicatos, os responsable políticos, todos os técnicos do Ministerio de Fomento cos que puidemos ter contacto, mesmo o din os directores de obra e aquí hai unha conclusión moi clara: a obra da entrada das tuneladoras do AVE en Vigo está paralizada única e exclusivamente por unha cuestión presupostaria, recortes presupostarios ós que vostedes chaman primeira e segunda fase.

Por iso despediron ós traballadores e por iso os traballadores agora están a reivindicar algo que nos parece xusto e razoable. Que se diga a verdade que é esta: a entrada a Vigo das obras do túnel do AVE paralizadas por recortes presupostarios. Isto é o que teñen que dicir á veciñanza de Vigo para que o saiban.

Por isto imos apoiar esta moción.

SR. ALONSO PÉREZ: En primeiro lugar dicir que o BNG ten perfecto coñecemento do que está a acontecer dende o inicio da obra e sempre nos preocupou. A razón fundamental da urxencia é que onte ou antonte chamaron a algúns traballadores dende que se parou a primeira tuneladora no mes de agosto, para que comparezan o día 13. Por iso hai unha incerteza dos outros douscentos e pico que aínda non chamaron de cal é a súa situación.

Fomento non aclarou os prazos e por iso se pide que o faga, pero tamén o que teñen que facer as administracións nesta obra é colaborar. Os traballadores dentro do túnel están a padecer trece horas diarias de traballo pero coñecen o proceso de como solucionar problemas. Entre a Xunta e o Ministerio de Fomento estiveron a pelexar para ver se para desatascar o problema que tiña a tuneladora era necesario poñer explosivos ou non, cando os traballadores, pola súa experiencia noutros túneles, sabían que se podía facer a man como se fixo.



O BNG ten información e o que pide é que as administracións colaboren e aclarar estes aspectos e que se cumpra a normativa laboral, que se discuta cos traballadores porque é un aspecto que para o BNG tamén ten importancia. Non pode ser que se fagan trece horas de xornada diaria. Se realmente é unha obra urxente hai que facela respectando as condicións de traballo e de contratación.

En todo caso cremos que nin os traballadores nin a sociedade teñen claro os prazos e Fomento ten que aclaralo porque hai esa incerteza xa que só están chamando a unha minoría dos que pararon os traballos da primeira tuneladora no mes de agosto.

**VOTACIÓN DA URXENCIA:** Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

**ACÓRDASE:**

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando dirixirse ó Ministerio de Fomento en relación con diversos extremos das obras do AVE, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

**5.- (238).- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**6.- (239).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas, da que se redacta a presente acta; como secretaria dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M<sup>ª</sup> Concepción Campos Acuña.